



ANEXOS



ANEXO I : AVALIACIÓN ECONÓMICA

COSTE OBRAS URBANIZACIÓN

PASAXE	URBANIZACIÓN PIP		14.901.136,32	14.901.136,32
1	MOVIMIENTO DE TIERRAS		4.101.392,15	4.101.392,15
300.001	M2	Despeje y desbroce.	235.850,000	0,27 63.679,50
320.002	M3	Excavación tierra vegetal.	105.260,200	1,21 127.364,84
E003013	M3	Excavación en desmonte no clasificado.	346.110,700	4,01 1.596.089,50
330.002	M3	Terraplenado tierras propias.	386.819,830	1,56 693.954,77
330.003	M3	Terraplenado tierras préstamo 20 Km.	182.860,570	6,33 1.157.507,41
E004120	M1	Saneamiento relleno de vaguadas.	385,000	326,32 125.633,20
E040253	M3	Hormigón HM-20 en limpieza y nivelación.	218,661	87,28 19.084,73
P001485	M3	Muro de mampostería	7.005,008	44,54 318.078,20
2	AFIRMADO Y PAVIMENTACIÓN		1.637.975,48	1.637.975,48
510.001	M3	Zahorra artificial ZA (25)	14.722,065	13,20 194.331,26
530.001	Tn	Emulsión ECI en riego de imprimación.	61,044	230,90 14.095,06
531.001	Tn	Emulsión ECR-1D en riego adherencia.	29,828	220,30 6.571,11
533.001	Tn	Gravilla artificial empleada en riego.	591,659	15,03 8.892,63
542.001	Tn	Mezcla bituminosa caliente AC 22 bin 50/70 S, excluído betún.	7.582,550	21,79 192.226,67
542.009	Tn	Mezcla bituminosa caliente AC 32 base 50/70 G, excluído betún.	2.133,384	22,20 47.361,12
535.001	Tn	Betún B-50/70 mezclas bituminosas.	381,170	318,00 121.212,06
543.002	Tn	Mezcla bituminosa discontinua caliente BBTM 11A BM-3b, excluído betún.	3.352,730	23,55 78.956,79
544.002	Tn	Betún modificado BM-3b 55/70.	167,637	427,39 71.646,38
544.005	M1	Bordillo prefabricado de doble capa, dimensiones 35x15.	11.171,550	15,96 178.297,94
P001932	M1	Bordillo rebasable para formación de isletas	712,220	17,03 12.129,11
E011118	M1	Rigola baldosa 20x20x8.	1.810,830	15,02 27.198,67
571.002	M2	Acera formada por pavimento de hormigón de 15 cm.	18.078,740	24,30 439.313,38
E011401	M2	Pavimento en hormigón HP-4.0	3.195,370	15,80 50.486,85
U04VQ015	M2	Pav celosía horm. recto gris 60x40x10	2.134,740	29,25 62.441,15
P001524	M2	Pavimento de suelo cemento en aceras y sendas	1.004,940	10,37 10.421,23
301.012	M2	Demolición de firmes y pavimentos	35.568,450	2,07 73.626,69
P001852	M2	Pavimento loseta táctil	392,410	38,39 15.064,62
601.200	M2	Pavimento adoquín de hormigón 10x20x8 cm.	858,340	32,80 28.153,55
U15CAT020	M3	Extendido de tierra vegetal.	1.041,780	1,86 1.937,71
UJSS30ac	M2	Hidrosiembra.	3.472,600	1,04 3.611,50

3	DRENAJE DE AGUAS PLUVIALES		1.306.603,59	1.306.603,59
3.1	Red interior de drenaje de aguas pluviales		952.743,32	952.743,32
3.2	Canalización de drenaje		88.100,60	88.100,60
3.3	Estanques de retención		244.763,37	244.763,37
3.3.1	Estanques		200.953,43	200.953,43
3.3.2	Obra civil		43.809,94	43.809,94
3.4	Separadores Hidrocarburos		20.996,30	20.996,30
3.4.1	Separador de hidrocarburos tipo 1		10.673,30	10.673,30
3.4.2	Separador de hidrocarburos tipo 2		10.323,00	10.323,00
4	SANEAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES		645.723,38	645.723,38
4.1	Red interior de saneamiento de aguas residuales		446.680,17	446.680,17
4.2	Pozos de bombeo		199.043,21	199.043,21
4.2.1	Pozo de bombeo nº 1		14.746,22	14.746,22
4.2.1.1	Obra civil		3.064,14	3.064,14
4.2.1.2	Impulsiones		916,04	916,04
4.2.1.3	Equipos		10.766,04	10.766,04
4.2.2	Pozo de bombeo nº 2		15.582,95	15.582,95
4.2.2.1	Obra civil		3.070,22	3.070,22
4.2.2.2	Impulsiones		2.136,70	2.136,70
4.2.2.3	Equipos		10.376,03	10.376,03
4.2.3	Pozo de bombeo nº 3		44.977,88	44.977,88
4.2.3.1	Obra civil		17.296,57	17.296,57
4.2.3.2	Impulsiones		6.205,24	6.205,24
4.2.3.3	Equipos		21.476,07	21.476,07
4.2.4	Pozo de bombeo nº 4		42.564,18	42.564,18
4.2.4.1	Obra civil		20.466,73	20.466,73
4.2.4.2	Impulsiones		3.851,57	3.851,57
4.2.4.3	Equipos		18.245,88	18.245,88
4.2.5	Pozo de bombeo a EDAR		81.171,98	81.171,98
4.2.5.1	Obra civil		22.109,12	22.109,12
4.2.5.2	Impulsiones		6.788,03	6.788,03
4.2.5.3	Equipos		51.724,45	52.274,83
5	ABASTECIMIENTO DE AGUA, RIEGO E HIDRANTES		775.602,82	775.602,82
5.1	Red interior		483.598,45	483.598,45
5.2	Conexión exterior a red de abastecimiento		142.330,69	142.330,69
5.3	Depósito de regulación		119.368,87	119.368,87

5.4	Cámara de llaves	30.304,81	30.304,81
5.4.1	Obra Civil	10.528,79	10.528,79
5.4.2	Equipos	19.776,02	19.776,02
6	EDAR	996.032,51	996.032,51
6.1	Obra civil	426.679,27	426.679,27
6.1.1	Movimiento de tierras	57.974,57	57.974,57
6.1.2	Conducciones	26.444,00	26.444,00
6.1.4	Pretratamiento, desarenado y desengrasado	20.833,92	20.833,92
6.1.5	Reactor biológico	130.967,74	130.967,74
6.1.6	Desinfección y bombeo de riego	8.887,05	8.887,05
6.1.7	Pozo bombeo de fangos y sobrenadantes	24.533,03	24.533,03
6.1.8	Decantador secundario	42.133,22	42.133,22
6.1.9	Espesador y tolva de fangos	2.427,92	2.427,92
6.1.10	Edificio industrial	81.721,59	81.721,59
6.1.11	Urbanización de la parcela	30.756,23	30.756,23
6.1.10.1	Viales, aparcamientos y zonas de paso	15.641,37	15.641,37
6.1.10.2	Cerramiento	8.754,86	8.754,86
6.1.10.3	Jardinería	6.360,00	6.360,00
6.2	Equipos mecánicos	406.477,98	406.477,98
6.2.1	Pretratamiento, desarenado y desengrasado	92.711,67	92.711,67
6.2.2	Reactor biológico y aireación	52.062,40	52.062,40
6.2.3	Decantador secundario	32.363,04	32.363,04
6.2.4	Desinfección	52.933,73	52.933,73
6.2.5	Bombeo de recirculación, purga de fangos y vaciados	27.363,74	27.363,74
6.2.6	Espesado de fangos	36.051,44	36.051,44
6.2.7	Deshidratación de fangos	108.095,95	108.095,95
6.2.8	Bombeo de agua de servicio	4.896,01	4.896,01
6.3	Equipos eléctricos y de control	122.920,54	122.920,54
6.3.4	Cuadros eléctricos	46.995,33	46.995,33
6.3.5	Cableado y canalizaciones	28.564,55	28.564,55
6.3.6	Servicios generales	12.576,82	12.576,82
7.3.6.1	Alumbrado exterior	5.921,82	5.921,82
7.3.6.2	Alumbrado interior	6.271,71	6.271,71
7.3.6.3	Fuerza	383,29	383,29
6.3.7	Puesta a tierra	5.455,31	5.455,31
6.3.2	Centro de media tensión	29.328,53	29.328,53
6.4	Varios	39.954,72	39.954,72
6.4.1	Instrumentación	8.952,02	8.952,02

6.4.2	Equipos de seguridad	888,97	888,97
6.4.3	Automatización EDAR	30.113,73	30.113,73
7	ETAP	544.248,44	544.248,44
7.1	Obra civil	110.073,98	110.073,98
7.1.1	Movimiento de tierras	4.790,51	4.790,51
7.1.2	Conducciones	872,99	872,99
7.1.3	Edificio	54.062,85	54.062,85
7.1.4	Urbanización	11.213,50	11.213,50
7.1.5	Depósito de agua tratada	31.780,52	31.780,52
7.1.6	Depósito agua filtrada y limpieza de filtros	7.353,61	7.353,61
7.2	Equipos mecánicos	340.335,12	340.335,12
7.2.1	Mezcla-Floculación-Decantación primaria	198.050,00	198.050,00
7.2.2	Filtrado	78.418,09	78.418,09
7.2.3	Otros	57.489,60	57.489,60
7.3	Equipos eléctricos y de control	72.599,33	72.599,33
7.3.1	Instrumentación	27.415,13	27.415,13
7.3.2	Cuadros eléctricos	31.629,33	31.629,33
7.3.3	Cableado y canalizaciones	2.605,43	2.605,43
7.3.4	Servicios generales	9.912,70	9.912,70
7.3.4.1	Alumbrado interior	5.920,21	5.920,21
7.3.4.2	Fuerza	231,02	231,02
7.3.4.3	Alumbrado exterior	3.761,47	3.761,47
7.3.5	Puesta a tierra	1.036,74	1.036,74
7.4	Calderería	21.240,01	21.240,01
8	RED DE MEDIA TENSIÓN Y BAJA TENSIÓN	2.541.932,97	2.541.932,97
8.1	LMT aéreo	44.793,13	44.793,13
8.2	LMT subterráneo interior	846.301,27	846.301,27
8.2.1	Obra eléctrica	483.415,79	483.415,79
8.2.2	Obra civil	347.495,93	362.885,48
8.3	LMT Subterráneo acometida exterior	213.997,13	213.997,13
8.3.1	Obra civil	122.907,25	122.907,25
8.3.2	Obra eléctrica	91.089,88	91.089,88
8.4	RBT aéreo	24.637,04	24.637,04
8.4.1	Obra eléctrica	24.637,04	24.637,04
8.5	RBT subterráneo	128.328,60	128.328,60
8.5.1	Obra eléctrica	4.372,53	4.372,53
8.5.2	Obra civil	123.956,07	123.956,07
8.6	CT superficie	742.901,20	742.901,20



8.6.1	Obra eléctrica	742.901,20	742.901,20
8.7	CT subterráneo	62.032,57	62.032,57
8.8	Proyecto genérico AT	478.942,03	478.942,03
9	ALUMBRADO	805.173,11	805.173,11
10	INFRAESTRUCTURA DE TELECOMUNICACIONES	606.754,91	606.754,91
11	SEÑALIZACIÓN, BALIZAMIENTOS Y DEFENSAS	59.267,85	59.267,85
11.1	Señalización horizontal	14.811,77	14.811,77
11.2	Señalización vertical	44.456,08	44.456,08
12	BIENES Y SERVICIOS AFECTADOS	74.380,98	74.380,98
12.1	Restitución del cauce del río Zamáns	25.240,11	25.240,11
12.2	Soterrado de tubería de abastecimiento en pontella	18.648,17	18.648,17
12.3	Servicios urbanos afectados	30.495,30	30.492,70
13	VARIOS	92.058,14	92.058,14
14	GESTIÓN DE RESIDUOS	125.815,23	125.815,23
15	IMPREVISTOS	526.729,88	526.729,88
16	SEGURIDAD Y SALUD	61.444,88	61.444,88



COSTE OBRAS URBANIZACIÓN AMBITO COMPLETO

Concepto	TOTAL	Ratio sup. Industrial
1 MOVEMENTO DE TERRAS	4.101.392.15 €	11.57 €/m2 b
2 AFIRMADO E PAVIMENTACIÓN	1.637.975.48 €	4.62 €/m2 b
3 DRENAXE DE AUGAS PLUVIAIS	1.306.603.59 €	3.69 €/m2 b
4 SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS	645.723.38 €	1.82 €/m2 b
5 ABASTECIMENTO DE AUGA, REGO E HIDRANTES	775.602.82 €	2.19 €/m2 b
6 EDAR	996.032.51 €	2.81 €/m2 b
7 ETAP	544.248.44 €	1.54 €/m2 b
8 REDE DE MEDIA E BAIXA TENSION	2.541.932.97 €	7.17 €/m2 b
9 ALUMADO	805.173.11 €	2.27 €/m2 b
10 TELECOMUNICACIÓNS	606.754.91 €	1.71 €/m2 b
11 SINALIZACIÓN E BALIZAMENTO	59.267.85 €	0.17 €/m2 b
12 BENS E SERVIZOS AFECTADOS	74.380.98 €	0.21 €/m2 b
13 VARIOS	92.058.14 €	0.26 €/m2 b
14 GESTIÓN DE RESIDUOS	125.815.23 €	0.36 €/m2 b
15 IMPREVISTOS	526.729.88 €	1.49 €/m2 b
16 SEGURIDADE E SAÚDE	61.444.88 €	0.17 €/m2 b
TOTAL PEM - PIP	14,901,136.32 €	42.1 €/m2 b
	Base	%
Gastos xerais	2,896,750.65	13%
Beneficio industrial	2,896,750.65	6%
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (SEN IVE) - PIP	17,732,352.22 €	50.0 €/m2 b

COSTE OBRAS URBANIZACIÓN POLÍGONO 1

Concepto	FASE 1: Importe total	Ratio sup. Industrial
1 MOVEMENTO DE TERRAS	91.107.11 €	0.80 €/m2 b
2 AFIRMADO E PAVIMENTACIÓN	375.369.71 €	3.27 €/m2 b
3 DRENAXE DE AUGAS PLUVIAIS	495.715.72 €	4.35 €/m2 b
4 SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS	142.293.20 €	1.25 €/m2 b
5 ABASTECIMENTO DE AUGA, REGO E HIDRANTES	146.553.34 €	1.28 €/m2 b
6 EDAR	0.00 €	0.00 €/m2 b
7 ETAP	308.536.75 €	2.70 €/m2 b
8 REDE DE MEDIA E BAIXA TENSION	758.215.28 €	6.65 €/m2 b
9 ALUMADO	217.296.68 €	1.90 €/m2 b
10 TELECOMUNICACIÓNS	180.946.89 €	1.59 €/m2 b
11 SINALIZACIÓN E BALIZAMENTO	19.423.43 €	0.17 €/m2 b
12 BENS E SERVIZOS AFECTADOS	59.812.43 €	0.52 €/m2 b
13 VARIOS	38.445.16 €	0.34 €/m2 b
14 GESTIÓN DE RESIDUOS	43.803.08 €	0.38 €/m2 b
15 IMPREVISTOS	0.00 €	0.00 €/m2 b
16 SEGURIDADE E SAÚDE	19.231.87 €	0.17 €/m2 b
TOTAL PEM - PIP	2,896,750.65 €	25.39 €/m2 b
	Base	%
Gastos xerais	2,896,750.65	13%
Beneficio industrial	2,896,750.65	6%
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (SEN IVE) - PIP	3,447,133.27 €	30.22 €/m2 b

COSTE OBRAS URBANIZACIÓN POLÍGNO 2

Concepto	FASE 2: Importe total	Ratio sup. Industrial
1 MOVIMIENTO DE TERRAS	4.010.285.04 €	16.69 €/m2 b
2 AFIRMADO E PAVIMENTACIÓN	1.262.605.77 €	5.25 €/m2 b
3 DRENAXE DE AUGAS PLUVIAIS	810.887.87 €	3.37 €/m2 b
4 SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS	503.430.18 €	2.10 €/m2 b
5 ABASTECIMENTO DE AUGA, REGO E HIDRANTES	629.049.48 €	2.62 €/m2 b
6 EDAR	996.032.51 €	4.15 €/m2 b
7 ETAP	235.711.69 €	0.98 €/m2 b
8 REDE DE MEDIA E BAIXA TENSION	1.783.717.69 €	7.42 €/m2 b
9 ALUMADO	587.876.43 €	2.45 €/m2 b
10 TELECOMUNICACIÓNS	425.808.02 €	1.77 €/m2 b
11 SINALIZACIÓN E BALIZAMENTO	39.844.42 €	0.17 €/m2 b
12 BENS E SERVIZOS AFECTADOS	14.568.55 €	0.06 €/m2 b
13 VARIOS	53.612.98 €	0.22 €/m2 b
14 GESTIÓN DE RESIDUOS	82.012.15 €	0.34 €/m2 b
15 IMPREVISTOS	526.729.88 €	2.19 €/m2 b
16 SEGURIDADE E SAÚDE	42.213.01 €	0.18 €/m2 b
TOTAL PEM - PIP	12,004,385.67 €	49.96 €/m2 b
	Base	%
Gastos xerais	2,896,750.65	13%
Beneficio industrial	2,896,750.65	6%
	1,560,570.14	
	720,263.14	
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (SEN IVE) - PIP	14,285,218.95 €	59.45 €/m2 b



ANEXO II - Resolución de non sometemento a AAE



ECAM-1149

XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A.
 Unidade Territorial Zona Sur
 Praza Maruja Mallo, 1 – 1º
 36206 VIGO (Pontevedra)

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
 REGISTRO DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 15/04/2014 10:55:30

SAÍDA 4683 / RX 277535



OFICIO

DECISIÓN DE NON SOMETEMENTO A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Nome do plan: Modificación do proxecto sectorial do polígono industrial da Pasaxe

Situación: concellos de Gondomar e Vigo (Pontevedra)

Órgano promotor: Xestur Pontevedra

Expediente: 2014AAE1677

Código web: 1628/2014

Achégolle unha copia compulsada da decisión sobre a non necesidade de sometemento a avaliación ambiental estratéxica relativa á Modificación do proxecto sectorial do polígono industrial da Pasaxe, nos concellos de Gondomar e Vigo.

Remítolle tamén unha copia dos comentarios e informes recibidos durante o período de consultas ao que se someteu o documento de inicio (DI) e que corresponden aos seguintes organismos:

- Augas de Galicia
- Subdirección Xeral de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais
- Instituto de Estudos do Territorio
- Concelleiro da corporación municipal de Gondomar
- Combustibles del Noroeste, S.A.
- Industrias Ferri, S.A.
- Maderas Daniel Tapia, S.L.

 **EC14-1149**
21/04/2014
 Xestión do Solo de Galicia - Xestur S.A

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2014


 Carlos Calzadilla Bouzón

Subdirector xeral de Avaliación Ambiental



DECISIÓN DE NON SOMETEMENTO A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Nome do plan: Modificación do proxecto sectorial do polígono industrial da Pasaxe
Situación: concellos de Gondomar e Vigo (Pontevedra)
Órgano promotor: Xestur Pontevedra
Expediente: 2014AAE1677
Código web: 1628/2014

ANTECEDENTES

1. O día 05.05.2011 o Consello da Xunta de Galicia aprobou definitivamente o *Proxecto sectorial do polígono industrial da Pasaxe*. Na súa tramitación foi obxecto de avaliación ambiental estratéxica, sendo emitida a correspondente memoria ambiental o 13.04.2011.
2. O día 11.03.2014 recibíuse na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas un escrito do coordinador da zona sur de Xestur Galicia no que comunica o inicio da tramitación da *Modificación do proxecto sectorial do polígono industrial da Pasaxe*, nos concellos de Gondomar e Vigo, e achega un documento de inicio para que se determine se debe someterse ou non ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.
3. Como paso previo a adoptar a decisión sobre o sometemento ao proceso de avaliación ambiental, o documento de inicio foi exposto ao público interesado por un prazo de vinte días naturais na páxina web desta Consellería, o cal finalizou o 01.04.2014. Consultouse ao mesmo tempo aos membros do Consello Galego de Medio Ambiente e a outras administracións públicas.


CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A modificación dun proxecto sectorial de incidencia supramunicipal debe ser obxecto do proceso de avaliación ambiental previsto na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, cando así o decida o órgano ambiental, segundo establece o artigo 5.e da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia. A decisión deberá ser motivada, pública e axustada aos criterios establecidos no anexo II da dita Lei 9/2006, do 28 de abril.
2. A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental é o órgano competente para a tramitación dos procedementos en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo indica o Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características da modificación

Ámbito de actuación: polígono industrial da Pasaxe, cunha superficie de 586.947 m². Está situado na parroquia de Vincios, no Concello de Gondomar, e en moita menor proporción no Concello de Vigo, na parroquia de Valadares.





Obxecto:

- Flexibilizar a execución do proxecto sectorial e modificar o seu modelo de xestión para garantir a súa viabilidade
- Incluír no ámbito do polígono unhas parcelas próximas ao río Zamáns.

Proposta:

- Desenvolver o ámbito do polígono en catro fases, as dúas primeiras para urbanizar o solo industrial máis consolidado e as outras dúas para desenvolver a zona de nova implantación industrial ao tempo que se integran algunhas parcelas preexistentes.
- Modificar a delimitación do polígono no entorno próximo ao río Zamáns para incluír no ámbito tres naves que fican na zona inundable, de xeito que se reduce a zona de protección do río ata abranguer a zona de fluxo preferente e a zona de servidume. Proponse ademais demoler a canalización do río existente na parcela dunha das naves afectadas (estación de servizo) e restituír as marxes ao seu estado natural.

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O polígono empresarial da Pasaxe desenvolveuse á marxe do planeamento e carece dos servizos básicos axeitados (abastecemento de auga, saneamento, subministro eléctrico, viario) para o desenvolvemento da actividade industrial e empresarial. Como resultado produciuse unha perda dos valores ambientais na área afectada.

Na actualidade trátase dun ámbito transformado na súa maior parte polas máis de 80 empresas instaladas, agás unha ampla zona de uso forestal (13 ha aprox.) situada no nordeste que, coa modificación prevista do proxecto sectorial, quedaría inserida na última fase (4) de desenvolvemento do polígono empresarial.



GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL

Santiago, 15 ABR. 2014



O polígono atópase na conca alta do río Zamáns, linda polo leste con este río e queda un tramo inserido na zona verde. Polo oeste do ámbito discorre o rego Calvo, curso temporal de pouca entidade e tributario do Zamáns.

Non se insiren no ámbito, nin nas súas proximidades, espazos naturais protexidos.

3. Período de exposición pública e consultas do documento de inicio

Durante o período de consultas recibíronse as observacións e suxestións que se resumen a continuación (os textos íntegros enviaranse ao órgano promotor, agás o do Servizo de Montes que se transcribe completo):

O Servizo de Montes da provincia de Pontevedra informa que, segundo a súa base de datos, no ámbito do proxecto sectorial insírese o monte veciñal en man común propiedade da comunidade de Vicios e que, segundo os usos do solo que constan no Sixpag, existen zonas con masas forestais. A devandita comunidade de montes ten un proxecto de ordenación en proceso de aprobación no que non aparece dita parcela.

A Subdirección Xeral de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais, da Consellería do Medio Rural e do Mar, informa que:

- Os concellos de Vigo e Gondomar foron declarados como zonas de alto risco de incendios forestais pola Orde do 18 de abril de 2007 polo que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal.
- O planeamento de novas urbanizacións e edificacións para uso industrial que resulten estremeiras con monte ou con zonas de influencia forestal deberán respectar unha serie de medidas de prevención contra os incendios previstas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Segundo os datos dispoñibles para os anos 2010, 2011 e 2012, non se detectou ningún incendio forestal na zona de actuación.

O Servizo de Planificación da Paisaxe, dependente do Instituto de Estudos do Territorio, sinala que a modificación do proxecto sectorial introduce melloras en canto á integración paisaxística do polígono pero non produce efectos paisaxísticos significativos.

O Servizo de Planificación e Programación Hidrolóxica, de Augas de Galicia, manifesta que:

- As actuacións a desenvolver afectan ao río Zamáns (cód. 311006). Débense identificar todos os leitos e correntes naturais existentes no ámbito da modificación reflectindo na documentación gráfica e no texto das ordenanzas as zonas de protección; deberanse respectar as zonas de servidume (5 metros) e policía (100 metros), regulando os usos permitidos, os que necesitan autorización e os usos posibles. Destacar que en todos os ríos sinalados así como en calquera outro curso fluvial de menor entidade que discorra pola zona, serán de aplicación a normativa e lexislación de augas, tendo plena vixencia as prescricións establecidas para o dominio público hidráulico.
- No caso de ser necesario a utilización de recursos hídricos, deberase xustificar a orixe da auga coa que se vai abastecer e o volume do incremento de consumo previsto. Neste sentido o Plano hidrolóxico de Galicia-costa (PHGC) establece unhas dotacións que deberán ser tidos en conta.
- Na zona non se atopa ningún espazo protexido.
- Calquera actuación debe contemplar as solucións do saneamento propostas. Indicarase o sistema de saneamento que se propón e o tratamento previsto para o vertido con indicación, no seu caso, da proposta de localización das instalacións necesarias e a reserva de solo ao efecto. Indicarase o destino do vertido das augas residuais e a súa posible afección sobre a calidade



das augas do medio receptor. Lembrar a prohibición expresa de realizar calquera vertido directo ou indirecto fóra da rede de saneamento municipal (no caso de que exista) agás autorización expresa da administración hidráulica. Cabe destacar que para o desenvolvemento de solo industriais, como é o caso, o seu saneamento deberá facerse a través dunha depuradora propia. En todo caso calquera vertido ao dominio público hidráulico deberá contar coa preceptiva autorización.

- Deberase considerar a incidencia espacial dos efectos inducidos polas alteracións do réxime hidrolóxico e da calidade da auga. No desenvolvemento das diferentes actuacións asociadas a este proxecto deberase xustificar a non incidencia da actuación no réxime de correntes, así como a non afección a terceiros como consecuencia da alteración das escorrentas que comportaría o cambio de uso proposto identificando as zonas con potencial risco de asolagamento. Na documentación que se achega recollese que a zona de actuación afecta a zona inundable do río Zamáns, indicar que a zona de fluxo preferente que figura no documento de inicio non foi validada por Augas de Galicia e non coincide coa achegada con anterioridade polo promotor a este organismo de conca.
- Lémbrese que, en todo caso, esta modificación do proxecto sectorial deberá someterse a informe de Augas de Galicia segundo o establecido no artigo 39 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

Un concelleiro da corporación municipal de Gondomar expón que as consecuencias ambientais que se poden derivar dunha mala xestión das augas residuais do polígono poden ser dunha gravidade extrema, non entanto, o documento sometido a consultas é ambiguo ao respecto. Polo tanto, considera necesario que o promotor aclare e detalle o sistema de saneamento previsto (tipo de augas residuais que van ser tratadas na nova EDAR, tipo de EDAR e tratamentos que vai ter, localización do punto de vertido, etc.).

A empresa Combustibles del Noroeste, S.A., expón que discrepa coa delimitación do ámbito incorporado ao proxecto sectorial do polígono industrial con respecto á exclusión da estación de servizo e demais instalacións auxiliares (lavado de coches) situadas no entorno próximo ao río Zamáns. Sinala que estas instalacións forman un todo unitario de explotación, o cal debería implicar a súa completa inclusión na nova delimitación do ámbito.

A empresa Industrias Ferri, S.A., expón que se debería modificar o lindeiro nordeste do ámbito do proxecto sectorial para ampliálo co solo que delimita un viario de acceso ao polígono.

A empresa Maderas Daniel Tapia, S.L., advirte de diferenzas detectadas en determinadas parcelas do ámbito en relación á superficie e identificación dos titulares.



Asdo.: José Manuel Mirás Pulleiro





4. Efectos ambientais previsibles

Con esta modificación do proxecto sectorial preténdese establecer o desenvolvemento do polígono industrial da Pasaxe en varias fases (catro) para garantir a súa viabilidade, ao tempo que se modifica a zona de protección do río Zamáns co obxecto de manter en funcionamento tres naves.

As tres naves cos seus elementos auxiliares ocupan parte da zona inundable do río Zamáns (avenida con período de retorno de 100 e 500 anos), tendo elo previsibles efectos sobre o réxime hidrolóxico e a calidade das augas. Na modificación do proxecto propóñense medidas para evitar e corrixir os efectos ambientais adversos, porén estas medidas deberán ser valoradas convenientemente polo órgano sectorial competente en materia de augas.

Por outra banda, o normal funcionamento do parque empresarial na situación actual provoca episodios de contaminación de acuíferos e riscos para a saúde polo abastecemento, mais co desenvolvemento das actuacións contempladas no proxecto sectorial débese corrixir e reverter esta situación.

Así pois, considerando os criterios establecidos no anexo II da Lei 9/2006 do 28 de abril, conclúese que coa modificación do proxecto sectorial non se agardan efectos ambientais significativos. Non obstante, con respecto ao recurso hídrico, lémbrese a necesidade de que o proxecto se desenvolva cumprindo estritamente as determinacións que formule a administración hidráulica competente (Aguas de Galicia).

Tendo en conta todo o indicado, ACORDO:

1. Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica a *Modificación do proxecto sectorial do polígono industrial da Pasaxe*, situado nos concellos de Gondomar e Vigo, sen prexuízo dos informes e autorizacións que sexan preceptivos de conformidade coa normativa sectorial aplicable.
2. Darlle publicidade a esta decisión no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Avaliacion_ambiental da avaliación ambiental estratéxica de plans e programas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.
3. Notificarlle esta decisión ao órgano promotor.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2014



Justo de Benito Basanta
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
DILIXENCIA: Para facer constar que a presente
fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

Santiago, 15 ABR. 2014

Asdo.: José Manuel Méndez Palleiro

ASUNTO: OBSERVACIÓNS PARA A ELABORACIÓN DO DOCUMENTO DE REFERENCIA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DA PASAXE, NO CONCELLO DE GONDOMAR

PETICIONARIO: SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL

Código: 1628/2014

Clave: 2014AAE1677

Con data 12 de marzo de 2014, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, de acordo ao aprobado no Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible do 1 de decembro de 2006, remitiu a comunicación da apertura do prazo para o envío de comentarios á elaboración do documento de referencia da Modificación puntual do Proxecto Sectorial do Polígono Industrial da Pasaxe, para dar cumprimento ao requirimento de consulta para a elaboración do documento de referencia establecido no artigo 9 da Lei 9/2006.

Analizouse o documento de inicio da avaliación ambiental estratéxica dende o punto de vista da afección ao réxime e aproveitamento das augas continentais, aos usos permitidos en terreos do dominio público hidráulico e nas súas zonas de servidume e policía, ás zonas asolagables e aos vertidos.

Actualmente, a documentación básica de planificación hidrolóxica particularizada para Galicia-Costa está constituída polo Plan Hidrolóxico Galicia Costa (PHGC) aprobado polo Real Decreto 1332/2012 do 14 de setembro e que pode ser descargado na páxina web www.planhidroloxigoc.com; así mesmo pode consultarse a información básica xeorreferenciada do PHGC no visor XIS: <http://visorgis.cmati.xunta.es/dhgc/>

Deste xeito, resulta necesario que no desenvolvemento desta modificación do proxecto se contemplen os seguintes aspectos:

1 Identificación da rede fluvial

O ámbito de actuación encádrase dentro do ámbito competencial do vixente PHGC da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa xestionada por Augas de Galicia, concretamente no Sistema de Explotación Nº1: Río Verdugo, ría de Vigo e Ría de Baiona.

No referente as masas de auga existentes no ámbito da modificación, definidas segundo os criterios da Directiva Marco da Auga –DMA- e que constitúen as unidades básicas de xestión para o seguemento e control do estado das augas, atópanse as seguintes:

- masa de auga superficiais:

Río de Zamans (Encoro) (ES.014.NR.311.006.01.01)

- masa de auga subterránea:

O Morrazo-Pontevedra-Vigo-Baiona (014.001)

En canto á rede hidrográfica nesta zona, a actuacións a desenvolver no ámbito da modificación afecta ao río de Zamanes, codificado no PHGC como 311006

Débense identificar todos os leitos e correntes naturais existentes no ámbito da modificación reflectindo na documentación gráfica e no texto das ordenanzas as zonas de protección; deberanse respectar as zonas de servidume (5 metros) e policía (100 metros), regulando os usos permitidos, os que necesitan autorización e os usos posibles.

Destacar que en todos os ríos sinalados así como en calquera outro curso fluvial de menor entidade que discorra pola zona, serán de aplicación a normativa e lexislación de augas, tendo plena vixencia as prescricións establecidas para o dominio público hidráulico.

2 Disponibilidade de recursos hídricos

No caso de ser necesario a utilización dos recursos hídricos, deberase xustificar:

- a orixe da auga co que se vai abastecer o incremento de consumo previsto, indicando os datos de caudal, punto de toma e sistema de captación.
- o volume do incremento de consumo previsto, baseándose nun estudo das necesidades en función do destino do novo consumo.

Neste sentido o Plano hidrolóxico de Galicia-Costa establece unhas dotacións que deberán ser tidos en conta no desenvolvemento do proxecto.

3 Espazos naturais e zonas sensibles

No Plan Hidrolóxico Galicia-Costa, recóllese o Rexistro de Zonas Protexidas, no que se inclúen todas as zonas que fosen declaradas obxecto dunha protección especial en virtude dunha norma comunitaria específica, relativa á protección das súas augas superficiais ou subterráneas ou á conservación dos hábitats e das especies que dependen directamente da auga.

Na zona da modificación non se atopa ningún espazo protexido.

4 Mantemento dos obxectivos de calidade e medioambientais no medio receptor

Calquera actuación debe contemplar as solucións do saneamento propostas. Indicarase o sistema de saneamento que se propón e o tratamento previsto para o vertido con indicación, no seu caso, da proposta da ubicación das instalacións necesarias e a reserva de solo ao efecto.



Indicarase o destino do vertido das augas residuais e a súa posible afección sobre a calidade das augas do medio receptor.

Lembrar a prohibición expresa de realizar calquera vertido directo ou indirecto fóra da rede de saneamento municipal (no caso de que exista) agás autorización expresa da administración hidráulica.

Cabe destacar que para o desenvolvemento de solo industriais, como é o caso, o seu saneamento deberá facerse a través dunha depuradora propia.

En todo caso calquera vertido a Dominio Público Hidráulico deberá contar coa preceptiva autorización de vertido.

5_ Incidencia das actuacións no réxime de correntes

Deberase considerar a incidencia espacial dos efectos inducidos polas alteracións do réxime hidrolóxico e da calidade da auga.

No desenvolvemento das diferentes actuacións asociadas a este proxecto deberase xustificar a non incidencia da actuación no réxime de correntes, así como a non afección a terceiros como consecuencia da alteración das escorrentas que comportaría o cambio de uso proposto identificando as zonas con potencial risco de asolagamento.

Na documentación que se achega recollese que a zona de actuación afecta a zona inundable do río Zamáns, indicar que a **zona de fluxo preferente que figura no documento de inicio non foi validada** por Augas de Galicia e **non coincide** coa achegada polo promotor ante o Organismo de Conca con anterioridade.

Salientar que tal e como se establece no Plano hidrolóxico, será preciso ter en conta as prescricións recollidas nos artigos 42-43, no caso de que a zona de actuación estea nunha zona con risco de asolagamento ou se a propia actuación producise novas zonas asolagables.

En todo caso, na ordenación urbanística que se desenvolva nestas zonas cun risco potencial significativo de inundacións deberanse recoller de forma concreta o risco de inundación e facer o desenvolvemento adoptando as limitacións necesarias para minimizar os efectos negativos das inundacións sobre as persoas, os bens e o medio ambiente, e limitando especialmente os usos en zona de fluxo preferente.

Ademais no desenvolvemento que se propoña deberase reducir ao mínimo posible a impermeabilización do solo de cara a minimizar os efectos negativos, mediante a utilización de técnicas de drenaxe urbana sostible, para o que deberán seguirse as recomendacións propostas nas Instrucións técnicas para obras hidráulicas en Galicia, que están dispoñibles na páxina web de Augas de Galicia: <http://augasdegalicia.xunta.es/gl/ITOHG.htm>



6_ Normativa aplicable con relación á planificación e á xestión dos recursos hídricos

Será de aplicación en todo caso a lexislación vixente de augas, a saber:


- Texto refundido da Lei de augas, aprobado polo RDL 1/2001, do 20 de xullo
- Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo RD 849/1986, do 11 de abril e modificado polo RD 606/2003, do 23 de maio e polo RD 9/2008, do 11 de xaneiro e polo RD 1290/2012, do 7 de setembro.
- Plan hidrolóxico de Galicia-Costa -PHGC- aprobado polo RD1332/2012 do 14 de setembro e polo RD 1290/2012 de 7 de setembro.
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.

Ademais deberá terse en conta as recomendacións establecidas nas Instrucións técnicas para obras hidráulicas en Galicia, nos aspectos relacionados co deseño das redes de abastecemento e saneamento, que están dispoñibles na páxina web de Augas de Galicia: <http://augasdegalicia.xunta.es/gl/ITOHG.htm>

Recórdase que en todo caso a modificación puntual obxecto de estudo deberá ser sometida a informe de Augas de Galicia atendendo ao establecido no artigo 39 da Lei 9/2010 do 4 de novembro.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2014

A enxeñeira de camiños, canles e portos
do Servizo de Planificación e
Programación Hidrolóxica



Sonia Botana Soto

Conforme

O subdirector xeral de Programación e Proxectos
P.S. Res. Director de Augas do 27/08/2013
O subdirector xeral de Xestión do Dominio
Público Hidráulico



Roberto Arias Sánchez





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR
 Secretaría Xeral de Medio Rural
 e Montes

San Lázaro, s/n
 15781 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Tfno. 981 5460108 Fax. 981 546 101
 mediorural.montesgalicia@xunta.es

galicia

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
 REXISTRO XERAL
 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 01/04/2014 13:16:51

SAÍDA 30652 / RX 225344




OFICIO

Asunto: observacións ao documento de inicio da "Modificación do proxecto sectorial do polígono industrial da Pasaxe" (1628/2014)

Con motivo da apertura do prazo de consulta pública do documento de inicio da "Modificación do proxecto sectorial do polígono industrial da Pasaxe", como paso previo a adoptar a decisión sobre o seu sometemento ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, dende a Subdirección Xeral de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais, se realizan a seguintes consideracións:

- Os concellos de Vigo e Gondomar foron declarados como zonas de alto risco de incendios forestais pola Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal.
- O artigo 23 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, establece que "As novas instalacións destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais e as vivendas vinculadas a estas, así como as novas urbanizacións e edificacións para uso residencial, comercial, industrial ou de servizos resultantes da execución de plans de ordenación urbanística que afecten zonas de monte ou de influencia forestal, e que non teñan continuidade inmediata coa trama urbana e que resulten estremeiras con monte ou con zonas de influencia forestal, terán que cumprir coas seguintes medidas de prevención:
 - Asegurar a existencia dunha faixa perimetral de protección de 30 metros de largo dentro da mesma propiedade, arredor da urbanización, edificación ou instalación, computada desde o límite exterior da edificación ou instalación destinada ás persoas, libre de vexetación seca e coa masa arbórea rareada, que en ningún caso conterà especies da disposición adicional terceira, consonte os criterios que se establecerán mediante orde da consellaría competente en materia forestal.
 - Nas zonas de alto risco de incendio, será necesario adoptar medidas especiais de autoprotección pasiva da edificación ou da instalación fronte a posibles fontes de ignición procedente de incendios forestais.



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
 REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 04/04/2014 14:16:33

ENTRADA 5112 / RX 297037



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR
 Secretaría Xeral de Medio Rural
 e Montes

San Lázaro, s/n
 15781 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Tfno. 981 5460108 Fax. 981 546 101
 mediorural.montesgalicia@xunta.es

galicia

- No caso de urbanizacións e edificacións para uso industrial deberán dispoñer de xeito perimetral dunha rede de hidrantes homologados para a extinción de incendios ou, na súa falta, de tomas de auga, de acordo co que se estableza regulamentariamente.
 - Presentar ante a Administración municipal un proxecto técnico de prevención e defensa contra incendios forestais que garanta o cumprimento do que establece esta lei e a normativa que a desenvolva, así como o cumprimento do plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, se é o caso.
- O artigo 50 da Lei 43/2003, de 21 de novembro, de montes, modificada pola Lei 10/2006, de 28 de abril, prohíbe o cambio de uso forestal ao menos durante 30 anos nos terreos incendiados. Na cartografía dispoñible para os anos 2010, 2011 e 2012 non se detectou ningún incendio forestal na zona de actuación. Debido a que no ano 2013 non se pechou a estatística, habería que agardar ao peche para realizar a antedita comprobación.



Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2014

Subdirección Xeral de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais

Miguel Angel Cela González

SUBDIRECCIÓN XERAL DE AVALIACIÓN AMBIENTAL
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
 SAN LÁZARO S/N, SANTIAGO DE COMPOSTELA





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
 Instituto de Estudos do Territorio

Edificio Administrativo San Lázaro s/n
 15781 Santiago de Compostela




CONTESTACIÓN A CONSULTA NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Expediente IET: P-14-077

Plan ou programa: Modificación do proxecto sectorial do polígono industrial da Pasaxe

Concellos: Gondomar e Vigo (Pontevedra)

Promotor: Xestur Pontevedra



A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental somete a consulta do Instituto de Estudos do Territorio o documento de inicio da **Modificación do proxecto sectorial do polígono industrial da Pasaxe**, a fin de adoptar unha decisión sobre se este instrumento debe someterse ou non ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, de conformidade coa Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

En virtude do punto dous da disposición adicional segunda do *Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio*, e do artigo 13 do *Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*, o Instituto de Estudos do Territorio asume as competencias en materia de paisaxe, que se encadran no marco da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

A modificación ten por finalidade programar o desenvolvemento do proxecto sectorial en varias fases, modificar o sistema de xestión co obxectivo de garantir a súa viabilidade e incluír na ordenación tres naveas próximas ao río Zamáns. No ámbito do río eliminarase unha canalización e reducirase a superficie industrial, ampliando a zona de protección e recuperando o estado natural da zona de servidume. Por tanto a modificación introduce melloras en canto á integración paisaxística do polígono pero non produce efectos paisaxísticos significativos.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2014

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

Visto e conforme, o director do Instituto de Estudos do Territorio

Jose Luis Álvarez Vicente




Manuel Borobio Sanchiz



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS.
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es



**TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDIMIENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL
ESTRATÉXICA**

Nome do plan: **Modificación do proxecto sectorial do polígono industrial da Pasaxe**
Situación: **concellos de Gondomar e Vigo**
Órgano promotor: **Xestur Pontevedra**
Expediente: **2014AAE1677**
Código web: **1628/2014**

Antonio Araújo Quintas, veciño de Gondomar con domicilio na Avda. do Conde nº21, con DI nº36.032.724-G, na súa condición de concelleiro da Corporación Municipal de Gondomar, membro do grupo nacionalista da mesma, en relación co expediente arriba indicado, en fase de exposición pública, por medio deste escrito, presenta seguinte **ALEGACIÓN**, sobre o recollido na devandita documentación.

Saneamento de augas residuais


O sistema de saneamento do Polígono Industrial de Pasaxe, como xa se facía para o P.Sectorial, plantéxase coma un sistema completamente separativo, dotado dunha EDAR propia para a depuración de augas residuais. Para as distintas fases se estudiará o tratamento de maneira que quede garantido en todo momento.

Así reza na documentación exposta ao público no que se refire ao tratamento previsto para as augas residuais, unha cuestión básica a ter en conta xa que estamos a falar dun polígono industrial ubicado practicamente na cabeceira do río Zamáns, e polo tanto, as consecuencias medio ambientais que se poden derivar dunha mala xestión das mesmas poden ser dunha gravidade extrema.

A proposta recollida sobre este asunto, queda ao noso entender excesivamente ambigua, pois non se aclara que tipo de augas residuais van ser tratadas na nova EDAR, que tipo de EDAR e que tratamentos vai ter, etc, e a onde van ser vertidas as augas tratadas: se van ir directamente ao río ou a rede xeral de saneamento municipal.

Por todo isto, **SOLICITO** se tome en consideración a presente alegación no sentido de clarificar o exposto no parágrafo anterior, incluso especificando que tipo de vertidos quedará prohibido tratar na futura EDAR.

En Gondomar, a 19 de marzo de 2014.


Asdo.: Antonio Araújo Quintas.

S. X. Avaliación Ambiental	
REGISTRO INTERNO	
27 MAR. 2014	
ENTRADA	S A I D A
1100	Nº



A LA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E
INFRAESTRUTURAS

TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉGICA

Nome do plan: Modificación do proxecto sectorial do polígono industrial da Pasaxe
Situación: concellos de Gondomar e Vigo
Órgano promotor: Xestur Pontevedra
Expediente: 2014AAE1677
Código web: 1628/2014

D. MANUEL GONZÁLEZ ALONSO, con D.N.I. núm. 36.010.667-G, en nome y representación de la mercantil **COMBUSTIBLES DEL NOROESTE, S.A.**, con C.I.F. A-36.686.723, y domicilio a efecto de notificaciones en el Polígono Industrial A Pasaxe-Vincios, Carretera de Gondomar-Vincios, km. 12, 36316, Gondomar, ejerciendo dicha representación en calidad de administrador único, cargo para el que he sido nombrado como resulta de la documentación que se une al presente, comparezco y

DIGO


- I. Que, promovida la modificación del proyecto sectorial del polígono industrial de A Pasaxe por Xestur Pontevedra, se somete el documento de inicio al trámite de consulta pública, antes de determinar el órgano ambiental si debe someterse o no al procedimiento de evaluación ambiental estratégica (en adelante, EAE).
- II. Así pues, dentro del plazo de veinte días naturales establecido, interesa al derecho de mi representada formular las siguientes

ALEGACIONES

Primera. Sobre el interés legítimo que ostenta mi representada.

Mi representada ostenta un interés legítimo y directo en la tramitación de la modificación del proyecto sectorial del polígono industrial de A Pasaxe.

En efecto, mi representada, la entidad **COMBUSTIBLES DEL NOROESTE, S.A.**, es aludida en el epígrafe 6.3 *Actualización do Estudo de inundabilidade do río Zamáns* del Documento de Inicio, puesto que con motivo de la tramitación del proyecto sectorial del polígono industrial de A Pasaxe formuló alegaciones dirigidas a la inclusión en el ámbito proyectado de la estación de servicio y demás instalaciones complementarias de las que es titular, afirmaciones que ahora, a la vista de lo actuado por la Administración



se muestran evidentes ya que se reconoce que la estación de servicio queda fuera de la zona inundable.

Es más, disconforme con la delimitación finalmente aprobada que excluyó las referidas instalaciones del ámbito, mi representada mantiene en estos momentos un procedimiento judicial, Procedimiento Ordinario nº 4310/2011 en trámite ante la Sección Segunda de la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, cuyo objeto es el proyecto sectorial del polígono industrial de A Pasaxe aprobado por el Consello de la Xunta de Galicia, por acuerdo de 5 de mayo de 2011, por las evidentes discrepancias sobre su contenido y alcance.

La tramitación de la presente modificación no hace más que poner en evidencia el flagrante error padecido por la Administración en la delimitación del ámbito incorporado al proyecto sectorial del polígono industrial de A Pasaxe aprobado por el Consello de la Xunta de Galicia, por acuerdo de 5 de mayo de 2011 pues, desde el momento en que hizo pública su tramitación, la mercantil representada presentó cuantas alegaciones consideró oportunas, todas ellas conducentes a acreditar el error de la decisión adoptada con respecto a la exclusión de la estación de servicio y demás instalaciones auxiliares.

En primer lugar, la estación de servicio fue construida contando con las preceptivas autorizaciones y licencias que, si bien fueron posteriormente anuladas, demuestran una situación diametralmente distinta al del resto de las naves industriales y actividades que allí radican y que fueron edificadas al margen del planeamiento y carentes de los títulos administrativos habilitantes.

Esta realidad no puede obviarse, por lo que si aparecía justificada la tramitación del proyecto sectorial para regularizar el asentamiento industrial allí existente y surgido al margen de la legalidad, con mayor razón debiera incorporarse la estación de servicio a su delimitación por cuanto dicha instalación fue construida al amparo de los títulos administrativos habilitantes.

En suma, las instalaciones de mi representada tienen características urbanísticas homogéneas con las incluidas en el proyecto sectorial, convirtiéndose en una sinrazón su exclusión, pues es evidente la interrelación e interdependencia de la estación de servicio con el resto de las actividades emplazadas en el proyecto sectorial, compartiendo accesos y sistemas generales.

- Deberán someterse a autorización previa da Consellería competente en materia de patrimonio cultural as seguintes actuacións, o cal deberá reflectirse na normativa:
 - A urbanización da zona verde na que se atopan os muiños e a pontella, e as instalacións previstas nese ámbito (singularmente a ETAP e o tanque de tormentas)
 - A urbanización da zona verde no contorno dos petroglifos da Gándara (GA36057072)
 - Os proxectos de edificación ou ampliación nas parcelas que bordean a zona verde sita no sur do ámbito P2.3,P2.4,P2.5,P2.6,P2.7,P2.8,P3.92,P3.93, e P3.94 e as parcelas sitas ao norte do ámbito P3.27, P3.28, P3.29, P3.30, P3.31 e EQ-2
 - As actuacións que afecten aos bens etnográficos identificados (muiños e pontellas) así como as que se efectúen nos ámbitos de protección dos ben culturais de carácter etnográfico ou arqueolóxico.
- Deberá realizarse un control arqueolóxico das obras de urbanización do polígono industrial, entendido como a supervisión dun arqueólogo do proceso.

3.1.2. Resposta

No Proxecto Sectorial de Aprobación Definitiva introdúcense as seguintes modificacións coas que se xustifica o cumprimento das condicións esixidas pola D.X. de Patrimonio:

- Modifícase a ordenación na zona dos petroglifos de A Gándara, variando o trazado de dous viais, e reducindo o tamaño de diversas parcelas de uso industrial de maneira que se crea unha zona verde dun radio superior aos 70 m a partir do elemento máis exterior aos petroglifos de A Gándara como se esixe no informe da DX de Patrimonio. O camiño existente na zona será debidamente revexetado. As modificacións introducidas na ordenación pódense observar no plano do Proxecto Sectorial de Aprobación Definitiva, 2.1-Ordenación. Estas zonas de protección, as medidas protectoras e correctoras introducidas vense recollidas no plano 2.16-Integración do Patrimonio e nas memorias do Proxecto Sectorial para Aprobación Definitiva así coma na proposta de Memoria Ambiental.
- Dentro das medidas correctoras incluídas no Proxecto Sectorial para aprobación definitiva e na Proposta de Memoria Ambiental inclúense: Protexer, recuperar e restaurar os distintos elementos das muiños existentes no ámbito tal e como se indica no informe sectorial da DX de Patrimonio. Estas actuacións están valoradas economicamente no documento para aprobación definitiva.
- No proxecto sectorial indicase expresamente que se garantirá a continuidade dos camiños. Neste caso o citado camiño foi incluído na zona verde polo que non será alterado salvo na zona onde está prevista a ETAP que será lixeiramente retranqueado e debidamente acondicionado (ver plano 2.16-

Integración do Patrimonio). En calquera caso estas medidas estarán incluídas expresamente na proposta de Memoria Ambiental e no Proxecto Sectorial para aprobación definitiva.

Como se indica ao longo de todo o documento, defínense amplas zonas de protección das canles (ríos Zamáns e Calvo). Nelas non se levará a cabo ningún tipo de alteración do estado natural polo que se garantirá a protección vexetación de ribeira. As zonas verdes do polígono preservarán o carácter de espazo natural, non realizarán espazos axardinados nelas. Concretamente no entorno dos muíños, da pontella e dos petroglifos da Gándara as alteracións serán mínimas como se pode observar no documento .

No documento para aprobación definitiva inclúese na Normativa nas condicións particulares dos usos da zona verde o seguinte: “ *A urbanización destes espazos consistirá na preparación necesaria dos terreos para efectuar as plantacións arbóreas que, con arranxo ás condicións climáticas da zona, poidan corresponder e sempre coa autorización dos organismos competentes na materia e de acordo co establecido na lexislación vixente.*”

4. *As zonas grafiadas como de protección de augas non se sufrirán ningún tipo de alteración, conservándose intacta a vexetación ripícola existente.*
5. Reducíronse as dimensións da parcela 3.93 de maneira que tal como esixe a DX de Patrimonio no informe sectorial, “*o límite da parcela sexa o límite do pe do noiro*”. Estas modificación e co cumprimento do indicado pola DX de Patrimonio pódese observar nos planos do Proxecto Sectorial para aprobación definitiva 2.1-Ordenación e no 2.8- Configuración indicativa de noiros así coma nos planos correspondentes de perfís transversais da parcela. Por outra banda, os noiros xerados no parque terán un tratamento natura como se recolle en distintos apartados do Proxecto Sectorial.
6. As consideración deste sexto punto, foron incluídas na Normativa do P.Sectorial tal e como se indica no informe de Patrimonio.
Desta maneira no artigo 3.1.6 da Normativa (no apartado de Condicións Xerais das Normas de Edificación do Proxecto Sectorial) indícase:

“Art. 3.1.6 Condicións das actuacións no entorno de elementos patrimoniais:

Deberán someterse a autorización previa da Consellería competente en materia de patrimonio cultural as seguintes actuacións:

- a. *As actuacións de urbanización e infraestruturas (conducións, tanques de tormenta,...) que se realicen na zona verde no Suroeste do ámbito na que se atopan diversos bens etnográficos (muíños e unha pontella), e as instalacións previstas nese ámbito*
 - b. *A execución da ETAP na parcela RI-02.*
 - c. *As actuacións de urbanización da zona verde no Norte do ámbito no contorno dos petroglifos da Gándara (GA36057072)*
 - d. *Os proxectos de edificación ou ampliación nas parcelas que bordean a zona verde sita no sur do ámbito P2.3,P2.4,P2.5,P2.6,P2.7,P2.8,P3.92,P3.93 e P3.94 e as parcelas sitas ao norte do ámbito P3.27, P3.28, P3.29, P3.30, P3.31 e EQ-2.*
 - e. *As actuacións que afecten aos bens etnográficos identificados (muíños e pontella) así como as que se efectúen nos ámbitos de protección dos ben culturais de carácter etnográfico ou arqueolóxico.”*
7. A maioría das indicación deste sétimo punto xa foran tidas en conta como medidas nos documentos sometidos a información pública (tanto no Proxecto Sectorial coma no ISA). Aquelas que non foron incluídas teranse en consideración agora e recóllese na proposta de memoria ambiental así coma no P. Sectorial para aprobación definitiva.

A modo de resumo, as modificacións de ordenación como consecuencia do informe da DX de Patrimonio veranse reflectidas en tódolos planos de ordenación do Proxecto Sectorial para aprobación definitiva. As medidas correctoras e as zonas de protección veranse incluídas na proposta de Memoria Ambiental. Ademais recolleranse as medidas nos apartados 2.2.5 da Memoria Descritiva, 4.5 da Memoria Xustificativa do P.Sectorial e valóranse economicamente no apartado 3 da Memoria Xustificativa e no anexo 1 do P.Sectorial. Na normativa do Proxecto Sectorial para Aprobación Definitiva defínense as actuacións que deberan ser sometidas a autorización da Consellería en materia de Patrimonio Cultural tal e como se indica no informe sectorial da DX de Patrimonio. Finalmente, no Proxecto Sectorial para Aprobación Definitiva

inclúese un **novo plano 2.16-Integración do Patrimonio onde se delimitan as zonas de protección, as medidas protectoras e correctoras en materia de Patrimonio.**

3.2. Augas de Galicia

3.2.1.Resumo

Augas de Galicia indica no seu informe que:

1. As zonas de protección establecidas nas marxes dos ríos afectados considéranse axeitados.
2. No caso de que se realice unha captación no río Zamáns para o abastecemento do polígono deberase solicitar e obter a correspondente concesión administrativa para o aproveitamento.
3. Débense identificar tódalas captacións de auga existentes (pozos), con indicación expresa da persoa física ou xurídica que realiza o aproveitamento e da situación administrativa. Como paso seguinte farase unha relación exhaustiva de cales de eses aproveitamentos sería aconsellable conservar, para poder facer as actualizacións, modificacións ou legalizacións que resultase necesarias, así como o selado de aqueles que se supriman.
4. O saneamento de augas residuais considérase axeitado. Tal e como se recolle no proxecto, deberase solicitar e obter a autorización de vertido, onde se establecerán os parámetros do efluente e o punto de vertido.
5. A solución para as augas pluviais non se considera axeitada, polo que supón de alteración da rede de drenaxe natural do terreo, aumentando a escorrenta directa. Deberase estudar a súa posible reutilización (rega, incendios,..) e establecer corredores ou beirarrúas drenantes que reduzan a escorrenta directa. As zonas verdes que se definen no polígono poden ser o elemento filtrante básico para esta finalidade. Na procura deste obxectivo serán de aplicación as Instrucións Técnicas para obras hidráulicas en Galicia, concretamente ITOHG-SAN-1/4.

3.2.2.Resposta

1. As zonas de protección para os ríos considéranse axeitadas polo que non será necesario introducir modificacións.
2. No que se refire ao abastecemento, a solución do proxecto considérase axeitada. Só se indica que no caso de realizar unha captación no río Zamáns será necesario obter a correspondente concesión administrativa. En todo caso, esta concesión solicitarase posteriormente a esta fase, previamente á execución da actuación. Cabe indicar que no Proxecto Sectorial (apdo. 3.4.1 da Memoria Descritiva) indícase que a conexión exterior de abastecemento quedará resolta co establecemento dun punto de captación na cunca do río Zamáns, ben a través dunha conexión á condución xeral de subministro de auga bruta á ETAP de Nigrán ou ben de modo directo no leito do río.
Considerase importante recordar que xa nun informe previo de Augas de Galicia de 17 de Marzo de 2010, incluído como anexo no Proxecto Sectorial sometido a información pública indicaba que a solución era axeitada e que había recursos hídricos suficientes na conca: “*..analizados os recursos da conca vertente ao punto de captación, o caudal solicitado e compatible (10,57 l/s) co recurso existente*”. Este informe inclúese de novo no anexo II do P.Sectorial para aprobación definitiva.
Augas de Galicia emitiu un informe posterior que se adxunta a continuación no que se indica que non existe inconveniente por parte deste organismo a realizar o inventario posteriormente e recollelo no Proxecto de Urbanización.
3. Durante esta fase dos traballos (redacción do proxecto sectorial) non é viable identificar de maneira rigorosa as captacións (pozos particulares) existentes. Cabe indicar que en ningunha alegación dos particulares se fixo constar a existencia de ningún pozo de abastecemento. Para garantir que estes traballos de inventariado de pozos existentes se levarán a cabo correctamente incluíuse como medida no plan de seguimento da proposta de Memoria Ambiental o seguinte:

“- Na fase xestión dos terreos (previa á execución das obras) solicitarase por escrito a todos os propietarios da zona información sobre se contan na actualidade con pozos de abastecemento e que de ser así presenten a documentación correspondente sobre o estado administrativo do mesmo. Con esta información no proxecto realizarase unha relación de se é conveniente manter algún aproveitamento. O inventario de pozos será recollido no Proxecto de Urbanización.”

4. No que se refire ao saneamento a solución considérase axeitada. A autorización de vertido debe solicitarse nunha fase posterior.
5. A solución para as augas pluviais non se considera axeitada. Lévanse a cabo unha serie de modificacións do Proxecto Sectorial coas que se garante o cumprimento das consideracións do informe respecto a este punto. A continuación resúmense:

- a. Na normativa do proxecto no punto 2. Rede de Saneamento e Pluviais do Art 2.2.8 Proxecto de Urbanización inclúese o seguinte:

“...Para o saneamento das augas pluviais implantaranse na medida do posible Técnicas de Drenaxe Sostible tomando como referencia as solucións indicadas nas Instrucións Técnicas de Obras Hidráulicas en Galicia (concretamente ITOHG-SAN-1.4). Como mínimo teranse en conta as seguintes consideracións:

- *As parcelas para aparcamentos públicos realizaranse con pavimentos modulares (é dicir, con ocos de area ou terra sobre os que se dispón céspede) para permitir a infiltración das augas de escorrenta.*
- *As beirarrúas serán drenantes en todas aquelas zonas que sexa viable para facilitar a filtración e reducir a escorrenta directa.*
- *Nas zonas onde os viais limiten con zonas verdes disporase dunha gabia de infiltración en paralelo ao vial para favorecer a infiltración das augas procedentes dos mesmos.*
- *As cunetas proxectadas serán de céspede salvo en aqueles lugares onde xustificadamente non sexa posible.*
- *Ao final da rede de augas pluviais previo ao vertido ao medio, disporanse de estanques de retención ou de detención. Só se empregarán tanques de tormenta ou depósitos de retención en aquelas zonas onde non exista espazo ou onde se xustifique tecnicamente a imposibilidade de execución de estanques.”*

Desta maneira, o Proxecto Sectorial marcará as pautas do Proxecto de Urbanización seguindo as consideracións de Augas de Galicia no seu informe no seu informe. Será no Proxecto de Urbanización onde se definan detalladamente a rede de augas pluviais e por tanto onde se concretarán as técnicas de drenaxe que indica Augas de Galicia co obxectivo de reducir a escorrenta directa.

Así mesmo na memoria descritiva (aptdo. 3.4.2) e no plano 2.10. descríbese a nova solución proposta para o saneamento de augas pluviais que da cumprimento ao requirido por Augas de Galicia no informe sectorial:

As parcelas destinadas para aparcamentos públicos realizaranse con pavimentos modulares (é dicir, con ocos de area ou terra sobre os que se dispón céspede) para permitir a infiltración das augas de escorrenta.

As beirarrúas serán drenantes en todas aquelas zonas que sexa viable para facilitar a filtración e reducir a escorrenta directa.

Nas zonas onde os viais limiten con zonas verdes disporase dunha gabia de infiltración en paralelo ao vial para favorecer a infiltración das augas procedentes dos mesmos.

As cunetas proxectadas serán de céspede salvo en aqueles lugares non sexa posible.

A auga pluvial que non poida ser infiltrada ao terreo pasará a unha rede convencional de colectores que as transporten ata o punto de desaugadoiro máis adecuado.

Nos puntos finais da rede das distintas cuncas de drenaxe, e inmediatamente anteriores ós puntos de vertedura, disporase dun estanque para laminar as augas pluviais e dar un tratamento as mesmas antes de ser vertidas. En aquelas zonas onde por falta de espazo non resulta posible a realización de estanque realizaranse filtros de area ou tanques de tormenta no seu lugar.

As augas almacenadas nos estanques poderanse reutilizar para a extinción de incendios.

3.3. Servizo de Conservación da Natureza

3.3.1. Resumo

Indícase que non existe inconveniente á realización do proxecto sempre que se teñan en conta as consideracións que se resumen a continuación.

- Existen dúas naveas incluídas nas zonas verdes (Tadecol e Cristalería Arte), polo que non deben contabilizarse nesta categoría de solo.
- Protexera a vexetación ripícola. As zonas de ribeira deben ser consideradas de protección preferente. Ademais indican que se deben preservar os ecosistemas que contribúen á conservación da fauna e dos solos. Indícase que sería interesante conservar manchas de vexetación autóctona e recreando áreas de bosque autóctono ao redor destas cando non o sexa.
- No que respecta ao ciclo hidrolóxico, indícase a necesidade de garantir a limpeza e o axeitado funcionamento dos tanques de tormenta. Ademais, indícase que con respecto a posible captación de auga que en épocas de estiaxe non se poida garantir o caudal ecolóxico. Por outro lado, engádese que sería mellor que os puntos de vertido estiveran augas arriba do punto de captación.
- Inclúense unha serie de consideracións xerais a respectar de acordo coa lexislación sobre pesca fluvial: Respetar 5 m de ancho inalterado desde as liñas de máxima crecida ordinaria, reduciranse ao mínimo as cortas de vexetación de ribeira, evitar obstáculos ao movemento da fauna acuática, etc
- Inclúe unha serie de medidas de control: vixilancia e control sobre os movementos de terras, seguimento dos refugallos, seguimento de hidrolóxico, as posibles talas están ao contemplando na lexislación, seguimento estrito das autorizacións e ao final das obras o estado ten que ser similar o máximo posible ao inicial.

3.3.2. Resposta

- As dúas industrias están incluídas en zona verde porque co desenvolvemento do proxecto sectorial serán eliminadas para ser empregadas como zona verde.
- Con respecto a este apartado na Normativa do Proxecto Sectorial para aprobación definitiva indícase nas condicións particulares das zonas verdes o seguinte:
 - .1. *“ A urbanización destes espazos consistirá na preparación necesaria dos terreos para efectuar as plantacións arbóreas que, con arranxo ás condicións climáticas da zona, poidan corresponder e sempre coa autorización dos organismos competentes na materia e de acordo co establecido na lexislación vixente.*
 - .2. *As zonas grafiadas como de protección de augas non se sufrirán ningún tipo de alteración, conservándose intacta a vexetación ripícola existente.”* Por tanto, garátese o cumprimento das condicións indicadas a este respecto.
- No que respecta aos tanque de tormenta, como resultado do informe de Augas de Galicia introducíronse modificación na rede de drenaxe. Nos puntos finais da rede das distintas cuncas de drenaxe, e inmediatamente anteriores ós puntos de vertedura, disporase dun estanque para laminar as augas pluviais e dar un tratamento as mesmas antes de ser vertidas. En aquelas zonas onde por falta de espazo non resulta posible a realización de estanque realizaranse filtros de area ou tanques de tormenta no seu lugar. Todos estes elemento serán deseñados de maneira que se garanta a autolimpieza na medida o posible e un correcto funcionamento. Será no proxecto de urbanización onde se definan detalladamente estes elemento.

1. No que respecta á captación cabe indicar que Augas de Galicia (17/03/10) validou a solución proposta no informe sectorial e nun informe previo indicaba: “..analizados os recursos da conca vertente ao punto de captación, o caudal solicitado e compatible (10,57 l/s) co recurso existente”. Por outro lado, respecto aos puntos de vertido, Augas de Galicia aprobou a solución proposta e considera que “a proposta é axeitada, xa que se propón un sistema de depuración propio e os puntos de vertido localizaranse augas abaixo do punto de captación”. En todo caso, como se indica no proxecto o punto de vertido debera ser autorizado coa correspondente tramite administrativo nunha fase posterior.

- Todas estas consideración xa son respectadas no proxecto sectorial.
- As medidas de control indicadas serán tomadas en consideración.

3.4. Dirección Xeral de Infraestruturas

3.4.1. Resumo

Emite un informe favorable á proposta de conexión coa glorieta da PO-331. Indícase que se no caso de que as obras de urbanización sexan previas ás de seguridade viaria da estrada, o promotor do polígono debera asumir a execución das obras da glorieta para garantir a seguridade viaria

3.4.2. Resposta

Ante a posibilidade de que as obras de urbanización sexan previas ás de seguridade viaria da PO-331, na valoración económica tívose en conta esta actuación.

3.5. Dirección Xeral de Mobilidade

3.5.1. Resumo

1. Proxectase a regularización do polígono existente xurdido á marxe do planeamento, así como a súa ampliación. Parece esta a causa pola que no ISA só se estuda unha alternativa (ademais da alternativa cero, que é non facer nada).
2. No estudo dos efectos sobre o medio, cumpriría facer o correspondente á conectividade cara aos principais destinos (segundo criterio da variable mobilidade na alínea 4 do Documento de Referencia).
3. No tocante ás medidas propostas, habería que analizar as conexións existentes en transporte público, ver se son adecuadas á demanda prevista, tanto no referido á infraestrutura (paradas de autobús) como no referido ao servizo prestado, e propoñer medidas concretas en caso contrario. Tamén habería que propor medidas concretas de fomento dos modos de transporte alternativos ao coche, tanto o transporte público colectivo e a viaxe compartida (car-pooling), como os modos non motorizados.
4. Faltaría completar o deseño do indicador elixido en materia de mobilidade (o incremento da IMD), especificando sección, valores iniciais, metodoloxía, ferramentas, responsable, periodicidade... consonte o establecido no Documento de Referencia.
5. O polígono proxectado non afecta nin a itinerarios nin a paradas dos servizos de transporte público regular de viaxeiros dos que é titular a Xunta de Galicia, malia a estar atravesado polas liñas da concesión V-7047; XG-421 (Vigo-Gondomar-Forneiros, con anexos) da empresa MELYTOUR S.L Esta concesión conta con tres paradas moi próximas aos límites do polígono.

3.5.2. Resposta

1. As alternativas estudadas no ISA foron en primeiro lugar, a posibilidade de execución do Proxecto Sectorial (alternativa 1) ou manter a situación tal e como se atopa na actualidade (sen Proxecto Sectorial – alternativa 0). Xustifícase cunha análise na que se valoran todas as variables ambientais a conveniencia clara de executar o Proxecto.

A alternativa de realizar o proxecto noutro emprazamento non se considera, xa que este responde a unha necesidade concreta do territorio, posto que existen 80 empresas implantadas de maneira irregular e desordenada neste ámbito. Un dos obxectivo principal da actuación e ordenar estas industrias polo que non ten sentido estudar outros emprazamentos. Ao mesmo tempo o ámbito de actuación deixa lugar a poucas alternativas xa que loxicamente no ámbito débense incluír todas as industrias preexistentes que sexa posible. As industrias existentes atópanse na metade Este do ámbito concentradas e na metade Oeste dun xeito disperso repartíndose así por todo o ámbito do proxecto.

Ademais deste condicionante o ámbito debese delimitar considerando os elementos territoriais da zona:

Ao norte esta delimitado polo núcleo de poboación de A Garrida, ó este pola canle do Río Zamáns; ó sur o límite confórmao o trazado da autovía AG-57 e ó oeste ven delimitado polo curso de auga do Río Calvo.

Queda por tanto completamente o delimitado polos condicionantes do entorno o ámbito de actuación coa única alternativa de incorporar no ámbito o sector urbanizable industrial S-67-I cara o Este. Non se considerou incluíu este sector porque non se considera necesario para cumprir os obxectivos do proxecto. Requiriría unha maior inversión inicial dado que a superficie sería maior e este sector pódese desenvolver posteriormente coa figura de planeamento correspondente sen que o presente Proxecto Sectorial o afecte.

Completarase o estudo de alternativas do ISA con estes comentarios.

2. No Documento de Referencia establececese para o criterio de “facilitar unha conectividade eficiente cara aos principais destinos” o seguinte nivel de detalle na análise: “Deseñar itinerarios de interconexión con vías de alta capacidade adaptados ás características do tráfico previsto”, “fomentar unha ordenación que aumente a accesibilidade efectiva aos servizos e equipamentos”, e “deseñar itinerarios axeitados ás necesidades de modos de desprazamento alternativos ao automóbil privado”.
- Na revisión do ISA no apartado 4.6 Mobilidade, tense en conta esta consideración, completando o análise efectuado previamente e corrixindo certas referencias a estradas de alta capacidade erróneas.
3. Na revisión do ISA no apartado 4.6 Mobilidade, tense en conta esta consideración, analizando as liñas de transporte público colectivo existentes e as posibilidades de adaptación para que dean servizo ó polígono.
 4. Na revisión do ISA no apartado 4.6 Mobilidade, tense en conta esta consideración, especificando e concretando os aspectos que definen o indicador da mobilidade.
 5. Na revisión do ISA no apartado 4.6 Mobilidade, inclúese unha análise das posibilidades de modificación desta liña para que dea servizo ó polígono proxectado.

3.6. Dirección Xeral de Montes

3.6.1. Resumo

1. Conservación e mantemento da vexetación ripícola existente, que circundan ás canles fluviais e que posúe unha clasificación de zona verde.
2. Polo feito de existir unha afección a monte veciñal en man común estarase ao disposto na lexislación específica en materia, e especialmente respecto da incoación do expediente de preveza por causa de utilidade pública ou interese social recollido no artigo 6 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

3.6.2. Resposta

1. Como se indica ao longo de todo o documento, defínense amplas zonas de protección das canles (ríos Zamáns e Calvo). Nelas non se levará a cabo ningún tipo de alteración do estado natural polo que se garantirá a protección da vexetación de ribeira. As zonas verdes do polígono preservarán o carácter de espazo natural, non realizarán espazos axardinados nelas. As zonas grafiadas como de protección de augas non se sufrirán ningún tipo de alteración, conservándose intacta a vexetación ripícola existente." Por tanto, garántese o cumprimento das condicións indicadas a este respecto, polo que dita consideración queda Integrada na súa totalidade.
2. Na realización do proxecto sectorial e no ISA estarase en todo momento ao disposto na lexislación vixente e específica en materia dos montes veciñais en man común, polo que dita consideración queda Integrada na súa totalidade.

3.7. Dirección Xeral de Producción Agropecuaria

3.7.1. Resumo

1. A superficie agraria útil e a capacidade agrolóxica do solo son inexistente debido a causas orográficas e xeotécnicas así como ao intensivo grao de humanización. O proxecto sectorial comprende terreos que na actualidade están parcialmente urbanizados e o seu uso exclusivo é o industrial.
2. As fortes pendentes na cara oeste do ámbito, a degradación antrópica do solo consecuencia da implantación indiscriminada de actividades industriais e o continuo de edificación-urbanización foron deixando pequenas bolsas de terreo forestal. Actualmente as repoboacións existentes son de eucalipto.
3. As baixas potencialidades agronómicas dos terreos afectados só permiten os usos e aproveitamentos industriais.

3.7.2. Resposta

O informe emitido non presente no presenta ningún inconveniente a realización do proxecto, unicamente fai referencia tal e como se expón no proxecto sectorial, a inexistente superficie agraria útil e capacidade agrolóxica do solo, así como ao intensivo grao de humanización polo que se permite o uso industrial nesos terreos, polo que non será necesario introducir modificacións

3.8. Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia

Informa favorablemente dado que non existen afeccións á rede de estradas do Estado.

3.9. Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública

3.9.1. Resumo

Emite un informe onde se indica que a proposta de abastecer ao polígono coa única instalación dun depósito distribuidor resulta insuficiente e que para acadar unha adecuada calidade de auga deberá contar coas instalacións necesarias para proceder ao tratamento de potabilización da auga bruta na correspondente ETAP.

3.9.2. Resposta

No informe observase un claro erro de interpretación da memoria e planos do documento. En múltiples partes da memoria indícase que se proxecta a realización dunha ETAP para o tratamento da auga bruta. Ademais isto observase de maneira gráfica nos planos 2.9.1 e 2.9.2. do Proxecto Sectorial. Por outro lado é conveniente indicar que Augas de Galicia informou que a solución para o abastecemento era axeitada.

3.10. Dirección Xeral de Industria

Informase favorablemente á vista do Proxecto sectorial. Non se fan consideracións respecto ao mesmo.

3.11. Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

3.11.1. Resumo

Trátase dun informe de análise do ISA sometido a información pública.

1. Estrutura do ISA: De acordo co establecido no anexo I da Lei 9/2006, do 28 de abril, o ISA de axusta a normativa.
2. Análise obxectiva do entorno: Bótase en falta un estudo da paisaxe cunha análise da cunca visual e da fragilidade paisaxística do territorio. Deberá detectarse tanto a flora como a fauna comprendida na Lei 42/2007 e no Decreto 88/2007. A Directiva Aves 79/409/CE, de 2 de abril, relativa á conservación das aves silvestres, a que se fai referencia no ISA, foi substituída por Directiva 2009/147/CE, de 30 de novembro de 2009, relativa a conservación das aves silvestres.
3. En canto aos problemas e condicionantes ambientais da situación previa ao novo planeamento, deberían ter sido identificados no ISA a zona de avenida de prioridade media (Ría de Vigo-Río Miñor), que recolle o Plan Hidrolóxico Galicia Costa, así como a consideración dos Concellos de Gondomar e Vigo como zonas de alto risco de incendios.
4. Obxectivos específicos, o ISA cita os criterios de sustentabilidade establecidos no DR, polo que non se consideran "obxectivos ambientais" en si mesmos. Os obxectivos de sustentabilidade deben quedar perfectamente definidos como obxectivos propios que asume a planificación do Proxecto Sectorial.
5. Análise de alternativas, non se aporta unha valoración das alternativas viables, que permita alcanzar os obxectivos ambientais de maneira máis eficiente, en base a integración dos criterios de sustentabilidade, e cuns efectos ambientais, económicos e sociais máis favorables. Cómpre afondar na xustificación da selección da alternativa proposta.
6. Identificación dos efectos, compre afondar máis nos efectos sobre cada unha das variables do DR. Apréciase certa confusión entre efectos e medidas preventivas, posto que as mesmas se inclúen no apartado 4 do ISA, debendo ser trasladadas ao epígrafe "deseño de medidas". As medidas foron correctamente identificadas, debéndose completar as referentes ás variables sociedade e economía, enerxía, ciclo hídrico e solo.
7. Plan de seguimento, a proposta deberá considerar a participación do órgano ambiental.
8. Cuantificación e valoración dos indicadores, deberíase aportar unha descrición dos indicadores, do método de cálculo dos mesmos e da unidade de medida.
9. Viabilidade económica: compre especificar a viabilidade das medidas dirixidas a previr, reducir ou paliar os efectos negativos do plan.
10. A cartografía débese axustar ao exposto nas especificacións técnicas do documento de referencia (aptdo. 7.b.)

3.11.2. Resposta

1. A estrutura do ISA, estipulada no Documento de referencia, se axusta á normativa, polo que **non será necesario introducir modificacións.**
2. No apartado 1.1 *Análise obxectiva da situación actual*, en relación coa paisaxe, tomouse en conta esta consideración e realizouse a análise da cunca visual e da fragilidade paisaxística. Tamén se incluíu no apartado de planos o Plano de Impacto Visual.

En relación coa Fauna e Vexetación, incluíronse as especies comprendidas na Lei 42/2007 e no Decreto 88/2007. Neste caso so figura a especie *Chondrostoma polylepsis* no Anexo II: "Especies

animais e vexetais de interese comunitario para cuxa conservación e necesario designar zoas especiais de conservación.

No apartado 2.2 *Obxectivos específicos*: no apartado da normativa comunitaria, actualizouse a nova Directiva de Aves.

Polo tanto dita consideración queda **Integrada na súa totalidade.**

3. En canto aos problemas e condicionantes ambientais da situación previa ao novo planeamento, identificáronse no ISA a zona de avenida de prioridade media (Ría de Vigo-Río Miñor), que recolle o Plan Hidrolóxico Galicia Costa, así como a consideración Concellos de Gondomar e Vigo como zonas de alto risco de incendios segundo a Orde do 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio en base ao risco espacial de incendio forestal, no apartado 1.1 *Análise obxectiva da situación actual*, polo que dita consideración queda **Integrada na súa totalidade.**
4. Redefiníronse os obxectivos específicos para cada variable de sustentabilidade, no apartado 2.2 *Obxectivos específicos*, así como se actualizou a normativa legal neste apartado, polo que dita consideración queda **Integrada na súa totalidade.**
5. As alternativas estudadas no ISA foron en primeiro lugar, a posibilidade de execución do Proxecto Sectorial (alternativa 1) ou manter a situación tal e como se atopa na actualidade (sen Proxecto Sectorial – alternativa 0). Xustifícase cunha análise na que se valoran todas as variables ambientais a conveniencia clara de executar o Proxecto.

A alternativa de realizar o proxecto noutro emprazamento non se considera, xa que este responde a unha necesidade concreta do territorio, posto que existen 80 empresas implantadas de maneira irregular e desordenada neste ámbito. Un dos obxectivo principal da actuación e ordenar estas industrias polo que non ten sentido estudar outros emprazamentos. Ao mesmo tempo o ámbito de actuación deixa lugar a poucas alternativas xa que lóxicamente no ámbito débense incluír todas as industrias preexistentes que sexa posible. As industrias existentes atópanse na metade Este do ámbito concentradas e na metade Oeste dun xeito disperso repartíndose así por todo o ámbito do proxecto.

Ademais deste condicionante o ámbito debese delimitar considerando os elementos territoriais da zona: Ao norte esta delimitado polo núcleo de poboación de A Garrida, ó este pola canle do Río Zamáns; ó sur o límite confórmao o trazado da autovía AG-57 e ó oeste ven delimitado polo curso de auga do Río Calvo.

Queda por tanto completamente delimitado polos condicionantes do entorno o ámbito de actuación coa única alternativa de incorporar no ámbito o sector urbanizable industrial S-67-I cara o Este. Non se considerou incluír este sector porque non se considera necesario para cumprir os obxectivos do proxecto. Requiriría unha maior inversión inicial dado que a superficie sería maior e este sector pódese desenvolver posteriormente coa figura de planeamento correspondente sen que o presente Proxecto Sectorial o afecte.

Polo que non será necesario introducir modificacións, unicamente no estudo de alternativas do ISA completárase cos anteriores comentarios.

6. Tal e como se establecía no informe remitido pola SX Calidade e Avaliación ambiental, no apartado 4. *Identificación e caracterización dos efectos sobre o medio*, afondouse máis na identificación dos efectos esperados sobre a maioría das variables.

Había unha certa confusión entre efectos e medidas, polo que tendo en conta a consideración establecida en dito informe, as medidas para minimizar os efectos esperados, citadas no apartado 4, trasladáronse o apartado 5. *Deseño de Medidas*.

Inda que consideraban que as medidas foron correctamente identificadas, unha vez integradas no ISA as consideracións emitidas polos distintos organismos, establecéronse novas medidas correctores e protectores, que se incorporaron o apartado 5. *Deseño de Medidas* para as distintas variables.

Polo tanto dita consideración queda **Integrada na súa totalidade.**

7. Tal e como se indicaba no Documento de Referencia, a proposta do Plan de Seguimento debe considerar a participación do órgano ambiental no apartado 6. *Establecemento do Plan de Seguimento*, polo tanto dita consideración queda **Integrada na súa totalidade.**
8. En relación cos indicadores, completouse a información sobre os mesmos no apartado 6 *Establecemento do Plan de Seguimento*, na cuantificación e valoración dos indicadores, polo tanto dita consideración queda **Integrada na súa totalidade.**
9. Incluíuse no *apartado 7 Informe sobre a viabilidade económica*, o importe correspondente as medidas dirixidas a previr, reducir ou paliar os efectos negativos do plan, polo que dita consideración queda **Integrada na súa totalidade.**
10. No referente a cartografía aportada en formato pdf, no seu momento non se axustou as especificacións técnicas do documento de referencia. Polo tanto esta consideración **non se tivo en consideración.** inda que a cartografía empregada considerase clara e concisa.

3.12. Concello de Gondomar

3.12.1. Resumo

No informe municipal do Concello de Gondomar fanse unha serie de consideracións ao Proxecto Sectorial.

1. Fanse unha serie de consideracións respecta ao ámbito de actuación propoñendo outra delimitación
2. En relación á ordenación fan unha serie de consideración sobre a configuración de viais indicando que non se consideran axeitados algúns deles. Tamén fan consideracións respecto de que a situación dos equipamentos das reservas de infraestruturas e dunha praza de aparcamento non está xustificada.
3. En relación a xestión indicase que resulta necesario xustificar a viabilidade do proxecto, definir dunha maneira mais precisa o sistema de xestión.

3.12.2. Resposta

1. En relación ao **ámbito de actuación** cabe dicir que a delimitación escollida xustifícase no proxecto sectorial e correspóndese con:
Ao norte esta delimitado polo núcleo de poboación de A Garrida, ó este pola canle do Río Zamáns; ó sur o límite confórmao o trazado da autovía AG-57 e ó oeste ven delimitado polo curso de auga do Río Calvo. Son elementos territoriais que se consideran importantes e con esta delimitación conséguese o maior obxecto do proxecto que é o de regularizar e ordenar un gran número de industrias preexistentes.

A ampliación do ámbito pola parte Norte non se considera oportuna pola posible afección ao núcleo rural de A Garrida. Incorporar o sector urbanizable industrial S-67-I non se considerou necesario xa que non existe nel industrias preexistentes. As zonas polas que se estende o ámbito de actuación son as necesarias para ordenar as industrias existentes, actualmente ao marxe do planeamento respectando tomando como límites elementos territoriais significativos (ríos, infraestruturas viarias e núcleos de poboación) e sempre incorporando parcelas completas.

2. En relación á **ordenación**:
 - a. Os viais en fondo de saco rematan en glorietas de dimensións axeitadas co que se permite unha correcta mobilidade de todo tipo de vehículos. Realizáronse en aqueles casos nos que por topografía era inviable calquera outra solución. O vial paralelo ao río calvo non e viable conectalo na súa parte final co resto do viario xa que existen un desnivel do terreo moi importante que implicaría a realización dun viaduto de uns 50 metros completamente inxustificada técnica e economicamente ou senón ter que realizar uns recheos inaceptables ambientalmente.
 - b. Resulta completamente necesario dispor dun aparcamento na zona do campo de fútbol actual dado que en toda esa zona o número de prazas é moi escaso e non posible aumentalas dado que se trata da zona industrial existente densa.

- c. O vial que remata a parte norte coincidente cun camiño existente presenta unha sección axeitada para os tráficos residuais previstos. Non se considera desde o punto técnico xustificable aumentar a sección do mesmo. Ademais trátase dun vial próximo a vivendas e á zona de protección do petroglifo de A Gándara polo que ambientalmente considerase perxudicial aumentar a sección e provocar que poidan aumentar os tráficos por el.
- d. Os viais situados ao norte conectan e teñen continuidade co camiño paralelo ao río Calvo.
- e. As zonas verdes entorno ao río calvo son de gran amplitude. No proxecto case se duplica a porcentaxe de zona verde esixido pola lexislación vixente. En torno ao río calvo respectase sen ningún tipo de alteración a zona delimitada como de protección do río e que foi validada polo organismo Augas de Galicia. Os noiros xerados polas parcelas próximas serán debidamente revexetados segundo as indicacións dos distintos organismos competentes. Os noiros, que sería o impacto maior, están definidos perfectamente no documento polo que se considera que están valorados e tidos en conta debidamente.
- f. As reservas de infraestruturas (ETAP e EDAR) están situadas en aqueles lugares onde implicará un menor custe enerxético a impulsión das augas de abastecemento e de saneamento respectivamente ata eles. A ETAP atópase nunha zona próxima para a captación de auga bruta e a EDAR nun punto baixo (menor impulsión) próximo ao Río Calvo e ao Río Zamáns.
Os equipamentos están repartidos polo ámbito en sitios ben comunicados tanto desde o punto de vista interior do polígono como das poboacións do entorno. Un deles esta situado xunto ao campo de fútbol preexistente polo que se considera oportuno. Os outros dous ao norte atópanse en zonas que se consideraron sensibles desde o punto de vista ambiental xa que un esta próximo á zona de protección arqueolóxica do petroglifo de Gándara e o outro nunha zona de importante desnivel próxima ao río. Ambos atópanse próximos a vivendas e núcleos rurais servindo para amortecer o impacto visual da actuación.

3. En relación á **xestión e execución** do proxecto

No que se refire á xestión do proxecto introdúcese á vista do presente informe e diversas alegacións particulares a seguinte modificación:

“Art. 2.2.2. Sistema de actuación

1. *O sistema de actuación urbanística será a expropiación (art. 140 da Lei 9/2002), se ben se poderá contemplar a exclusión dos terreos ocupados por industrias existentes ou aqueles outros nos que resulte suficientemente xustificada a aplicación de tal réxime e sen prexuízo de que se poida determinar necesario o cambio a outro sistema de actuación como sería o de cooperación ou o de compensación.”*

Considérase que o momento de definir o aproveitamento tipo definido, o aproveitamento susceptible de apropiación e o aproveitamento de cesión será nunha fase posterior.

A viabilidade da actuación si que se considera xustificada dado que os prezos de mercado nun polígono industrial como este, onde xa hai unha gran actividade industrial implantada, que se atopa nunha zona estratéxica moi próximo ao porto de Vigo e cunhas comunicacións viarias inmejorables o prezo do solo industrial é moi superior ao de 80 €/m² resultante de aplicar os custes globais de maneira homoxénea.

Tratouse de homoxeneizar as edificabilidades das parcelas con edificacións existentes xa que se considera a maneira mais xusta de asignar edificabilidades ás mesmas. As edificabilidades das industrias existentes son moi variables (desde 0,4 ata 1,5) e a alternativa sería que cada parcela con edificación existente tivera unha edificabilidade distinta similar á actual. Este procedemento descartouse porque por un lado complicaría enormemente a xestión e o control de licenzas. Ademais desta maneira estaríase penalizando a aquelas parcelas industriais con baixa

edificabilidade que terían edificabilidades considerablemente inferiores á media do parque é extremadamente baixas comparado con algunha das existentes. Tal e como se prevé no proxecto sectorial aquelas parcelas existentes con excesos de edificabilidade quedarán nun réxime fora de ordenación parcial (Art.3.2.17) no cal poderán obter licenza de actividade e autorizarse nas mesmas obras parciais e circunstanciais de consolidación, así como obras de mellora, de reforma e, en casos xustificadas, de ampliación da superficie construída (ata un máximo do 5% da superficie construída), cando ditas obras sexan necesarias e imprescindibles para o mantemento e adaptación tecnolóxica do uso preexistente ou do resto dos usos previstos na normativa para as referidas zonas.

Considerase por tanto, que o planteamento do proxecto sectorial é mais adecuado que ao da MP. PERI A Pasaxe do que se fai referencia no informe municipal.

3.13. Concello de Vigo

3.13.1. Resumo

O concello de Vigo emite un informe referíndose aos apartado que se citan a continuación de maneira resumida:

1. Condicións urbanísticas:

Indícase que as actuación no sector S-67-I (rotonda e aparcamento), non prexudicaría o desenvolvemento do Sector.

A outra incidencia do proxecto que sería a da prolongación dun vial ata a rotonda norte da estrada PO-330 estímase tecnicamente que conta cunha sección axeitada e que non afecta o desenvolvemento da area APR A-6-32 do PXOM.

2. Incidencia sobre o viario:

O vial de prolongación ata a rotonda norte da estrada PO-330 estímase que conta cunha sección tecnicamente axeitada pero indícase que se debería garantir a continuidade dos tráfico peonil ata entroncar coas beirarrúas existentes asegurando os itinerarios peonís en toda a rotonda. Así mesmo indícase que se debe dar continuidade a todos os camiños e servizos existentes que se atopan dentro do ámbito das obras pertencentes a Vigo seguindo os criterios municipais.

3. Incidencia sobre o abastecemento de auga:

Existe unha condución de abastecemento de PE-75 no polígono de Pasaxe para subministro a varias industrias dun caudal de 0,5 l/s cedido polo Concello de Vigo.

Existe unha condución do ano 1940 “Tunel de A Garrida” que é unhas das primeiras conducións de subministro a Vigo e que atravesa o ámbito do Polígono de A Pasaxe. Indícase que se deben tomar as debidas precaucións á hora de realizar as obras de urbanización para non afectala e procurando que quede en terreos de uso público (no caso de que non fose posible, as edificacións deberan respectar a existencia desta instalación non afectandoa).

En canto á captación de auga potable, indicase que calquera utilización de auga bruta do encoro de Zamans precisará da autorización previa do Concello de Vigo.

4. Incidencia sobre o Saneamento de residuais:

Indícase a existencia dunha serie de colectores de saneamento e dunha estación de bombeo de augas residuais no entorno da zona de actuación.

Descríbese as redes de saneamento de pluviais e residuais proxectadas.

5. Patrimonio Cultural

Indícase que non se inclúen medidas para a posta en valor dos elementos patrimoniais, propónse o tratamento vexetal dos contornos dos elementos que permitan unha mellor visualización dos mesmos así como instalar sinais e paneis interpretativos.

Así mesmo indicase a necesidade de prever sondaxes valorativas previas co control e seguimento arqueolóxico.

O plan de seguimento debe contemplar que as diferentes propostas sobre o patrimonio cultural se cumpran segundo o programa de actuación arqueolóxico que se propón deseñar.

6. En relación ao ISA

Fanse unha serie de consideración para mellorar e completar o ISA.

3.13.2. Resposta

- 1. Condicións urbanísticas:** Sobre este aspecto non se fai ningunha consideración e considerase axeitado.
- 2. Incidencia sobre o viario:** O vial (eixo) ao que se fai referencia e que se prolonga ata a PO-330 presenta beirarrúas en ambos marxes polo que se considera que se garante ao tráfico peonil de maneira axeitada ata chegar á glorieta da PO-330 que é o ámbito de actuación do parque. Ampliar beirarrúas por outras zonas non se considera viable xa que implicaría estender mais o ámbito do proxecto. Enténdese que esta ampliación de beirarrúas debe corresponder a outros desenvolvementos urbanísticos ou melloras nas estradas autonómicas.
- 3. Incidencia sobre o abastecemento:** Inclúese nos planos de información do proxecto sectorial o trazado das conducións indicadas polo Concello de Vigo. O "Tunel de A Garrida" será respectado e non se verá afectado polas actuacións previstas. Inclúese nos planos de información o seu trazado e unha referencia na Normativa art.3.1.9. para garantir que non se producirá a súa afección. Corrixirase na memoria a referencia a que as redes de abastecemento son inexistentes. Previamente a realización da captación realizaranse os trámites necesarios para a obtención da concesión administrativa para detraer o caudal requirido.
- 4. Incidencia sobre o Saneamento de residuais:** Inclúese nos planos de información do proxecto sectorial o trazado das conducións e a estación de bombeo indicadas polo Concello de Vigo.

5. Patrimonio Cultural

Como consecuencia dos informes recibidos e concretamente do da D.X. de Patrimonio xa se introduciron unha serie de medidas para valorizar os elementos patrimoniais e que foron indicadas anteriormente e recollidas o Proxecto e na proposta de Memoria Ambiental.

Así mesmo incluíranse ás medidas de valorización propostas polo Concello de Vigo de tratamento vexetal para permitir unha visualización dos elementos así como a da sinalización e instalación de paneis interpretativos serán incluídas tamén no proxecto e na proposta de Memoria ambiental. En todo caso, estas medidas de posta en valor presentaranse co proxecto de urbanización á D.X. de Patrimonio quedando supeditadas á súa autorización.

6. En relación ao ISA

Todas as consideracións son respostadas e tidas en consideración no informe de Participación e consultas. Son reflectidas no documento do ISA revisado e nos casos que corresponda na proposta de memoria ambiental.

ANEXO I.- INFORMES SECTORIALES

INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL RELATIVO AO PROXECTO SECTORIAL POLÍGONO INDUSTRIAL DA PASAXE NOS CONCELLOS DE GONDOMAR E VIGO

Ámbito : Concellos de Gondomar e Vigo
Autor: IDOM (Alberto Sánchez Martín e Xaquín Beiroa Raposo)
Promotor: Instituto Galego da Vivenda e Solo
Expediente: 2010/417

ANTECEDENTES

O Instituto Galego de Vivenda e Solo solicita informe en relación co proxecto sectorial do polígono industrial de A Pasaxe, datado en maio de 2010 e identificado como documento sometido a información pública (DOG 192, data 05-OUT-2010). A estes efectos ten entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia copia do documento en formato dixital o 8 de outubro de 2010 e copia en formato papel debidamente dilixenciada o 26 de novembro de 2010, logo do seu requirimento por parte do Servizo de Planeamento e Inventario. Nesta última copia achegada non consta o plano 2.1 *Ordenación* que foi remitido pola Dirección Técnica de Solo do IGVS e tivo entrada no rexistro xeral da Xunta en Pontevedra o día 23 de febreiro de 2011.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- Lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- Lei 3/1996, do 10 de maio, de Protección dos Camiños de Santiago
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia
- Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.
- Decreto 449/1973, do 22 de febreiro, polo que se colocan baixo a protección do Estado os "hórreos" ou "cabazos" antigos existentes en Galicia e Asturias.
- Decreto 571/1963, do 14 de marzo, sobre protección dos escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico-artístico.
- Decreto do 22 de abril de 1949 sobre os Castelos Españois.
- Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, conservación e mellora dos ríos galegos, que declara de interese xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a conservación dos bens de patrimonio cultural vinculados a eles.
- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.
- Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia
- Lei 5/1996, do 30 de xuño, para a protección, conservación e mellora dos ríos galegos.
- Lei 7/2008 de Protección da Paisaxe de Galicia.
- Lei 5/1997 de regulamento das augas minerais, termais e de manancial e dos establecementos balnearios de Galicia.

INFORME

O presente informe emítese en virtude do establecido no artigo 32 da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia que obriga a informar á Consellería de Cultura dos plans programas e proxectos, tanto públicos como privados, que pola súa incidencia sobre o territorio poidan implicar risco de destrución ou deterioración do Patrimonio Cultural de Galicia e a esta a establecer aquelas medidas protectoras e correctoras que considere necesarias para a protección do Patrimonio Cultural de Galicia. Asemade emítese vistos os informes de arquitectura do 1 de marzo de 2011 e de arqueoloxía do 7 de marzo de 2011, do Departamento Territorial da Consellería de Cultura e Turismo en Pontevedra en relación co documento de referencia, os cales constan no expediente.

Descrición da actuación

O polígono industrial proxectado incorpora unha área industrial xa existente situada entre os concellos de Gondomar e Vigo a carón da autovía do Val Miñor AG-57, na conca do río Zamáns, entre este río e o río Calvo. Nesta área industrial existen dúas zonas, unha de maior densidade e outra de edificacións industriais dispersas sobre a que se desenvolve a actuación, incorporando a trama viaria existente e adecuando o novo trazado viario ás industrias existentes dispersas.

Incidencia da actuación sobre o Patrimonio Cultural

O proxecto sectorial incorpora, como Anexo III, un Estudo de Impacto sobre o Patrimonio Cultural elaborado pola arqueóloga Manuela Pérez Mato con data de abril de 2009, para o que previamente a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural autorizou, o 25 de febreiro de 2009, a realización dunha prospección arqueolóxica superficial intensiva do ámbito afectado polo proxecto. Dentro do ámbito sinalado identificáronse durante os traballos tres xacementos arqueolóxicos, dous deles no concello de Vigo, limítrofes con Gondomar, xa coñecidos previamente, e o terceiro, de nova localización, en Gondomar; e catro elementos integrantes do patrimonio cultural etnográfico, tres muíños denominados da Fervenza e unha pontella.

a) En canto ao patrimonio etnográfico

O Estudo de impacto antedito sitúa estes elementos etnográficos sobre a cartografía, delimita para cada un deles un contorno de protección de 50 metros e considera o impacto sobre estes compatible ao estar situados na zona verde situada ao sur do polígono, polo que non propón medidas correctoras.

A zona verde situada ao sur do polígono incorpora o curso do río Zamáns comprendido dentro dos límites do polígono. Os muíños están situados na parte baixa do curso, no límite do ámbito da actuación e a pontella na zona máis ao norte nunha curva da canle. A zona verde proxectada está rodeada por edificacións, incluso existe na actualidade unha nave neste ámbito que desaparece na nova ordenación. O proxecto crea novas parcelas edificables que pechan o perímetro da zona verde: a 3.94 situada entre as xa existentes, a 3.93 no límite norte da zona verde e a 3.92 situada diante das edificacións ao oeste do río e dos muíños.

Nesta zona verde proxéctase tamén unha parcela de reserva de infraestruturas na que se situaría a estación de tratamento de auga e un tanque de tormenta que forma parte da rede de drenaxe e saneamento que acomete ao río Zamáns no tramo comprendido entre a pontella e os muíños.

Dentro da ordenación proxectada considerase que a actuación de maior impacto é a configuración da parcela P3.93 na que se conforma unha plataforma a nivel da rasante do viario, que remata contra o río, na zona da pontella, nun noiro de altura aproximada de 12



metros que non responde a unha forma natural. Outros elementos sobre os que se considera necesario establecer medidas correctoras son os xa mencionados, ETAP e tanque de tormenta pola súa proximidade ao río, e o tratamento volumétrico, composición, materiais e cores das fachadas das naves nas parcelas que rodean a zona verde e o tratamento desta ao longo das marxes do río.

b) En canto ao patrimonio arqueolóxico

Tanto os petróglifos da Gándara como a mámoa do mesmo nome atópanse incluídos no catálogo do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo, aprobado parcialmente nos termos sinalados pola Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de data 16 de maio de 2008. polo que, en virtude do disposto na disposición adicional segunda da lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, están incluídos no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia. Daquela, éles de aplicación o artigo 54 da devandita lei, polo que a Consellería de Cultura deberá autorizar calquera actuación que os afecte.

Ademais, cómpre lembrar que os petróglifos da Gándara e mais da Fervenza son dúas rochas ao ar libre que son soporte de manifestacións de arte rupestre, polo que gozan da protección xenérica de Ben de Interese Cultural que lles outorga o artigo 40.2 da Lei 16/1985, do 16 de xuño, de Patrimonio Histórico Español.

- *Petróglifos da Gándara (GA36057072)*

Sitúanse ao norte da zona de actuación, e para eles indícase que o camiño norte situase a uns 30 metros, a pesar do cal se cualifica o impacto como compatible, o que se xustifica en que todo o perímetro do polígono industrial fica fóra do seu ámbito de protección establecido no vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo.

Cómpre sinalar que se dá aquí un erro de interpretación no que atinxe aos ámbitos de protección dos xacementos arqueolóxicos no planeamento municipal. Como non pode ser doutra forma, o PXOM de Vigo unicamente cualifica o solo do termo municipal de Vigo, nunca o de Gondomar. Neste sentido, pódese lembrar a situación que se establecía no PXOM de Gondomar de 1997, pese a estar anulado pola sentenza 323/2008 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 24/04/2008. Neste plan os petróglifos da Gándara estaban incluídos no catálogo de elementos a protexer, e, no seu plano de clasificación e cualificación do solo, folla 1-5, delimitábase unha ampla área de protección arqueolóxica ao seu redor, uníndoa coa área de protección da mámoa da Gándara, que abarcaba así boa parte da zona norte do ámbito do polígono (ver imaxes anexas ao informe).

Dado que o PXOM de Gondomar foi anulado por sentenza xudicial, neste concello é de aplicación unha protección xenérica constituída por unha franxa cunha profundidade medida desde o elemento ou vestixio máis exterior do ben que se protexe de 200 metros, tal e como establecen o artigo 30 das Normas Complementarias e Subsidiarias de planeamento das provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, aprobadas por Orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas de 3 de abril de 1991, e mais o artigo 12, apartado 2, do Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.

A ordenación proposta supón a transformación completa do contorno máis inmediato aos petróglifos, que ata o momento se mantén bastante ben conservado. Transfórmase un estreito camiño de monte nun vial de máis de 7 m. de anchura que



inclúe prazas de aparcamento situadas apenas a uns 30 metros dos petróglifos, e se bordea todo o xacemento polo sur con parcelas edificables por naves ou equipamentos, cando agora está bordeado de zonas de monte de repoboación. Todo isto nun elemento que ten a consideración de Ben de Interese Cultural, máximo grao de protección do patrimonio cultural. A estes efectos cómpre sinalar que dentro do concello de Vigo o ámbito de respecto que establece o PXOM é de entre 75 e 100 m.

- *Mámoa da Gándara (GA36057073)*

Sitúase ao norte da zona de actuación, tamén fóra do ámbito de actuación do parque. A zona máis próxima deste sitúase a uns 25 metros da mámoa, a pesar do cal se cualifica o impacto como moderado, o que se xustifica en que o xacemento está nun contorno xa totalmente urbanizado, ata o punto de que as parcelas inmediatas do futuro polígono xa están urbanizadas, e cunha rotonda de recente construción ao norte del.

A pesar de que aquí se volve repetir o erro de considerar como único ámbito de protección do xacemento arqueolóxico o que establece o PXOM de Vigo, a avaliación que se establece é axeitada, dada a profunda urbanización actual do contorno inmediato á mámoa, que en realidade dentro do polígono xa está practicamente edificado, o que se manifesta en que toda a zona é cualificada como "zona 1. 1, existente de alta densidade".

- *Petróglifo da Fervenza (GA36021117)*

Este xacemento, descuberto durante os traballos de prospección realizados para a redacción do estudo de impacto sobre o patrimonio cultural do polígono, sitúase ao suroeste do futuro polígono, tamén fóra do ámbito deste, e a uns 53 metros da parcela máis próxima, cualificándose o impacto de moderado xa que as parcelas máis próximas ao xacemento están xa edificadas, e cunha diferenza de cota entre elas e mais o emprazamento de aquel de máis de 45 m.

Medidas protectoras e correctoras

Considerase necesario polo exposto e, en virtude do establecido no artigo 32 da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia establecer as seguintes medidas protectoras e correctoras:

- Deberá modificarse a ordenación proposta na zona próxima aos petróglifos da Gándara (GA36057072) creando unha zona verde pública no ámbito do parque empresarial que fique dentro dunha franxa de 70 metros medidos desde o elemento ou vestixio máis exterior dos anteditos petróglifos. Dita modificación conlevará, xa que logo, o desprazamento do borde máis próximo ao xacemento dos viais deseñados, que bordean o xacemento polo sur, ata esa distancia. A creación de dita zona verde deberá implicar, ademais, a revexetación do camiño actualmente existente na zona.
- Incluír na protección as edificacións e tódolos elementos da estrutura hidráulica dos muíños que se conserven, polo que o proxecto de urbanización deberá recollelos na súa cartografía e contemplar a execución das actuacións de recuperación, consolidación e, no seu caso, restauración do conxunto destes elementos e construcións.
- Preservar na urbanización a continuidade do camiño que conduce á pontella e eliminar as conducións que atravesan o río ao seu carón.
- Manter a vexetación propia da ribeira en toda a canle e o carácter de espazo natural na urbanización da zona verde, co obxecto de que o entorno dos muíños, da pontella e dos petróglifos da Gándara sexan sometidos á mínima transformación posible.

- Corrixir o impacto do noiro da parcela 3.93, separándoo do cauce do río, de maneira que o límite definido no plano de ordenación como límite de parcela sexa o límite do pé do noiro, que se deberá adaptar ás formas naturais do terreo evitando os trazados regulares e dándolle un tratamento natural.
- Deberán someterse a autorización previa da Consellería competente en materia de patrimonio cultural as seguintes actuacións, o cal deberá reflectirse na normativa:
 - a urbanización da zona verde na que se atopan os muíños e a pontella, e as instalacións previstas nese ámbito (singularmente a ETAP e o tanque de tormentas);
 - a urbanización da zona verde no contorno dos petróglifos da Gándara (GA36057072);
 - os proxectos de edificación ou ampliación nas parcelas que bordean a zona verde sita no sur do ámbito P2.3, 2.4, 2.5, 2.6, 2.7, 2.8, P3.92, 3.93 e 3.94 e as parcelas sitas ao norte do ámbito P3.27, P3.28, P3.29, P3.30, P3.31 e EQ-2; e
 - as actuacións que afecten aos bens etnográficos identificados (muíños e pontellas) así como as que se efectúen nos ámbitos de protección dos bens culturais de carácter etnográfico ou arqueolóxico.
- Deberá realizarse un control arqueolóxico das obras de urbanización do polígono industrial, entendido como a supervisión por un arqueólogo do proceso. En consecuencia, antes da aprobación do proxecto de urbanización, deberá presentarse, por duplicado, o correspondente proxecto arqueolóxico asinado por técnico competente, para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Os xacementos existentes no ámbito do polígono industrial deberán figurar na cartografía de obra, e serán balizados durante as obras, con estacas de madeira e cinta de obra (ou ben algún outro método permanente); o balizado deberá permanecer instalado en tanto non se rematen os traballos. Se como consecuencia da execución do control arqueolóxico se localizasen evidencias arqueolóxicas de calquera tipo, podería ordenarse unha segunda intervención arqueolóxica máis exhaustiva.

Conclusión

En consecuencia e por todo o antedito a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do ámbito das súas competencias **informa favorablemente o documento de referencia, condicionado á introdución das correccións que se derivan do presente Informe.**


Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2011
 O director xeral de Patrimonio Cultural




Jose Manuel Rey Pichel

ANEXO GRÁFICO

Fragmento do plano de clasificación e cualificación do solo, folia 1-5, do PXOM de Gondomar de 1997, co ámbito de protección arqueolóxica dos petróglifos da Gándara (GA36057072) (líña de triángulos)



Situación dos petróglifos da Gándara (GA36057072) sobre fotografía aérea do SIXPAC na que se aprecia o contorno inmediato apenas alterado.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dirección Xeral do
Instituto Galego da
Vivenda e Solo

Área Central, s/n
Polígono de Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 54 19 00
Fax 981 54 19 02

SAIDA

NOV 08 10 09:32

1838
10-11-10

Data:	Santiago de Compostela 8 de novembro de 2010
S/Ref.:	
N/Ref.:	JLES /mj

Enderezo:

XESTUR PONTEVEDRA, S.A.
P. Maruja Mallo, 1, 1º
36201 - VIGO (Pontevedra)

ASUNTO: **Remisión copia informe AUGAS DE GALICIA- P.S. POLÍGONO INDUSTRIAL de A PASAXE, nos Concellos de Gondomar e Vigo (Pontevedra).**


Achégase copia do informe emitido por AUGAS DE GALICIA relativo ao proxecto sectorial do Polígono Industrial de A PASAXE, nos concellos de Gondomar e Vigo (Pontevedra), para o seu coñecemento e darlle traslado do mesmo ao equipo redactor.

O xefe de servizo de Solo Empresarial




Jose Luis Estevez Sobrino

José Luis Estévez Sobrino



50

Instituto Galego da Vivenda e
Solo
Area Central s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña



ASUNTO: REMISIÓN DE INFORME

En contestación á súa solicitude remítense, aos efectos oportunos o informe da Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico sobre o proxecto sectorial do Polígono Industrial da Pasaxe nos concellos de Gondomar e Vigo.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2010
O subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico



Juan Carlos Argüello Fernández



10-11-10

Informe relativo ó Proxecto Sectorial do Polígono Industrial de A Pasaxe, nos concellos de Gondomar e Vigo

Con data de 8 de outubro de 2010 recibíuse escrito do Instituto Galego da Vivenda e Solo no que se solicita informe relativo ó documento indicado no encabezamento. Xúntase separata en formato dixital.

Os principais aspectos que afectan ós bens baixo a tutela desta administración hidráulica son os seguintes:

- Os ríos afectados pola urbanización do polígono son o Zamáns e o Calvo.

O río Zamáns discorre polo ámbito en dirección leste-oeste. Trátase dun curso de auga afectado por numerosas estruturas de paso e obras de drenaxe transversal debido a que as empresas que se implantaron ata o momento fixérono sen planificación, e tamén pola construción da autovía AG-57. O Polígono englobase na súa cunca e tómanse medidas para que a súa construción non teña efectos negativos sobre o río. Para isto defínese unha zona de protección, a partir da lámina de inundación da avenida de 500 anos, calculada no correspondente estudo hidráulico. Faise unha excepción cunha edificación parcialmente afectada pola lámina de inundación da avenida de 500 anos pero non pola máxima crecida ordinaria.

O río Calvo, que é un curso de auga de pouca entidade que nace no ámbito de actuación, delimitase cunha zona de protección de 15 metros a cada lado do río, que se considera suficiente.

Nestas zonas delimitadas como de protección os únicos traballos que se levarán a cabo serán os de limpeza e preservación de marxes, previa autorización da administración hidráulica.

- Indícase na Memoria que as redes de abastecemento de auga nas inmediacións do polígono son totalmente inexistentes e na actualidade as empresas situadas na zona de estudo abastécense mediante captación de augas subterráneas por medio de pozos.

Coa realización do proxecto dótanse as industrias existentes. Para o dimensionamento da rede séguense as indicacións recollidas na ITHOG-ABA-1/1 e o caudal demandado, a efectos de conexión exterior, será de 10,23 l/s. A conexión ó exterior quedará resolta coa conexión á condución xeral de subministro de auga á ETAP de Nigrán, a construción dun depósito de cabeceira próximo ó polígono e unha ETAP no propio polígono. A rede executarase baixo as beirarrúas, seguindo un esquema de malla.

Recóllese tamén a posibilidade dunha captación para abastecemento no río Zamáns, como alternativa á conexión á rede da ETAP de Nigrán.

- En canto ó saneamento, reflíctese na Memoria que na actualidade algunhas das empresas existentes verten ó saneamento integrado de Gondomar-Universidade de Vigo, instalado ó longo da estrada de Zamáns. O resto das empresas optaron pola instalación de pozos negros ou fosas sépticas.

No punto 3.4.2 defínese a rede de saneamento prevista. Trátase dunha rede *separativa*, da que se describen a continuación os aspectos máis significativos.

* Saneamento de augas residuais: Coa realización do proxecto dótanse as empresas existentes do servizo. Para o dimensionamento da rede calcúlanse os caudais de saneamento seguindo as indicacións da ITOHG-ABA-1/1. As augas recollidas condúcense ata a parcela onde se implantará a EDAR propia para o polígono. Debido a topografía do terreo precísanse ata 4 puntos de bombeo para facer chegar tódalas augas recollidas a esta EDAR. O punto de vertido defínirase cando se tramite a regulamentaria autorización de vertido ante Augas de Galicia.

* Saneamento de augas pluviais: prevese que as augas recollidas nas superficies do polígono discorran pola rede e se incorporen, previo paso polos diferentes tanques de tormentas, ás concas naturais correspondentes, pretendendo que a rede hidrográfica se vexa o menos afectada posible. A rede proxéctase con conducións de PVC e de formigón.

Dende o exercicio das competencias e funcións encomendadas a este organismo autónomo cómpre facer as seguintes observacións:

- As zonas de protección establecidas nas marxes dos ríos afectados considéranse axeitadas.
- Se se pretende a captación de auga do río Zamáns para o abastecemento do polígono deberase solicitar e obter a correspondente concesión administrativa para o aproveitamento.
- Deberanse identificar tódalas captacións de auga existentes (pozos), con indicación expresa da persoa física ou xurídica que realiza o aproveitamento e da situación administrativa (existencia ou non de concesión ou de recoñecemento do dereito por disposición legal).

Como paso seguinte farase unha relación exhaustiva de cales de eses aproveitamentos sería aconsellable conservar, para poder facer as actualizacións, modificacións ou legalizacións que resultasen necesarias, así como o selado de aqueles que se supriman.

- O saneamento previsto das augas residuais considérase axeitado. Tal e como se recolle no proxecto, deberase solicitar e obter a autorización de vertido, onde se establecerán os parámetros do efluente e o punto de vertido.

- A solución para as augas pluviais non se considera axeitada, polo que supón de alteración da rede de drenaxe natural do terreo, aumentando a escorrenta directa. Deberase estudar a súa posible reutilización (rega, depósito para incendios, etc.) e establecer corredores ou beirarrúas drenantes que faciliten a filtración e reduzan a escorrenta directa. As mesmas zonas verdes que se definen no polígono poden ser o elemento filtrante básico para esta finalidade. Na procura deste obxectivo serán de aplicación as Instrucións técnicas para obras hidráulicas en Galicia, que se poden consultar na páxina web de Augas de Galicia, e máis en concreto a ITHOGH-SAN-1/4.

En consecuencia, e de acordo co exposto, infórmase **favorablemente** o "Proxecto Sectorial do Polígono Industrial de A Pasaxe" sempre que se teñan en conta as consideracións feitas nos parágrafos precedentes.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2010
O enxeñeiro de camiños, canles e portos

Juan José Lojo Buján

Informe complementario relativo ó Proxecto Sectorial do Polígono Industrial de A Pasaxe, nos concellos de Gondomar e Vigo

Con data de 8 de outubro de 2010 recibíuse escrito do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) no que se solicitaba o informe sectorial deste organismo autónomo.

Con data 28 de outubro de 2010 emitíuse o correspondente informe, favorable pero con determinadas observacións ou prescricións. Unha destas observacións referíase á obriga de identificar tódalas captacións de auga existentes (pozos), con indicación da súa situación administrativa e da conveniencia de manter algunha delas.

En escrito de data 18 de abril de 2010 o IGVS solicita que se admita o cumprimento da devandita observación no regulamentario Proxecto de Urbanización posterior á aprobación do proxecto sectorial, xa que durante a redacción deste non é viable a identificación das captacións dunha maneira rigorosa. A obriga de reflectir a relación dos aproveitamentos no Proxecto de Urbanización inclúese, segundo indica o IGVS, no plan de seguimento da proposta de Memoria Ambiental do proxecto sectorial.

Por parte desta administración hidráulica non existe inconveniente en acceder ó solicitado, tendo en conta que o proxecto de urbanización deberase someter a informe deste organismo e nese momento farase a comprobación do cumprimento desa condición e de tódalas demais que se estableceron no devandito informe do 28 de outubro de 2010.

Como aclaración complementaria cómpre engadir que a manifestación de que "as zonas de protección establecidas nas marxes dos ríos afectados considéranse axeitadas", reflectida no noso informe, non presupón ningún xuízo sobre a concordancia ou non da documentación coa realidade física e xurídica das zonas afectadas.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2011
Xefe da Área de Autorizacións e Concesións

Juan Jose Lolo Buján

O 28-10-2010 o organismo autónomo Augas de Galicia elaborou o informe relativo ó Proxecto Sectorial do Polígono Industrial de A Pasaxe, nos concellos de Gondomar e Vigo no que se establecía a seguinte consideración:

Deberanse identificar tódalas captacións de auga existentes (pozos), con indicación expresa da persoa física ou xurídica que realiza o aproveitamento e da situación administrativa (existencia ou non de concesión ou de recoñecemento do dereito por disposición legal).

Como paso seguinte farase unha relación exhaustiva de cales de eses aproveitamentos sería aconsellable conservar, para poder facer as actualizacións, modificacións ou legalizacións que resultasen necesarias, así como o selado de aqueles que se supriman.

Dende o IGVS considérase que durante esta fase dos traballos (redacción do proxecto sectorial) non é viable identificar de maneira rigorosa as captacións (pozos particulares) existentes. Cabe indicar que en ningunha alegación dos particulares se fixo constar a existencia de ningún pozo de abastecemento. Para garantir que estes traballos de inventariado de pozos existentes se levarán a cabo correctamente incluíuse como medida no plan de seguimento da proposta de Memoria Ambiental do proxecto sectorial o seguinte:


"- Na fase xestión dos terreos (previa á execución das obras) solicitarase por escrito a todos os propietarios da zona información sobre se contan na actualidade con pozos de abastecemento e que de ser así presenten a documentación correspondente sobre o estado administrativo do mesmo. Con esta información no proxecto realizarase unha relación de se é conveniente manter algún aproveitamento. O inventario de pozos será recollido no Proxecto de Urbanización."

Por todo o exposto, solicítase que se informe favorablemente a realización da identificación das captacións na fase proposta.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2011


Mª Paz Llorente Taboada
A Directora Técnica de Solo





JT/iri
N/REF: PU/PO/001/09/01
S/REF: PLT/bga

Achégolle o informe emitido por esta Dirección Xeral relativo ao proxecto "PROXECTO SECTORIAL DO POLIGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE", GONDOMAR - VIGO - PONTEVEDRA, de acordo coa súa solicitude.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2011
O director Xeral de Conservación da Natureza

Ricardo García-Borregón Millán

DIR. X. INST. GALEGO DA VIVENDA E SOLO
Área Central s/n
Polígono de fontiañas
15781 Santiago de Compostela

JT/dn

ASUNTO	Solicitude de informe sectorial	CLAVE	PU-PO-001-09
PROXECTO	Proxecto Sectorial do Polígono Industrial de A Pasaxe		
ESPAZO NATURAL	Ningún		
CONCA FLUVIAL	Miñor		
CONCELLO	Gondomar e Vigo	PROVINCIA	Pontevedra
SOLICITANTE	Instituto Galego de Vivenda e Solo	Ref.:	PLT/bga
PROMOTOR	Instituto Galego de Vivenda e Solo	Ref.:	PLT/bga

Antecedentes.

O presente informe emítese como resposta ao oficio presentado polo Instituto Galego de Vivenda e Solo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, relativo ao proxecto "Proxecto Sectorial do Polígono Industrial de A Pasaxe, nos concellos de Gondomar e Vigo". A documentación enviada para o seu análise consiste en:

- *Polígono Industrial de A Pasaxe. Proxecto Sectorial e Informe de Sustentabilidade Ambiental. Avance de documento para tramitación: Maio 2010.*

Para a elaboración deste informe teñense en conta as consideracións formuladas polo Servizo de Conservación da Natureza de Pontevedra sobre a documentación de referencia.

Resumo das actuacións.

O Polígono Industrial de A Pasaxe localízase na parroquia de Vincios, no extremo norte do termo municipal de Gondomar, na provincia de Pontevedra. Sitúase maioritariamente sobre terreos forestais da comunidade de montes e propietarios desta parroquia. Esta área está delimitada polo norte polo concello de Vigo do que inclúe unha pequena parte e co núcleo da Garrida en primeiro termo, polo este pola canle do río Zamáns, polo sur pola autopista AG-57 e polo oeste por un curso de auga, o regato Oeste ou río Calvo.

Na actualidade xa existen aproximadamente 80 empresas instaladas dentro do ámbito de actuación, que carecen das infraestruturas básicas para o desenvolvemento das súas actividades. Para solucionar este aspecto xurde o Proxecto Sectorial de referencia que busca regularizar a situación das empresas instaladas no devandito Polígono, dotándoas

das infraestructuras precisas para desenvolver a súa actividade de conformidade cos actuais parámetros de sustentabilidade e respecto ao medio ambiente. A maiores desta regulación, preténdese implantar 163.203,87 m² de parcelas destinadas a actividade empresarial e industrial.

As posibles alternativas estudadas foron, en primeiro lugar, a posibilidade de execución do Proxecto Sectorial (alternativa 1) ou manter a situación tal e como se atopa na actualidade (sen Proxecto Sectorial – alternativa 0). A alternativa de realizar o proxecto noutro emprazamento non se considera, xa que este responde a unha necesidade concreta do territorio, posto que, como xa mencionou anteriormente, existen 80 empresas implantadas de maneira irregular e desordenada neste ámbito. Seleccionouse como a alternativa a desenvolver a alternativa 1 que pretende a execución do parque empresarial.

Deseñáronse dúas zonas verdes públicas computables que servirán para integrar a conca dos ríos existentes, e dispóñense co criterio de absorber as zonas de maiores pendentes, non aptas para a explanación de parcelas. A revexetación destas zonas verdes de nova creación realizarase con especies arbóreas autóctonas.

No espazo verde ao Oeste discorrerá o río Calvo así coma un rego afluente do mesmo, mentres que no espazo verde ó Sur discorre o río Zamáns.

Dentro da documentación de referencia, definiuse unha zona de protección para o río Zamáns no entorno do ámbito, a partir da lámina de período de retorno de 500 anos resultado do citado estudo hidráulico. Neste criterio faise a excepción dunha edificación preexistente ao Este da peaxe da autopista, que se atopa parcialmente afectada pola lámina de inundación da avenida de período de retorno de 500 anos pero non pola máxima crecida ordinaria, nin pola zona de servidume. Esta zona de protección está avalada pola Administración Hidráulica de Galicia.

Polo que se refire ao río Calvo, dado que se trata dunha canle de escasa entidade que nace no entorno do ámbito de actuación, delimitase a zona de protección como unha franxa de 15 m a cada lado do leito do río.

Nestas zonas de protección hidráulica unicamente se permitirán a limpeza e preservación das marxes das canles e sempre segundo os criterios que estableza a Administración Hidráulica de Galicia.

Polo que respecta ás actuacións referentes aos servizos necesarios para o correcto funcionamento do parque empresarial, a documentación establece o seguinte:

- No que se refire a conexión exterior de abastecemento mencionanse varias alternativas, así contéplase o establecemento dun punto de captación na cunca do río Zamáns, ben a través dunha conexión á conducción xeral de subministro de auga bruta á ETAP de Nigrán ou ben de modo directo no leito do río. Asemade sería preciso a construción dun depósito de cabeceira nun emprazamento próximo ao ámbito e situado a unha cota elevada para poder garantir o subministro de auga potable mediante gravidade levando a cabo automaticamente a regulación necesaria. Deste xeito tan só é preciso deseñar un bombeo que mantenga os niveis de auga necesarios en dito depósito dende o punto de captación. Se construíra un depósito propio para o parque dunhas dimensións tales que permita a regulación dos caudais punta. No plano *Proposta Abastecemento (I.T. 012)* menciónase a instalación na parcela RI-2 (reserva de infraestructuras) dunha ETAP e un bombeo que captaría a auga dun azud existente no río Zamáns, a maiores conectaríase, fora do polígono, cun depósito de abastecemento.
- O sistema de saneamento para o Polígono Industrial de Pasaxe deséñase coma un sistema completamente separativo:
 - o Augas pluviais: colectores de PVC e de formigón que transporten a escorrenta superficial, tanto de parcelas, viarios e zonas verdes, ata o punto de desaugadoiro máis adecuado. Nos puntos finais da rede, e inmediatamente anteriores ós de vertedura, disporase un tanque de tormentas no cal as augas pluviais recollidas recibirán un tratamento axeitado antes de seren vertidas. En total dispóñense 5 puntos de vertido, un deles sito no río Calvo e os restantes no río Zamáns, cada un dos cales recolle as augas dunha determinada rexión do Polígono.
 - o Augas residuais: condúcense ata a parcela RI-01 onde se implantará unha EDAR propia para o polígono. Debido á topografía do ámbito e a configuración deste



polígono, serán necesarios ata 4 puntos de bombeo para facer chegar tódalas augas recollidas a esta EDAR. Para o punto de vertido a medio receptor pódense propoñer, a priori, dúas alternativas: vertido ao río Calvo ou vertido ao río Zamáns. O punto concreto resolverase no momento da tramitación do correspondente expediente de vertido. Os límites de vertido ao medio receptor serán establecidos por Augas de Galicia.

- A rede de enerxía eléctrica incluída no presente proxecto sectorial corresponde a un deseño realizado pola empresa subministradora Unión Fenosa S.A.
- Os puntos de luz que se utilizarán nesta instalación son luminarias con lámpadas de Vapor de Sodio de Alta Presión (VSAP) de 150 ó 250 W con elevado rendemento luminoso, sobre báculos con brazo de 1,5 m e de 10 ó 12 m de altura, segundo o viario considerado.
- Disporase dunha rede de gas que deseñárase considerando un criterio de presións, sendo neste caso o rango de $2 < P \leq 5$ bar. O subministro exterior realizarase mediante a conexión na primeira fase do polígono a unha conducción de Alta Presión de aceiro de 6" procedente do núcleo urbano de Gondomar e que está na actualidade en fase de execución.
- Finalmente contéplase a necesidade da instalación dunha Rede de Telecomunicacións.

A pesares de existir diverxencias na documentación aportada entre a superficie do ámbito do futuro parque empresarial (dende 58,7 ha ata 63 ha) considérase o seguinte como referencia de ordenamento para o presente informe:

Zona	Superficie neta		Superficie Edificable (m ²)
	Area (m ²)	%	
Actividade empresarial e industrial	352.089,48	60,01	308.933,29
Equipamento	12.059,20	2,06	6.029,60
Viario	66.125,30	11,27	
Parcelas específicas de aparcadoiro	12.663,98	2,16	
Total Viario+aparcadoiro	78.789,28	13,43	
Reserva de infraestruturas	3.641,40	0,62	
Zona verde computable	101.641,33	17,32	
Zona verde non computable	23.802,61	4,06	
Total zona verde	125.443,94	21,38	
Sistemas xerais adscritos	14.728,80	2,51	
Superficie ámbito	586.752,09	100	



Polo que respecta aos aparcadoiros previstos, preséntase un mínimo de 865 prazas públicas e 3.707 totais.

Análise do proxecto.

O ámbito de estudo non se localiza dentro de ningún espazo protexido, declarado conforme a *Lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza* ou da lexislación reguladora dos espazos naturais, a flora e a fauna.

O solo a desenvolver non incluíría terreos do Inventario de humidaís de Galicia creado polo *Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidaís protexidos e se crea o Inventario de humidaís de Galicia*.

Segundo o "Atlas e manual de hábitats de España" do Ministerio de Medio Ambiente, non existen hábitats naturais de interese comunitario ou prioritario na zona de situación do proxecto.

Segundo a información contida no SITEB (Sistema de información territorial da biodiversidade dispoñible na páxina Web da Dirección Xeral de Conservación da Natureza) para a cuadrícula UTM 10x10 km no que se localiza o futuro parque (29TNG26), están presente as seguintes especies incluídas no *Decreto 88/2007 de 19 de abril, polo que se regula o catálogo galego de especies ameazadas*:

Perigo de Extinción

- *Anas crecca* (Poboación nidificante).
- *Botaurus stellaris*.
- *Gallinago gallinago* (Poboación nidificante).
- *Vanellus vanellus* (Poboación nidificante).
- *Milvus milvus*.

Vulnerables:

- *Circus cyaneus*.
- *Chioglossa lusitanica*.
- *Dryopteris guanchica*.
- *Gasterosteus aculeatus*.
- *Hyla arborea*.
- *Pelobates cultripipes*.
- *Rana iberica*.
- *Rhinolophus ferrumequinum*.
- *Rhinolophus hipposideros*.
- *Scolopax rusticola* (Poboación nidificante).





Conclusiones.

Unha vez analizadas as actuacións previstas e o ámbito de estudo, sempre que se sigan tódalas medidas contempladas na documentación e no presente informe, estímase que non son de prever afeccións significativas directas ou indirectas aos valores naturais.

Dende esta dirección Xeral e para a execución xeral do proxecto, preséntanse unha serie de condicións que se deben ter en conta, coa finalidade de realizar unhas obras coas mínimas afeccións:

- Existen dúas naves industriais incluídas nas zonas verdes (Tadecol e Cristaloría Arte), polo que non debe contabilizarse nesta categoría de solo a superficie ocupada por estas empresas así como os seus accesos.
- Evitarase na medida do posible, a execución de actuacións agresivas coa vexetación en todas as masas boscosas do ámbito e, en especial naquelas cunha pendente acusada, ou nos pés arbóreos situados ao longo do territorio de actuación cun gran valor debido a idade dos mesmos.
- Resulta de interese a preservación dos ecosistemas existentes na zona coma os sebes arborados ou arbustivas e pequenas formacións de carballos e castiñeiros.
- Sería conveniente conservar, salpicadas pola zona do proxecto, manchas de vexetación arbórea e arbustivas autóctonas, preservando as existentes sempre que sexa posible, e recreando áreas de bosque autóctono ao redor destas.
- Nas zonas verdes proxectadas deberán conservarse os pés autóctonos de maior entidade de toda a parcela, e no suposto de ser precisas novas plantacións estas realizaranse con especies autóctonas e a ser posible de procedencia local.
- Evitar a perda de vexetación nas marxes dos ríos, xa que protexen da erosión do terreo. Así, no caso de tala de vexetación, realizaranse ás estritamente necesarias para a execución da obra e coas autorizacións pertinentes. Neste senso para calquera aproveitamento, utilización ou modificación da vexetación de ribeira estarase ao disposto na *Resolución do 27 de maio de 2002, da Consellería de Medio Ambiente relativa á tramitación e resolución dos expedientes de autorización para sementeiras, plantacións e corta de árbores en terreos de Dominio Público*



Hidráulico, e para o aproveitamento e utilización da vexetación arbórea e arbustiva da zona das ribeiras dos ríos.

- Evitar a creación de obstáculos ao movemento da fauna acuática e semiacuática.
- Os extremos das tubarías de captación irán provistos dunha reixa ou de calquera outro sistema que impida o acceso da fauna do río ao mesmo.
- Dada a existencia dos cursos fluviais do río Zamáns e Calvo, deben tomarse tódalas medidas necesarias para a protección e conservación da vexetación ripícola, debendo ser informado o Servizo de Conservación da Natureza de Pontevedra de calquera actuación non prevista na documentación e que poida afectar a estas zonas.
- No referido ás tomas de auga, fálase dunha posible extracción de auga directamente do río Zamáns. Este río ten, augas arriba, un encoro dedicado ao abastecemento de auga potable ao concello de Vigo, sendo esta finalidade prioritaria fronte calquera outro uso segundo a lexislación. Este abastecemento pode dar lugar a que en épocas de estiaxe non se acade sequera ao caudal ecolóxico neste curso, polo tanto non se podería detraer ningunha cantidade de auga do río, polo que debe terse en conta este aspecto para o sistema de abastecemento.
- Realizarase o correcto deseño e mantemento dos tanques de tormentas cara a evitar un mal funcionamento dos mesmos.
- As bacías non se poden ver alteradas de ningún xeito, nin fora nin dentro do ámbito de actuación, tampouco se afectará a calidade das augas e por suposto as características físicas dos canles.
- Deberán executarse as medidas protectoras e correctoras precisas para evitar calquera tipo de afección ás especies de flora e fauna ameazada.
- Os traballos que puidesen prexudicar a fauna na súa época de cría, faranse fora de dito período. No caso de imposibilidade de evitar esa época, iniciaranse antes do comezo do período máis sensible, evitando así que a afección se produza sobre animais en reprodución.
- Controlarase e evitarase a presenza de especies alóctonas e de carácter invasor no ámbito de actuación.





- Establecerase a recollida, almacenamento, conservación e/ou xestión da terra vexetal afectada polas obras. Dada a importancia do solo vexetal, por conter as características da zona, empregarase na recuperación de zonas degradadas.
- As empresas e responsables de actividades susceptibles de causar procesos contaminantes, deberán contar con plans e medios axeitados de intervención inmediata para os casos de emerxencia.
- En todo momento as augas susceptibles de ser afectadas polas obras cumprirán o preceptuado no artigo 80º do Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais sobre calidade mínima esixible ás augas continentais.
- A superficie afectada polas obras, quedará desprotexida e exposta as inclemencias do tempo ata a instalación das correspondentes naveas empresariais, polo que as escorrentas poden ocasionar arrastres de materiais que van a parar aos cursos fluviais e poden provocar a contaminación das augas. Por este motivo deberán tomarse as medidas adecuadas para evitar esta afección, mediante a revexetación canto antes destas superficies ou recollendo os escoamentos en balsas de decantación, que se deberán de controlar e xestionar para un correcto funcionamento.
- Procederase a estabilización de noiros para evitar que os procesos erosivos provoquen desprendementos.
- Non se permitirá que as formigoneiras se desfagan do sobranse de formigón, nin que limpen o contido das cubas, nin as ferramentas nas proximidades de correntes de auga por moi pequenas que estas sexan.
- Tanto no proceso construtivo como na fase de explotación deberán adoptarse as medidas necesarias para non comprometer a rede natural de drenaxe, permitindo o fluxo das augas á velocidade adecuada.
- Durante a fase de movementos de terras, terase especial coidado de que non cheguen aportes de materiais ás correntes de auga por pequenas que estas sexan.
- No vertido das redes de pluviais e de saneamento, tomaranse as medidas precisas para evitar calquera tipo de afección ao entorno fluvial.



- Tomaranse as medidas de seguridade necesarias para evitar derramos accidentais dos tanques de almacenamento de produtos como aceites, graxas e carburantes de motores.
- Os traballos que supoñan aporte de finos ocasionados polos movementos de terras, deberán programarse fóra dos períodos chuviosos.
- Analizaranse as épocas máis adecuadas para a realización de cada traballo, adaptando o cronograma das actuacións aos resultados obtidos e, de tal xeito, que se produzan as mínimas afeccións posibles.
- Os residuos xerados recolleranse e xestionaranse conforme a súa natureza, primando a reciclaxe fronte a vertedura.
- Queda prohibida, salvo autorización, a queima de residuos, material excedente, restos vexetais ou calquera tipo de resto procedente da execución das obras.
- Durante a fase de obras, nos períodos de seca procederase á humectación e/ou rega de materiais pulverulentos, así mesmo, os camións irán equipados con lonas ou toldos durante o transporte de material.
- Por último, delimitarase correctamente o terreo a ocupar polos labores do proxecto, co fin de diminuír a perda innecesaria e a alteración de formacións vexetais polo tráfico de maquinaria.


O presente informe emítese sobre a documentación aportada e sen prexuízos doutras comunicacións, autorizacións e/ou informes precisos. Calquera modificación do proxecto que teña algunha afección sobre o medio natural, requirirá o seu informe correspondente.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2011.

Xefe do Servizo de Análise
de Proxectos, Plans e Programas

Xosé Manuel Turrillo Montiel.

Visto e Prace
O subdirector xeral de Espazos
Naturais e Biodiversidade.


Abel Fernández Díaz.





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE
 MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO
 E INFRAESTRUTURAS
 Dirección Xeral de Infraestruturas
 Subdirección Xeral de Planificación e
 Programación

**INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE INFRAESTRUTURAS Á AFECCIÓN Á ESTRADA
 PO-331 ENTRE OS PK. 11+500 E 12+300 NO PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO
 INDUSTRIAL DE A PASAXE. CONCELLO DE GONDOMAR (PO)**

O presente informe emítase ó amparo do indicado nos artigos 85 e 86 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, así como no artigo 15 e concordantes da Lei 4/1994, de 14 de setembro, de Estradas de Galicia, e demais lexislación relacionada, sendo os datos básicos do documento presentado os seguintes:

Documento: PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE
 Promotor: XESTUR PONTEVEDRA S.A.
 Redactor: IDOM
 Estradas autonómicas afectadas:

Denominación	Categoría	Lonxitude afectada (km)
PO-331 O Porriño -Gondomar (PO-340) P.K.11+500 a 12+300	Primaria Complementaria	0,800

Xestur Pontevedra S.A. está a desenvolver o proxecto sectorial do Polígono Industrial de A Pasaxe co obxectivo de regularizar e ordenar situacións urbanísticas nacidas á marxe do planeamento aos efectos de dotarlas de condicións de sustentabilidade urbanística e ambiental.

Co obxectivo de mellorar a accesibilidade e a seguridade viaria do futuro parque, Xestur Pontevedra propón a realización dunha conexión coa glorieta proxectada en dirección NO-SE no P.K. 12+250. A Dirección Xeral de Infraestruturas redactou o proxecto de Mellora de Seguridade Viaria da PO-331. Treito P.K.11+300 ao 13+100 (PO/07/123.06) que contempla un ramal de acceso a glorieta semellante ao proposto por Xestur.

Visto o que antecede esta Dirección Xeral de Infraestruturas informa favorablemente a proposta de conexión coa glorieta, non obstante deberá terse en conta:

- 1.- Que esta Dirección Xeral non ten previsto neste momento a execución da glorieta contemplada no proxecto de Mellora de Seguridade Viaria da PO-331. Treito P.K.11+300 ao 13+100 (PO/07/123.06)
- 2.- Que dado que debe quedar garantida a Seguridade Viaria, deberá ser asumido por Xestur a execución e o custo da glorieta, ou ben asumir o atraso do desenvolvemento do polígono hasta a execución da obra por parte desta Dirección Xeral.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, a 14 de xaneiro de 2011

O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos

O Xefe de Servizo de Planificación e Programación

José Manuel Guerra Janeiro

Carlos Lefler Gullón

Vº Bº
 Subdirector de Planificación e Programación

Conforme
 A. Directora Xeral de Infraestruturas

Antonio López Blanco

Ethel Vázquez Mourelle

XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE
 MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO
 E INFRAESTRUTURAS
 Dirección Xeral de Mobilidade

ENTRADA N.º 2015
 SAIDA N.º
 DATA 15-12-10

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO
REGISTRO XERAL
 SANTIAGO DE COMPOSTELA

02 DEC. 2010
 Nº 22855 Hora 11:51
 ENTRADA

XACOBEO 2010
 Galicia

XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
 DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE

- 1 DEC. 2010

Nº ENTRADA Nº SAIDA
 11443

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO
 Área Central, s/n
 15784 Santiago de Compostela (A Coruña)

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2010

**ASUNTO: INFORME RELATIVO AO PROXECTO SECTORIAL DO
 POLÍGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE**

Por medio deste escrito acuso recibo do referido expediente o día 11 de outubro de 2010, e remítolle informe emitido dende esta Dirección Xeral de Mobilidade sobre o asunto.

Atentamente,


O DIRECTOR XERAL DE MOBILIDADE

Miguel Rodríguez Bugaráin



Plaza María Pita 11
Tél. 986 28 84 77
Fax 986 28 84 47
36005 - VIGO
REGISTRO

ENTRADA N.º
ORIXE N.º
DATA 15-12-10



ASUNTO: INFORME RELATIVO AO PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE

Con relación ao citado proxecto sectorial e ao seu Informe de Sustentabilidade Ambiental (ISA), faise constar:

I Análise dos documentos

1. Malla as Indicacións do Documento de Referencia, na alínea 3 de análise de alternativas do ISA só se considera unha alternativa, lóxicamente apoiada no parque preexistente, ademais da alternativa cero (non facer nada). Non se avalían diferentes alternativas de ordenación.
2. Na alínea 4.6 do ISA, de identificación e caracterización dos efectos sobre o medio no eido da mobilidade, faise, cumprindo co Documento de Referencia, unha análise das necesidades de mobilidade e a correspondente estimación de GEI. Pero non se formulan verdadeiras alternativas. Ademais, o dato obtido sobre as emisións non se emprega posteriormente.
3. Na mesma alínea, bótase en falta a análise correspondente ao criterio "Facilitar unha conectividade eficiente cara aos principais destinos" referido ao ámbito no que se insire o polígono (parece que erroneamente se consideran estradas e conexións alleas a este ámbito).
Cómpre facelo sobre o guión e co nivel de detalle impostos polo Documento de Referencia, que ten en conta a adaptación dos itinerarios de interconexión a vías de alta capacidade ás características do tráfico, e impón o deseño de itinerarios axeitados ás necesidades dos modos de desprazamento alternativos ao coche.
4. As medidas deseñadas en materia de mobilidade da alínea 5.6 considéranse moi xenéricas e pouco precisas: "as emisións poden reducirse fomentando o uso de transportes alternativos ao automóbil"; "podería resultar interesante a creación de liñas de autobús con destino/orixe no parque"; "en ausencia de liñas de transporte colectivo...debería fomentarse o coche compartido".
Sería desexable que se analizase que liñas existen, o servizo que dan, ver se este é adecuado e abondo, e deseñar ou propoñer alternativas en caso contrario. Neste sentido, no punto 8 do capítulo I de análise deste informe dáse información sobre as características das paradas das liñas de autobús existentes, de concesións de transporte público regular de viaxeiros da competencia da Xunta de Galicia.
5. Analogamente sucede no punto 9.6 de deseño de medidas, do resumo non técnico do ISA, que, no campo da mobilidade, di que "se fomentará o uso de transportes alternativos ao automóbil, como o autobús, o coche compartido, a bicicleta ou o acceso a pé".
Sería conveniente especificar que medidas concretas de fomento destes modos son as que se propoñen.

6. No plan de seguimento da alínea 6 do ISA, establécese un único indicador no eido da mobilidade, que é a "IMD prevista de vehículos (incremento)". Fíxanse como obxectivos uns incrementos diarios de 798 vehículos lixeiros e de 213 vehículos pesados.

Porén, non se especifica a que sección das estradas polas que se pode acceder ao polígono está referido o indicador. Estes accesos son cinco:

- a. Dende Vigo pola estrada PO-330 Vigo - Vincios;
- b. dende O Porriño pola estrada PO-331 o Porriño - Gondomar;
- c. dende Gondomar pola estrada PO-330;
- d. dende Vigo pola autoestrada AG-57 Puxeiros - Val Miñor;
- e. e dende Balona pola AG-57.

Non se aclara con respecto a que valor inicial da IMD hai que medir os incrementos.

Tampouco se especifica, en contra do que establece o Documento de Referencia, que medidas se van adoptar para que se poida dispór da IMD "facilmente, sen requirir de múltiples fontes de información para a súa obtención", nin a periodicidade das medicións, a metodoloxía, ferramentas, responsable e lugar de medición.

7. No mesmo plan de seguimento establécese unha tolerancia do 20% na consecución dos obxectivos, superada a cal entrarían en xogo as medidas que, no eido da mobilidade, consisten en "campañas de utilización de transporte público e de vehículos non tóxicos para o medio ambiente".
Parece máis adecuado e considérase máis conveniente comezar coas campañas sen esperar a que o incumprimento supere a tolerancia.
8. Por outra banda, dende o Servizo de Mobilidade do Departamento Territorial de Pontevedra, da CMATI, informan no sentido de que o polígono é atravesado polas liñas da concesión V-7047; XG-421 (Vigo-Gondomar-Fornelos, con anexos), da empresa MELYTOUR S.L.; que o polígono proxectado non afecta a ningunha parada desta concesión; e que existen tres paradas desta concesión situadas fóra dos límites do polígono, pero moi próximas, todas elas sen refuxio e sen espazo para a detención do autobús. Sitúanse nas estradas PO-330 Vigo - Vincios (no punto quilométrico 6+610), e na estrada PO-331 O Porriño - Gondomar (nos puntos quilométricos 11+750 e 12+560).

II Conclusións

1. Proxéctase a regularización do polígono existente xurdido á marxe do planeamento, así como a súa ampliación. Parece esta a causa pola que no ISA só se estuda unha alternativa (ademais da alternativa cero, que é non facer nada).
2. O ISA non considera certos aspectos na parte de análise dos efectos, carece de concreción na parte das medidas propostas, e de definición na dos indicadores, todo o anterior con relación ás esixencias impostas no eido da mobilidade polo Documento de Referencia. Por iso considérase que habería que ter en conta, na medida do posible, no ISA:


- a. No tocante ao estudo dos efectos sobre o medio, cumpriría facer o correspondente á conectividade cara aos principais destinos (segundo criterio da variable mobilidade na alínea 4 do Documento de Referencia).
 - b. No tocante ás medidas propostas, habería que analizar as conexións existentes en transporte público, ver se son adecuadas á demanda prevista, tanto no referido á infraestrutura (paradas de autobús) como no referido ao servizo prestado, e propoñer medidas concretas en caso contrario. Tamén habería que propoñer medidas concretas de fomento dos modos de transporte alternativos ao coche, tanto o transporte público colectivo e a viaxe compartida (*car-pooling*), como os modos non motorizados.
 - c. Faltaría completar o deseño do indicador elixido en materia de mobilidade (o incremento da IMD), especificando sección, valores iniciais, metodoloxía, ferramentas, responsable, periodicidade... consonte o establecido no Documento de Referencia.
3. O polígono proxectado non afecta nin a itinerarios nin a paradas dos servizos de transporte público regular de viaxeiros dos que é titular a Xunta de Galicia, malia a estar atravesado polas liñas da concesión V-7047; XG-421 (Vigo-Gondomar-Fornelos, con anexos) da empresa MELYTOUR S.L. Esta concesión conta con tres paradas moi próximas aos límites do polígono.

Polo tanto emítese informe favorable, sen prexuízo das indicacións anteriormente recollidas.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2010

O enxeñeiro en funcións facultativas,

Alfonso Tenorio Arangure



Visto e prace,
subdirectora xeral de Planificación
Técnica

Isabel Vila Barbosa

Conforme,
O director xeral de Mobilidade

Miguel Rodríguez Bugarín

INFORME SOBRE O PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DA PASAXE

SOLICITANTE: Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

1) O proxecto sectorial do polígono industrial da Pasaxe que afecta aos concellos de Gondomar e Vigo (Pontevedra) inclúese parcialmente en terreos declarados como monte veciñal en man común, nomeadamente aquel propiedade da comunidade de Vincios (Gondomar).

2) Respecto do valores forestais existentes, a zona atópase composta maioritariamente por masas de piñeiral e eucaliptal sen relevancia forestal. No entanto, preséntase vexetación ripícola relevante que pola súa aportación ao mantemento e conservación do ecosistema fluvial, así como pola protección hidráulica ás propias canles, cómpre conservar, esta superficie é clasificada en dito proxecto como "zona verde pública" ou "zona verde non computable".

Por todo elo:

INFORMO:

Favorablemente o proxecto sectorial do polígono industrial da Pasaxe, no ámbito das competencias da Dirección Xeral de Montes, propoñendo unha serie de recomendacións que deberán ter sidas en conta:

- A conservación e mantemento da vexetación ripícola existente, que circundan ás canles fluviais e que posúe unha clasificación de zona verde.
- Polo feito de existir unha afección a monte veciñal en man común estarase ao disposto na lexislación específica en materia, e especialmente respecto da incoación do expediente de prevalencia por causa de utilidade pública ou interese social recollido no artigo 6 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2011

O director xeral de Montes

Tomás Fernández-Couto Juánas



REGISTRO XERAL da Xunta de Galicia - P2
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN
PÚBLICAS E XUSTIZA - SANTIAGO DE COMPOSTELA

28 MARZO 2011

NÚMERO 12.680

INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E
SOLO (IGVS)
DIRECCIÓN TÉCNICA DO SOLO
Area Central s/n
Polígono das Fontiñas
15.781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ref.: SXAEA/SEA/JPG/lfr/03/2011
Asunto: informes valoración terreos rústicos

Achéganse dous informes sobre valoración de terreos rústicos para tramitación de proxecto sectorial de parque empresarial que de seguido se relacionan:

- PROXECTO SECTORIAL DE PARQUE EMPRESARIAL DE A PASAXE (PONTEVEDRA).
- PROXECTO PARQUE EMPRESARIAL DO BARBANZA NOS CONCELLOS DE RIBEIRA E A POBRA DO CARAMIÑAL.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2011

O xefe do Servizo
de Explotacións Agrarias



Javier Pereira González

INFORME SOBRE VALORACIÓN DE TERREOS RÚSTICOS PARA TRAMITACIÓN DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE A PASAXE (PONTEVEDRA).

Ref: IGVS/SEA/11-02-2011

SOLICITANTE: directora técnica do Solo do Instituto Galego de Vivenda e Solo.

FEITOS

O Instituto Galego a Vivenda e Solo está a promover á creación de solo industrial dentro do Proxecto sectorial de parque empresarial de A Pasaxe (Pontevedra).

Os terreos aos que afectaría a transformación e parcelación urbanística pertencen aos concellos de Gondomar e Vigo, e están caracterizados por:

1. Están clasificados segundo as seguintes figuras de planeamento:
 - No concello de Vigo, PXOM vixente (2008), Solo Urbano consolidado ordenanza 12 grado 3 (industrial).
 - No concello de Gondomar, vixentes as Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento (1991), os terreos incorporados no Proxecto Sectorial atópanse na clasificación de Solo non urbanizable de protección forestal.
2. O solo rústico de protección agropecuaria situado dentro do ámbito territorial dos concellos afectados de Vigo e Gondomar, non está declarado de especial interese agrario pola Consellería de Medio Rural.
3. As case 60 Ha de superficie que ocupa o Plan empresarial non pertencen a zonas de concentración parcelaria pública.
4. O Sistema de Información de Parcelas Agrícolas SIXPAC, con data de voo agosto de 2008 e ano de renovación catastral 1992, non determina usos agrícolas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia (DOG 5/12/1995), e as súas modificacións.
- Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal (DOG 17/4/2000).
- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (DOG 31/12/2002) e as súas modificacións.

- Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia (DOG 31/05/07).

INFORME

De acordo co indicado anteriormente, e tras realizar unha visita de campo en data 21/03/2011 para comprobar o valor agronómico dos terreos afectados polo Plan sectorial, se informa:

1. A superficie agraria útil e a capacidade agrolóxica do solo son inexistentes debido a causas orográficas e xeotécnicas así como ao intensivo grao de humanización. O proxecto sectorial comprende terreos que na actualidade están parcialmente urbanizados e o seu uso exclusivo é o industrial.
2. As fortes pendentes na cara oeste do ámbito, a degradación antrópica do solo consecuencia da implantación indiscriminada de actividades industriais e o continuo de edificación-urbanización foron deixando pequenas bolsas de terreno forestal. Actualmente as repoboacións existentes son de eucaliptos.
3. As baixas potencialidades agronómicas dos terreos afectados só permiten os usos e aproveitamentos industriais.

É polo que, desde o Servizo de Explotacións Agrarias da Dirección Xeral de Produción Agropecuaria, e no ámbito das súas competencias, emítese o presente informe non presentando inconveniente para que se continúe coa tramitación do mencionado Plan Sectorial.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2011.

O xefe de servizo de Explotacións Agrarias

Visto e Prace,
A subdirectora xeral de Apoio ás Explotacións Agrarias



O F I C I O

S/REF. AG/ap.
N/REF. JMP/hv
FECHA Noviembre 2010

INGENIERO JEFE DE LA DEMARCACIÓN

DEMARCACIÓN DE CARRETERAS DEL ESTADO EN GALICIA
C/ Concepción Arenal, nº 1 1º
15071 A CORUÑA


ASUNTO: **INFORME RELATIVO AL PROYECTO SECTORIAL DEL POLÍGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE.**

REXISTRO DE ENTRADA
17/01/2011

En relación con el tema de asunto, una vez examinada la documentación recibida se informa que el Proyecto Sectorial no afecta a la Red de Carreteras del Estado.

EL INGENIERO JEFE DE LA UNIDAD.

Fdo.: José Manuel Piris Ruesga.



Asunto: Proxecto sectorial do polígono industrial de A Pasaxe (concellos de Gondomar e Vigo, provincia de Pontevedra)


En relación co seus escrito de data 11 de outubro de 2010 nº 37734, reiterado con data 16 de decembro de 2010 nº 238289, no que se solicita informe sobre o documento de referencia para a avaliación ambiental estratéxica (AAE) do Proxecto sectorial do polígono industrial de A Pasaxe (concellos de Gondomar e Vigo, provincia de Pontevedra), xuntase informe técnico coas consideracións desta dirección xeral.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2011

O director xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública



Asdo.: Manuel Antonio Varela Rey



Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo
Área Central, s/n
Polígono de Fontiñas
15781 Santiago de Compostela

Informe sobre o proxecto sectorial do polígono industrial de A Pasaxe (concellos de Gondomar e Vigo, provincia de Pontevedra)

A Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia (DOG de 16 de maio de 2007), integra no seu Capítulo II, para os instrumentos de ordenación do territorio, nun solo procedemento a avaliación ambiental estratéxica establecida pola Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente (BOE de 29 de abril de 2006), e o procedemento de aprobación do planeamento recollido na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, desenvolto no referente aos plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal polo Decreto 80/2000, do 23 de marzo.

Unha vez aprobado o Proxecto definitivamente, o órgano promotor remiteo a esta Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública para a súa consulta.


No relativo ao abastecemento de auga ao polígono industrial de A Pasaxe que figura no proxecto e no plan sectorial temos que facer as seguintes consideracións:


A solución proposta para a conexión exterior de abastecemento parte dunha captación do recurso na conca do río Zamáns mediante a conexión a unha condución de auga bruta que parte da presa do Zamáns e vai cara a ETAP de Nigrán e a construción dun depósito de distribución.

No informe da Subdirección Xeral de Programación e Proxectos de Augas de Galicia, de data 30 de marzo de 2010, recollese que non é posible a conexión a rede municipal do concello de Gondomar e se establece como alternativa ao abastecemento do polígono un punto de captación no río Zamáns e a construción dun depósito de cabeceira que subministre auga ao polígono.


A proposta de abastecer ao polígono coa auga procedente do río Zamáns coa única instalación dun depósito distribuidor resulta insuficiente para acadar unha adecuada calidade da auga, polo que deberá contar coas instalacións necesarias para proceder ao tratamento de potabilización da auga bruta na correspondente ETAP, de xeito que se garanta a calidade da auga segundo o establecido no Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios da calidade da auga de consumo humano. Así mesmo, ditas instalacións deberán contar co preceptivo informe vinculante da autoridade sanitaria tanto do proxecto como da súa posta en funcionamento.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2011
O xefe do servizo de Sanidade Ambiental


Asdo: Manuel Álvarez Cortiñas

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Industria,
Energía e Minas

Edificio Adm. San Carlos, 4to. Planta 5 - 4ª planta
15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA

 XACOBEO 2010
Galicia

REGISTRO XERAL DE INICIATIVA DE GESTIÓN DE PROXECTOS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA
INDICIA ENTRADA - SANTIAGO DE COMPOSTELA
NÚMERO 27 DEC. 2010
SALIDA

REGISTRO XERAL DE INICIATIVA DE GESTIÓN DE PROXECTOS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA
INDICIA ENTRADA - SANTIAGO DE COMPOSTELA
NÚMERO 27 DEC. 2010
SALIDA

ENTRADA N.º 22
SALIDA N.º 73-X-11
DATA 11/01/2011

Antonio de la Hera Roldán

REGISTRO GALEGO DE VIVENDA E SOLO
REXISTRO XERAL DE INICIATIVA DE GESTIÓN DE PROXECTOS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA
INDICIA ENTRADA - SANTIAGO DE COMPOSTELA
NÚMERO 04 XAN. 2011
ENTRADA

So

Santiago de Compostela, 24 de decembro de 2010
O subdirector xeral de Administración Industrial

INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO
SRA. DIRECTORA TÉCNICA DO SOLO



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

Dirección Xeral do
Instituto Galego da
Vivenda e Solo

Área Central, s/n
Polígono de Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 54 19 00
Fax 981 54 19 01

SAIDA

007460 OCT 27 10 09:01

1794

2-11-10

Data:	Santiago de Compostela 27 de outubro de 2010
S/Ref.:	
N/Ref.:	JLES /mj
Enderezo:	XESTUR PONTEVEDRA, S.A. P. Maruja Mallo, 1, 1º 36201 - VIGO (Pontevedra)

ASUNTO: **Remisión copia informe sobre a calidade do ISA -P. S. do P. I. da PASAXE (Pontevedra)**

Achégase copia do informe da Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental sobre a calidade do ISA no Proxecto Sectorial do Polígono Industrial da PASAXE (Gondomar), para o seu coñecemento e darlle traslado do mesmo ao equipo redactor.

O xefe de servizo de Solo Empresarial



[Signature]

José Luis Estévez Sobrino



MINISTERIO DE
SANIDADE
San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
DATA: 2-11-10



XACOBEO 2010
Galicia

011746 21.10.10 08:55

SAIDA

Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo

Área Central, s/n.
15781 Santiago de Compostela

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO
REGISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

22 OUT. 2010

Nº 20182 Hora 9
ENTRADA

Asunto: Informe sobre a calidade do ISA

Plan: Proxecto sectorial do Polígono Industrial da Pasaxe

Órgano promotor: Instituto Galego da Vivenda e Solo

Con data do 13 de outubro de 2010, recíbese nesta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a documentación do Proxecto sectorial do Polígono Industrial da Pasaxe, sometido a información pública e consultas polo prazo de dous meses contados a partir da publicación do anuncio do 24 de setembro de 2010 no DOG nº 192, de 5 de outubro de 2010.

Unha vez avaliada a documentación presentada, cabe facer os seguintes comentarios en relación ao ISA como parte integrante do Plan:

1. Consideracións xerais.

O contido do informe de sostibilidade ambiental queda recollido no punto 7 do Documento de referencia (DR), de acordo co establecido no anexo I da *Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.*

A continuación, concrépanse as indicacións feitas no Documento de referencia, que non foron tratadas no Informe de sostibilidade ambiental con suficiente detalle.

2. Estrutura.

No que se refire á estrutura do documento, estipulada no Documento de referencia, de acordo co establecido no anexo I da *Lei 9/2006, do 28 de abril, o ISA se axusta á normativa.*

3. Contido.

En relación á análise obxectiva da contorna, bótase en falta un estudo da paisaxe cunha análise da cunca visual e da fragilidade paisaxística do territorio. Ademais, deberá detectarse tanto a flora como a fauna comprendida na *Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade e no Decreto 88/2007, de 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de especies ameazadas.* Por outra banda, cómpre informar que a *Directiva Aves 79/409/CEE, de 2 de abril, relativa á conservación das aves silvestres*, á que se fai referencia no ISA, foi substituída pola *Directiva 2009/147/CE, de 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres.*

En canto aos problemas e condicionantes ambientais da situación previa ao novo planeamento, deberían ter sido identificados no ISA a zona de avenida de prioridade media (Rfa de Vigo-Río Miñor), que recolle o Plan Hidrolóxico Galicia Costa (PHGC), así como a consideración dos Concellos de Gondomar e Vigo como zonas de alto risco de incendios segundo a *Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio en base ao risco espacial de incendio forestal.*



No referente á definición dos obxectivos específicos, o ISA fai unha distinción entre básicos e desexables, en ambos casos trátase dos criterios de sustentabilidade establecidos no DR; polo que non se consideran "obxectivos ambientais" en si mesmos. A este respecto cómpre subliñar que os obxectivos de sustentabilidade deben quedar perfectamente definidos como obxectivos propios que asume a planificación do Proxecto sectorial.

En canto á análise de alternativas, o ISA contempla a alternativa "0", entendéndoa como a non execución do Proxecto sectorial e, como única alternativa viable, a alternativa "1", que supón o desenvolvemento do mesmo. Polo tanto, non se aporta unha valoración das alternativas viables, que permitan alcanzar os obxectivos ambientais de maneira máis eficiente, en base á integración dos criterios de sustentabilidade, e cuns efectos ambientais, económicos e sociais máis favorables. Ao respecto, cómpre afondar na xustificación da selección da alternativa proposta.

O ISA identifica e caracteriza de maneira xeral os efectos sobre cada unha das variables de sustentabilidade; non obstante, cómpre afondar máis na identificación dos efectos esperados da execución do Proxecto sectorial sobre cada unha das variables do DR. Tamén se aprecia certa confusión entre efectos e medidas preventivas e correctoras, posto que as mesmas se inclúen no apartado 4 do ISA (identificación e caracterización de efectos), debendo ser trasladadas ao epígrafe correspondente, "deseño de medidas". As medidas foron, en termos xerais, correctamente identificadas, debéndose completar as referentes ás variables sociedade e economía, enerxía, ciclo hídrico e solo.

O plan de seguimento do Proxecto sectorial prevé a elaboración dunha memoria de seguimento de carácter anual durante, polo menos, os tres primeiros anos de aplicación do Proxecto sectorial. Dita proposta do plan de seguimento deberá considerar, ademais, a participación do órgano ambiental.

En canto á cuantificación e valoración dos indicadores, o ISA establece valores de referencia para os mesmos e os contrasta cos obxectivos específicos do Proxecto sectorial. Deberíase, ademais, aportar unha descrición dos indicadores, do método de cálculo dos mesmos e da unidade de medida. Tamén se debería completar a información sobre os indicadores, que se pode consultar nas seguintes fontes:

- ✓ Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Coor.), 2008: Indicadores ambientais de Galicia 2007.¹
- ✓ European Environment Agency, 2005: "EEA core set of indicators – Guide". Technical report No 1/2005. Office for Official Publications of the European Communities.²
- ✓ Instituto Nacional de Estadística, 2009: "Desarrollo sostenible 2008: sistema de indicadores de la Estrategia de Desarrollo Sostenible de la UE".³

¹ http://www.siam.medioambiente.xunta.es/siam/index_indicadores.jsp

² <http://www.eea.europa.eu>

³ <http://www.ine.es/prodyser/pubweb/desos/desos.htm>




- ✓ Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, 2009: "Perfil Ambiental de España 2009: informe basado en indicadores".⁴
- ✓ Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, 2010: Banco público de indicadores ambientales.⁵

Respecto ao informe sobre a viabilidade económica, o ISA estima o orzamento total de licitación para a execución das obras (urbanización e conexións exteriores), expropiacións, honorarios e taxas; cómpre, ademais, especificar a viabilidade das medidas dirixidas a previr, reducir ou paliar os efectos negativos do Plan.

En canto á cartografía aportada, en formato pdf, débese axustar ao exposto nas especificacións técnicas do documento de referencia (aptdo. 7.b.).

Como resposta á consulta formulada polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, cómpre que este teña en conta as disposicións aquí contidas de cara a conseguir unha plena integración dos criterios fundamentais de sustentabilidade incluídos no DR e para dar cumprimento ao disposto na Lei 9/2006.

Finalmente cómpre salientar que, en virtude do disposto no artigo 13 da *Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente*, a proposta do Plan que finalmente se elabore deberá tomar en consideración o ISA, as alegacións e informes sectoriais emitidos polos organismos que se citan no DR no período de participación pública e consultas, e as determinacións da Memoria ambiental emitida por este órgano ambiental.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2010
O Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental

Asdo.: Carlos Calzadilla Bouzón

⁴ http://www.mma.es/portal/secciones/calidad_contaminacion/indicadores_ambientales/perfil_ambiental_2009/

⁵ http://www.mma.es/portal/secciones/calidad_contaminacion/indicadores_ambientales/banco_publico_ia/index.htm

XESTUR PONTEVEDRA
 Plaza Maruja Mallo 1-1º
 Tel. 986 26 64 77
 Fax 986 26 64 47
 36306 - VIGO

ENTRADA N.º 2049
 SAIDA N.º _____
 DATA 21/12/2010


Pontevedra, 15 de decembro de 2010

Asunto: Rdo. documentación

XESTUR PONTEVEDRA
 Praza Maruja Mallo, nº 1 – 1º
 36306 VIGO
 PONTEVEDRA

En cumprimento do desposto no artigo 38 da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, achégolle escrito presentado neste Departamento Territorial e que de seguido se relaciona:

DATA ENTRADA	Nº REXISTRO	SOLICITANTE	ASUNTO
09/12/10	177244	Concello de Gondomar	Alegaciones ó Proxecto Sectorial do Polígono Industrial da Pasaxe

Xefe Territorial:

José Luis Díez Yáñez

XUNTA DE GALICIA
 EDIFICIO ADMINISTRATIVO
 PONTEVEDRA

16 DEC 2010


Núm. Rexistro: 175703
SAIDA

Número	Data	Documento	Remitente/Asunto	Concello/Provincia	Nº doc
2010 / 177244	09/12/2010 10:14	OFICIO	PORTELO ÚNICO RDO. DOC. Nº ENTRADAS: 2010/418, 2010/968, 2010/973	NON CONSTA PONTEVEDRA	3
2010 / 177248	09/12/2010 10:15	RDO. DOCUMENTACIÓN	TOFIVE S.L. URBAN RDO. DOCUMENTACIÓN RQUÉRIDA EXPTE. A-PO-2010/187	PONTEVEDRA PONTEVEDRA	1

UNIDADE TRAMITADORA: MT110400 DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA MATI DE PONTEVEDRA

XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMÓN. PÚBLICAS E XUSTIZA
 R00411 REXISTRO ÚNICO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA

RELACIÓN DE ENTRADAS POR UNIDADE TRAMITADORA Data: 09/12/2010
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, ORDENADO POR Nº DE ENTRADA



14 DIC. 2010


CORREOS

SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS, S.A.
VALIXA SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS, S.A.

Relación de entradas por unidade tramitadora.

REGISTRO DE ENTRADA

08/12/2010



Data: 08/12/2010

UNIDADE TRAMITADORA: MT110400 DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA MATI DE PONTEVEDRA

Nº Rex. Portelo único	Data	Procedencia	Destino
CDRC0413 2010/000829	03/12/2010	CAMBADOS	MT110400 DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA MATI DE PONTEVEDRA
GORC0425 2010/000412	15/11/2010	GONDOMAR	MTR10511 REG. DE AUGAS DE GALICIA (DEMARCAÇÃO G. SUR)
GORC0425 2010/000418	03/12/2010	GONDOMAR	MT110400 DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA MATI DE PONTEVEDRA
TMRC0454 2010/001244	03/12/2010	TOMIÑO	MT110400 DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA MATI DE PONTEVEDRA
VVRC0433 2010/000968	02/12/2010	VILABOA	PRRU0411 REGISTRO ÚNICO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA
VVRC0433 2010/000973	30/11/2010	VILABOA	PRRU0411 REGISTRO ÚNICO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA

Páx.: 1

Nº de entrada: 2010/177244

XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMÓNS. PÚBLICAS E XUSTIZA
 REGISTRO ÚNICO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA


Destino: DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA MATI DE PONTEVEDRA - CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Remítense as seguintes solicitudes, escritos ou comunicacións presentados a través dos rexistros propios ou concertados indicados na relación que se xunta, que van dirixidos a esa unidade administrativa.

Rexistro	Nº	Data	Interesado/Asunto
GONDOMAR	2010/418	3/12/2010	CONCELLO DE GONDOMAR / ALEGACIONES A PROXECTO SECTORIAL DO POLIGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE
VILABOA	2010/968	3/12/2010	CONCELLO DE VILABOA / REMISIÓN DE ACTA DE SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO 20/2010
VILABOA	2010/973	3/12/2010	CONCELLO DE VILABOA / ACTA DE XUNTA DE GOB. Nº 19/2010

Pontevedra, 13 de decembro de 2010
XEFA DE SECCION

Mª Jesús González Janeiro



Xestur Pontevedra, S.A.
Pza. Maruja Mallo, 1 1º -
36306 Vigo (PONTEVEDRA)

Adxunto remexo alegacións ó **PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DA PASAXE** que esta Alcaldía requiriu ó departamento de urbanismo.

En Gondomar, a 3 de Decembro de 2010.

O ALCALDE



Asdo.: Martín Ugal Alonso.

José A. Alvarez Alvarez, arquitecto municipal do concello de Gondomar en relación o:

Asunto: PROXECTO SECTORIAL DA PASAXE E O CORRESPONDENTE ISA.

INFORMA:

Elabórase o presente informe do documento referenciado no asunto a requerimento da Alcaldía formulándose as seguintes observacións:

En relación ao ámbito de actuación do proxecto:

A delimitación proposta no documento do proxecto sectorial non responde á transcendencia dun documento territorial de gran interese público que trata de regularizar un asentamento industrial cun emprazamento estratéxico no linde dos municipios de Gondomar e Vigo. Por iso a definición do ámbito non pode responder a condicionantes que non teñen a suficiente transcendencia debendo buscarse unha maior racionalidade na delimitación corrixíndose a realizada no seguinte:

Deberá ampliarse o ámbito ata a variante que une a PO 331 e a PO 330 recollendo os terreos que corresponden ao sector de solo urbanizable S-67-1 cun uso industrial definido no planeamento en vigor do concello de Vigo. Esta franxa completárase cos terreos lindantes polo leste da estrada de Porriño ata o río Zamáns. Tamén se completará pola parte Norte recollendo pequenos retais que permitan a protección do petroglifo e o deseño dunha sección axeitada polo camiño existente do límite Norte.

Enténdese que o río Calvo é un límite natural que pode rematar o ámbito pola parte de poñente de forma racional. Por iso deberán incluírse os terreos ata o río Calvo pola parte suroeste. Isto tamén posibilitará unha ordenación máis axeitada do ámbito podendo dispor as zonas verdes nos puntos máis oportunos. Completárase o ámbito incluíndo os terreos do Zamáns na parte sur ata a estrada provincial dispondos para o conxunto das zonas verdes.

En relación á ordenación proposta:

A ordenación proposta no documento está inspirada na MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PERI A PASAXE presentado polo xunta de compensación do PERI no ano 2006 no Concello recollendo algúns aspectos deste documento pero deformando o mesmo de xeito que se perden os aportación máis interesantes.

O antedito documento está elaborado con moito rigor técnico dando resposta as particularidades e complexidades que se derivan dun polígono xurdido sen un planeamento previo; nun lugar, cunha topografía accidentada no entorno do río Zamáns no que conflúen vías de comunicación de certa importancia. Resulta moi interesante a ordenación das edificacións existentes (cun inventario exhaustivo das mesmas) e as novas propostas reguladas mediante ordenanzas singularizadas e expresadas de forma gráfica con alzados normativas cunha distribución de superficies edificadas que responden á realidade existente e facilitarían a xestión do polígono industrial. Como reflexión xeral enténdese que o proxecto sectorial debería recoller dese documento, que está moi traballado, os aspectos realmente interesantes do mesmo.

A ordenación proposta no proxecto sectorial podería mellorarse nos seguintes aspectos:

Debería reconsiderarse a trama viaria proposta de xeito que non se formen fondos de saco e se integren na rede existente. O vial paralelo ao río Calvo debería ter saída e conexión co viario existente. Non se debe dispor un vial na zona do actual campo de fútbol e rematando nun aparcamento xa que se hipoteca unha zona chan para poder dispor as edificacións de forma axeitada. O vial existente na zona consolidada do polígono non debería rematar nun aparcamento, deberá continuar ata integrarse na trama que se disporá na zona

a incluír dentro do polígono. O vial que remata a parte Norte coincidente cun camiño existente deberá ter unha sección cun deseño axeitado regularizando o mesmo. Os viais proxectados paralelos e situados na parte Norte deberían ter continuidade para poñente cruzando o río Calvo prevendo unha conexión co camiño paralelo ao río Calvo pola súa parte de poñente.

Non ten sentido a disposición das zonas verdes e zonas edificadas en paralelo ao río Calvo. Na parte Norte deséñanse dúas franxas verdes en forma de cuña moi estreitas e que limitan unhas zonas edificadas de gran impacto territorial. Debería eliminarse a franxa edificada máis ao poñente convertíndoa en zona verde, esta edificación podería disporse na franxa verde interior paralela. As zonas edificadas dispostas na parte máis ao sur en paralelo ao río Calvo significan un gran impacto territorial sen valorar axeitadamente no documento; nese parte central no paralelo do campo de fútbol actual existe un outeiro cunha topografía singular no cal poderían disporse as zonas verdes.

Non está convenientemente xustificado no documento a disposición das parcelas de equipamentos e as de reserva de infraestrucutras.

En relación á xestión e execución do proxecto:

Deberá calcularse o aproveitamento tipo definindo o aproveitamento susceptible de apropiación e o aproveitamento de cesión.

Non está xustificada a viabilidade económica da actuación. O documento despois duns cálculos moi xenéricas límtase a dicir que o custo de 78,63 €/m² non se pode repercutir de maneira homoxénea por m² de superficie industrial, recoñecendo unha superficie industrial existente con servizos pero sen cuantificar o valor dos mesmos. No seguinte parágrafo conclúe a viabilidade dicindo que as parcelas novas serán competitivas. A xestión que se propón é a expropiación pero sen cuantificar axeitadamente adaptándose a singularidade da actuación. Este sistema de


expropiación deberá definirse máis detalladamente según os artigos Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural e sucesivas modificacións. No artigo 146. Exclusión da expropiación defínese a posibilidade de exclusión que neste caso dada a existencia de naves industriais nunha zona consolidada debería considerarse e definirse no documento.

Realmente as zonas de actividade propostas non son tan diferenciadas e non recollen a singularidade da actuación. As edificabilidades son 0,8 e 1,00 (chegados a este punto a edificabilidade podería ser toda 1, xa que o 0,8 era unha limitación arrastrada do PXOM de Gondomar anulado que xa non está en vigor) as cales non diferencian realmente as zonas. A zona 1.4 de edificabilidade 1,5 só se aplica a unha pequena parcela na parte de poñente resultando algo anecdótico.


Realmente hai que acometer o proxecto sectorial con rigor para que se realice unha equidistribución oportuna. Non se pode deseñar unha edificabilidade casi uniforme en todo o ámbito (0,8 - 1,00) coma se non existisen edificacións. Esta uniformidade do tratamento produce nas parcelas con edificacións, situacións que se definen como fora de ordenación parcial no documento que significarían unha execución moi complexa cunha xestión difícil das posibles licenzas. Resulta evidente que se deberá articular un tratamento diferenciado para a zona consolidada coa edificación e para a non consolidada. Trataríase de deseñar unha ordenanza que axustara a superficie edificable das parcelas con edificación á realmente susceptible de apropiación (cada parcela con edificación tería unha ficha que determinaría o seu aproveitamento en función das condicións particulares). Evitaríase deste xeito eses excesos que resultan de difícil materialización dentro da especificidade dun uso industrial. O anterior condúcenos á división do sector en dous polígonos que tratarían unha realidade máis uniforme en cada un deles e facilitarían a equidistribución de beneficios e cargas. Todas estas ideas xa estaban apuntadas por min no ano 2003 con gallo dun proxecto de reparcelación do ámbito que tiña o PXOM. Moitas destas ideas foron recollidas e perfeccionadas no documento antedito de MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PERI A PASAXE presentado polo xunta de compensación do PERI no ano 2006 no Concello.


A pesares de que o PXOM foi anulado por sentenza o documento ten moito valor cun traballo de documentación da realidade existente e cun deseño de propostas moi aquelado que servirían para poder reformar totalmente o punto 3.2 Condicións particulares das distintas zonas do proxecto sectorial presentado e facilitar a execución do proxecto.

En Gondomar, a 3 de Decembro de 2010.
O arquitecto municipal,



Ado. José A. Álvarez Álvarez
OFICINA TÉCNICA
PONTEVEDRA

 Concello de Vigo XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO XESTION	EXPEDIENTE: 12925 /411 ASUNTO: INFORME PROXECTO SECTORIAL POLIGONO INDUSTRIAL A PASAXE (GONDOMAR - VIGO) Número Saída: 20476-2010
--	--

 XESTUR PONTEVEDRA REXISTRO	ENTRADA N.º <u>2016</u> SAIDA N.º DATA <u>15-12-10</u>
--	--

Destinatario: INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO AREA CENTRAL S/N POLIGONO DE FONTIÑAS 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
--

En contestación ao seu oficio de data 5 de outubro de 2010 polo que se remitta a esta Administración Municipal a documentación correspondente ao «PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE NOS CONCELLOS DE GONDOMAR E VIGO», achégaselles o informe municipal emitido en data do 24 de novembro de 2010.


Per/

Vigo, 29 de novembro de 2010
 O DELEGADO DA AREA DE URBANISMO E VIVENDA

Asdo. Jose Manuel Mariño Mendoza



INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO REXISTRO XERAL SANTIAGO DE COMPOSTELA 02 NOV. 2010 No. <u>22780</u> Hora <u>9.30</u> ENTRADA	SO
---	----

 Concello de Vigo XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO Planeamento - Xestión	ASUNTO: Informe Proxecto sectorial Polígono industrial A Pasaxe (Gondomar - Vigo). EXPEDIENTES REF. N.º: 1295/411 e 11719/411. DESTINATARIO: Consello Xerencia XMU.	ENTRADA N.º SAIDA N.º DATA <u>15-12-10</u>
--	---	--

INFORME MUNICIPAL SOBRE O «PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE, NOS CONCELLOS DE GONDOMAR E VIGO» PROMOVIDO POLO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO - CMATI (XUNTA DE GALICIA).

Redáctase este informe en relación coa documentación remitida a esta Xerencia Municipal de Urbanismo o 07.10.2010 (Doc. nº 100128772) polo IGVS - CMATI da Xunta de Galicia correspondente ó «PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE, NOS CONCELLOS DE GONDOMAR E VIGO», promovido pola Admón. autonómica.

I. ANTECEDENTES

I.1. O 24.02.1999 o Director da Oficina de Planeamento - Xestión desta XMU emitiu informe, por solicitude do Departamento municipal de Medio Ambiente e dentro do trámite de consultas sobre a Decisión de someter a avaliación de impacto ambiental o referido proxecto, sobre a posible incidencia da súa execución no planeamento urbanístico municipal de Vigo. Tamén informou a xefatura dos Servizos técnicos da Xerencia no tocante ós sistemas xerais de infraestruturas.

I.2. No DOG nº 192, do 24.09.2010 publicouse o Anuncio do 24.09.2010 do IGVS polo que se fixo pública a declaración de supramunicipalidade do Proxecto Sectorial do polígono industrial de A Pasaxe, nos concellos de Gondomar e Vigo, se sometía a información pública e consultas o Proxecto e o seu «Informe de Sustentabilidade Ambiental» (ISA) e se acordaba o inicio dun trámite de información pública durante o prazo de dous (2) meses contados a partir da súa publicación, co fin de poder presentar as alegacións e informes que se consideren convenientes.

I.3. A documentación do Proxecto recibida na Xerencia de Urbanismo foi enviada pola Dirección da Área de Planeamento - Xestión ós distintos departamentos e servizos municipais implicados, a fin de que emitisen informe no ámbito das súas respectivas competencias e de poder confeccionar así un informe municipal conxunto.

I.4. Na data de redacción deste documento, recibíronse na Área de Planeamento - Xestión os informes da xefatura dos Servizos técnicos da XMU, do Servizo de Patrimonio histórico (arqueoloxía) e da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de obras; cuxas achegas se recollen, no substancial, neste informe e se incorporan, integras, en Anexo documental.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- TRLS/2008 (RDLEX. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
Planeamento - Xestión

ASUNTO: Informe Proxecto sectorial Polígono industrial A Pasaxe (Gondomar – Vigo).

EXPEDIENTES REF. Nº: 1295/411 e 11719/411.

DESTINATARIO: Consello Xerencia XMU.

- LOT (L.10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do territorio de Galicia).
- D.80/2000, do 23 de marzo, que regula os Plans e Proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.
- RDLex.1/2008, do 11 de xaneiro, Texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos.
- L.9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- L.7/2008, do 7 de xullo, de Protección da paisaxe de Galicia.
- L.9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da natureza.
- L.1/1995, do 2 de xaneiro, de Protección ambiental de Galicia.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000; modificación: A.D. Pleno 26.04.2010, BOP 20.07.2010).
- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMAIT do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).

III. INFORME

III.1. O vixente PXOM de Vigo, adaptado á LOUGA, foi definitivamente aprobado en virtude da Orde da Conselleira da CPTOPT do 16.05.2008 (DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008) e da Orde do Conselleiro da CMATI do 13.07.2009 (DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009). Esta dispoñible para todos os interesados e pode consultarse electronicamente na páxina web do Concello de Vigo no enderezo: <http://hoxe.vigo.org/urbanismo/pxom/>

III.2. O ámbito do documento que se informa localízase maioritariamente no T.M. de Gondomar e abrangue os terreos dun Polígono industrial xa existente e consolidado, recoñecendo no Proxecto Sectorial a súa condición de "actuación xurdida á marxe do planeamento" e carente de infraestruturas axeitadas e suficientes.

III.3. Condicións urbanísticas: PXOM de Vigo.

O «PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE, NOS CONCELLOS DE GONDOMAR E VIGO» incide no T.M. de Vigo en dúas zonas diferenciadas:



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
Planeamento - Xestión

ASUNTO: Informe Proxecto sectorial Polígono industrial A Pasaxe (Gondomar – Vigo).

EXPEDIENTES REF. Nº: 1295/411 e 11719/411.

DESTINATARIO: Consello Xerencia XMU.

- 1) Inclúe por unha parte terreos clasificados como urbanizables pertencentes ó Sector «S-67-I GARRIDA» de uso industrial, de iniciativa pública a desenvolver no primeiro cuatrienio do Plan. A afección producida, duns 2.700 m², consiste no remate nun fondo de saco con rotonda e aparcadorios; o que, a xuízo dos técnicos desta Xerencia, non prexudicaría o desenvolvemento do Sector.
- 2) A outra incidencia do Proxecto Sectorial consiste na inclusión no seu ámbito de terreos clasificados como urbanos non consolidados pertencentes á Área de Planeamento Remitido APR A-6-32, de uso característico residencial, de iniciativa privada e a desenvolver no 3º cuatrienio. A afección, duns 1.500 m², consiste na prolongación dun vial ata a rotonda Norte da estrada PO-330. Este vial deséñase no Proxecto Sectorial cunha sección de 10,60 m., que non se corresponde exactamente coa prevista na APR A-6-32, que é de 8 m. Con todo, entendemos que a sección e trazado desta APR deben considerarse indicativos, polo que o cambio de sección non alteraría o futuro desenvolvemento desta Área; ó contrario, estímase tecnicamente axeitado ó uso industrial.

III.4. Colindante co ámbito do Proxecto Sectorial, polo vento Leste, o PXOM de Vigo delimitou o Sector de solo urbanizable delimitado «S-67-I GARRIDA», cunha ficha de características para o seu desenvolvemento que se xunta a este informe.

A superficie do Sector é de 195.092 m², o uso global é o INDUSTRIAL e o aproveitamento tipo de 0,545 m²c utc/m²s. Determina o Plan xeral que deberá desenvolverse pola INICIATIVA PÚBLICA mediante o sistema de expropiación e no 1º CUADRIENIO da súa programación.

Entre os obxectivos de planeamento a ficha indica o seguinte: "Creación dun Parque Empresarial á beira dos colindantes no Concello de Gondomar, completando o Eixo Industrial Porto-Balaídos-Matamá/Valadares-Parque Tecnolóxicoe Loxístico-A Garrida sobre as grandes infraestruturas viarias distribuidoras".

A ficha do PXOM, entre as súas observacións, indica que se trata dunha: "ÁREA SUXEITA AO CONVENIO SUBSCRITO POLO CONCELLO DE VIGO E O INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E O SOLO PARA DESENVOLVEMENTO DE PARQUE EMPRESARIAL".

Efectivamente, para posibilitar o desenvolvemento desta actuación asinouse en data 02.08.2001 o: "ACORDO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO PARA A CREACIÓN DUN PARQUE EMPRESARIAL NA GARRIDA", asinado entre o daquela conselleiro da CPTOPV da Xunta de Galicia e a Alcaldía deste Concello.

O ámbito considerado abrangúa unha superficie aproximada de 183.726 m² e o IGVS asumía, entre outros compromisos, os de obter os terreos mediante expropiación, redactar os instrumentos de planeamento e xestión previstos, executar as obras de urbanización e realizar as cesións procedentes ó Concello.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
Planeamento - Xestión

ASUNTO: Informe Proxecto sectorial Polígono industrial A Pasaxe (Gondomar – Vigo).
EXPEDIENTES REF. Nº: 1295/411 e 11719/411.
DESTINATARIO: Consello Xerencia XMU.

Ademais, para o desenvolvemento do acordado, o IGVS comprometéase tamén a asinar con Xestur – Pontevedra unha serie de convenios; para a realización dos traballos técnicos precisos, para a adquisición dos terreos e para a urbanización do Parque empresarial proxectado.

III.5. De feito, o 04.04.2002 Xestur-Pontevedra presentou no Rexistro xeral da XMU o «Plan Parcial do Parque empresarial de A Garrida» (Exp. nº 7590/411) para a súa tramitación, de conformidade co Acordo formalizado e o 27.05.2002 a documentación correspondente á Modificación puntual do Plan Xeral (Exp. nº 7691/411), toda vez que o Plan Parcial incluía na ordenación usos residenciais existentes non autorizables de acordo coa ficha do planeamento xeral.

Recabáronse os informes sectoriais previos (algúns deles desfavorables) e o da CPTOPV e remitíronse ó equipo redactor e a Xestur para a subsanación das deficiencias observadas o 12.07.2002, 10.04.2003 e 16.05.2003.

III.6. En sesión plenaria do 27.07.2006 acordouse desistir da continuación de diversos procedementos de modificación puntual do PXOM en trámite; entre eles, o relativo ó PAU de A Garrida (Exp. nº 7691/411), tendo en conta a tramitación –naquela altura- da revisión do PXOM de Vigo.

Aprobado definitivamente e en vigor o novo PXOM de Vigo, considérase que non existiría inconveniente en retomar a tramitación do planeamento relativo ó Parque empresarial de A Garrida, coas correccións e adaptacións necesarias derivadas do actual Plan xeral.

III.7. Incidencia sobre os sistemas xerais de infraestruturas:

a) Sobre o viario:

- Como máis arriba se mencionaba, o vial de saída da rotonda Norte da estrada PO-330, correspondente ó eixo-12, con sección tipo-4 (10,60 m) non se corresponde coa sección prevista no PXOM de Vigo (8,00 m), aínda que o incremento de sección proxectado é tecnicamente adecuado o novo uso industrial.

- A conexión do polígono (Eixo 12 , segundo plano 2.4 do proxecto) coa glorieta existente na estrada PO-330 debería executarse de maneira que se garanta a continuidade tanto do tráfico rodado como do peonal, construíndo os tramos de beirarrúa e pasos de peóns necesarios ata entroncar coas beirarrúas existentes, asegurando así os itinerarios peonais en toda a rotonda, xa que se trata dun punto de coexistencia entre zona industrial e residencial. Do mesmo xeito, deberá darse continuidade a todos os camiños e servizos existentes e as entradas de vehículos que se atopan dentro do ámbito das obras e pertencentes ó T.M. de Vigo deberían realizarse seguindo os criterios municipais.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
Planeamento - Xestión

ASUNTO: Informe Proxecto sectorial Polígono industrial A Pasaxe (Gondomar – Vigo).
EXPEDIENTES REF. Nº: 1295/411 e 11719/411.
DESTINATARIO: Consello Xerencia XMU.

b) Sobre o abastecemento de auga:

- Rede existente:

Malia que na Memoria do Proxecto se indica que as redes de abastecemento de auga no contorno do Polígono industrial son inexistentes, isto só sería así en parte e en referencia á zona de actuación.

O Concello de Vigo, en sesión da Xunta de Goberno Local do 14.10.2002 aprobou a cesión dun caudal de 0,5 l/s ó Concello de Gondomar para o abastecemento de varios establecementos do Polígono de A Pasaxe. Para a subministración deste caudal utilízase unha tubería de FD-100 mm, instalada na PO-330 (Castrelos – Vincios) que se alimenta desde o Depósito do Monte dos Pozos e discorre ata o límite do T.M. de Vigo. No límite entre os dous Concellos atópase unha arqueta cun contador para o rexistro dos consumos do Polígono que continúa cunha tubería de PE-75 mm que xa discorre dentro do T.M. de Gondomar.

- A respecto das instalacións que constitúen sistemas xerais:

Na estrada PO-331 (Porriño – Gondomar) e no ámbito do Polígono hai instaladas dúas tuberías de FD-400 mm que transportan auga bruta non tratada procedente do Encoro de Zamáns ós Concellos de Vigo e Nigrán. Os seus trazados van paralelos pola PO-331 ata o Azud de A Pasaxe, onde se bifurcan, unha en dirección á ETAP de Nigrán e a outra a través do Túnel da Garrida en dirección á ETAP de Valadares para o subministro a Vigo.

O Túnel da Garrida (ó que non se fai referencia) é unha das primeiras conducións do subministro a Vigo e a súa construción data do ano 1940. O seu trazado cruza os terreos do actual Polígono de A Pasaxe e da súa ampliación. Polo tanto, deberán tomarse as debidas precaucións á hora de realizar as obras de urbanización do Polígono e de construción das naves industriais para non afectar a esta instalación (tendo en conta, ademais, a súa antigüidade), procurando que queden baixo terreos de uso público. No caso de que isto non sexa posible, as edificacións deberán en todo caso respectar a existencia desta instalación soterrada, coidando de non afectala.

- Captación exterior proxectada:

O caudal medio demandado previsto polo Polígono é de 10,23 l/s. A conexión de captación non está totalmente definida na Memoria, xa que se opta por dúas alternativas: captación directa do río Zamáns e captación da tubería de subministro de auga bruta a Nigrán.

Por outra parte, proxéctase levar a auga bruta a unha ETAP prevista para o Polígono industrial. Desta ETAP, mediante un bombeo e unha tubería FD-150, conducirase a un depósito regulador



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
Planeamento - Xestión

ASUNTO: Informe Proxecto sectorial Polígono industrial A Pasaxe (Gondomar – Vigo).
EXPEDIENTES REF. Nº: 1295/411 e 11719/411.
DESTINATARIO: Consello Xerencia XMU.

situado ó Sur (fóra do sector), desde onde se subministrará a rede interna mediante unha tubería de FD-200.

Calquera utilización de auga bruta do encoro de Zamáns precisará da autorización previa do Concello de Vigo.

c) Saneamento de Residuais:

- Rede existente

Pola estrada PO-331 (Porriño – Gondomar) e no ámbito do Polígono, hai instalado un colector de saneamento de HA-1000, que discorre pola marxe dereita, sentido Gondomar, pasa o Azud de A Pasaxe e continúa ata a EDAR de Gondomar.

Pola PO-330 (Castrelos – Vincios) hai instalado un colector de PVC – 315. O trazado discorre pola marxe dereita, sentido Vincios, e está conxionado co colector H-1000 da estrada PO-331.

No camiño de Pinal, pertencente o T.M. de Gondomar, e dentro do ámbito da ampliación do Polígono proxectada, hai instalada unha estación de bombeo de augas residuais que explota o Concello de Vigo e que recolle as augas dunha subconca de Valadares (Vigo) e de varios establecementos de A Pasaxe (Gondomar), desagüando finalmente en dirección á conca da EDAR de Gondomar.

- Rede proxectada:

A rede de saneamento interior que desenvolve o Polígono, aínda que na Memoria non fai referencia, parece que recolle os colectores provintes de Valadares, mesmo o bombeo do camiño de Pinal que é substituído polo bombeo nº- 4 proxectado.

A rede prevista descargará nunha EDAR tamén prevista ó Oeste do polígono. A ela se conducirán todos os caudais de residuais e os que non poidan ir por gravidade mediante catro (4) bombeos.

d) Pluviais:

- Rede existente: non existe rede separativa de pluviais.

- Rede proxectada: para o dimensionamento da rede utilizáronse os seguintes criterios:

- Período de retorno: 10 anos. Tempo de concentración: 10 minutos.
- Método de cálculo: Racional modificado.
- Os caudais das concas aportantes: para un período de retorno de 500 anos.
- Instrución 5.2 – IC de drenaxe superficial (BOE 23.05.1990).



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
Planeamento - Xestión

ASUNTO: Informe Proxecto sectorial Polígono industrial A Pasaxe (Gondomar – Vigo).
EXPEDIENTES REF. Nº: 1295/411 e 11719/411.
DESTINATARIO: Consello Xerencia XMU.

Establécense 5 puntos de descarga de augas pluviais: dous (2) ó río Calvo (unha descarga directa das augas provintes da conca alta de Valadares e outra ó tanque de tormenta nº 4 e tres (3) tanques de tormenta núms. 1, 2 e 3, ó río Zamáns.

III.8. No T.M. de Vigo as expropiacións afectarían a 10 parcelas cunha superficie de 4.893,69 m², dos que 1.070,28 m² se lle atribúen a un camiño.

III.9. Lexislación sectorial (patrimonio cultural):

No contorno do ámbito, polo Norte, atópase o elemento catalogado X_072 no PXOM coa clave GA36057072 – «PETROGLIFOS DA GÁNDARA», que se atopa no T.M. de Vigo, colindante co ámbito do Proxecto Sectorial e cuxa área de respecto afecta ó propio ámbito do Proxecto.

Neste sentido, por parte da arqueóloga municipal realizarónse unha serie de observacións en relación co deficiente tratamento do patrimonio arqueolóxico no Proxecto (xúntase informe de data 15.11.2010), coas seguintes conclusións:

1. As medidas de actuación/intervención propostas sobre os elementos patrimoniais non inclúen ningunha encamiñada a súa posta en valor nin a súa promoción, a pesares das declaracións de intencións recollidas en distintos puntos do documento.
2. De cara a súa posta en valor, unha intervención mínima a este respecto sería o tratamento vexetal dos contornos dos elementos (rozás, etc) que permitan unha mellor visualización dos mesmos; e a instalación dunha sinalética orientada a indicar tanto ó acceso ós elementos patrimoniais como a proporcionar información dos propios elementos, coa instalación de paneis interpretativos sobre os mesmos que permitan a súa comprensión polos visitantes.
3. A respecto das intervencións arqueolóxicas a efectuar nos ámbitos de protección arqueolóxica, será preciso prever a alternancia ou combinación de sondaxes valorativas previas co control e seguimento arqueolóxico, en función das remocións previstas e a súa incidencia no subsolo, aspecto que se definirá á vista dos proxectos de execución do polígono.
4. O Plan de Seguimento debe contemplar que as diferentes propostas sobre o patrimonio cultural se cumpran segundo o programa de actuación arqueolóxica que se propón deseñar.
5. Deberanse clarificar as posibles discrepancias entre os planos de ordenación (plano ordenación proposta borrador 1, no anexo da memoria arqueolóxica) e o plano patrimonio detalle (plano patrimonio detalle nº 1 de 3, no anexo da memoria arqueolóxica) referidos anteriormente.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
Planeamento - Xestión

ASUNTO: Informe Proxecto sectorial Polígono industrial A Pasaxe (Gondomar – Vigo).
EXPEDIENTES REF. Nº: 1295/411 e 11719/411.
DESTINATARIO: Consello Xerencia XMU.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
Planeamento - Xestión

ASUNTO: Informe Proxecto sectorial Polígono industrial A Pasaxe (Gondomar – Vigo).
EXPEDIENTES REF. Nº: 1295/411 e 11719/411.
DESTINATARIO: Consello Xerencia XMU.

6. Considéranse adecuadas as medidas correctoras propostas na *Memoria do Proxecto de Estudio de Impacto sobre o Patrimonio Cultural (prospección arqueolóxica intensiva) da área afectada polas obras do Polígono Industrial de A Pasaxe*, pola arqueóloga Manuela Pérez Mato, é dicir:

- Recollida de todos os elementos patrimoniais nos planos de obra, así como a súa sinalización e balizamento baixo a dirección dun arqueólogo.
- Aplicación das medidas correctoras específicas para cada elemento.
- Seguimento e control arqueolóxico dos traballos de desbroce e primeira limpeza dos terreos.
- Seguimento e control arqueolóxico discontinuo dos desmontes e remocións previstas.
- No suposto de aparición de novos elementos arqueolóxicos ou do patrimonio cultural, pararanse as obras no sector afectado para definir as novas estratexias técnicas e arqueolóxicas que permitan garantir a salvagarda dos bens.
- Mámoa da Gándara: control e seguimento arqueolóxico continuo das obras de urbanización nas parcelas P1.35 e no sector Norte da parcela P1.34 (ambas no ámbito de respecto do xacemento) e balización do túmulo.

7. Ademais, terán que terse en conta non só as obras localizadas propiamente no ámbito do Parque, senón todas aquelas precisas para o seu funcionamento (abastecemento, saneamento, accesos, instalacións eléctricas, etc), ó igual que a circulación de tráfico pesado, posible localización de pantallas vexetais, etc.

8. Por último, calquera intervención que se pretenda realizar sobre un ben incluído no Catálogo precisará da autorización previa da Consellería de Cultura (Art. 54 da L.8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia).

III.10. En relación co Informe de Sostibilidade Ambiental (ISA) do Proxecto, pola técnica de Medio Ambiente da Oficina de Planeamento xestión realizáronse as seguintes consideracións:

O ISA do Proxecto Sectorial do Polígono Industrial de A Pasaxe desenvólvese nos seguintes epígrafes:

0. Antecedentes e ámbito de influencia do Proxecto Sectorial:

Como xa se dixo, na actualidade existe un polígono industrial dentro do ámbito de actuación que naceu á marxe do planeamento e que carece das infraestruturas básicas para o desenvolvemento das súas actividades. A tal efecto e para regularizar a situación das 80 empresas instaladas no polígono, a Xunta de Galicia, a través de Xestur Pontevedra, S.A., comprométese a impulsar este Proxecto Sectorial mediante o desenvolvemento e tramitación para a súa aprobación definitiva.

Para tal fin, en data 05.12.2008 presentouse na *Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible* a comunicación de inicio dos traballos para a elaboración do Proxecto Sectorial do Polígono Industrial de A Pasaxe, xunto cun Documento de Inicio no que se recollen de xeito resumido os principais obxectivos e características do ámbito do futuro Proxecto Sectorial.

O 25.01.2010 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da CMATI aproba o Documento de Referencia no que se determina a amplitude, nivel de detalle e grao de especificación que deberá ter o ISA a elaborar polo órgano promotor como parte integrante do presente Proxecto.

Canto ó ámbito de influencia do Proxecto Sectorial, determínase en función dos seus efectos previsibles, variando segundo cada variable de sustentabilidade establecida no Documento de Referencia: paisaxe, natureza, atmósfera, ciclo de materiais, patrimonio, mobilidade, sociedade, economía, solo, medio industrial, ciclo hídrico e enerxía.

1. Análise obxectiva do entorno:

O ámbito territorial delimitado polo Proxecto Sectorial sitúase no extremo Norte do T.M. de Gondomar, na parroquia de Vincios, ubicado maioritariamente sobre terreos forestais da comunidade de montes. Esta área está delimitada ó Norte polo T.M. de Vigo, polo Leste pola canle do río Zamáns, polo Sur coa autoestrada AG-57 e polo Oeste co río Calvo.

Realízase unha descrición dos problemas e condicionantes ambientais, económicos e sociais da situación previa ó novo ordenamento e que poden influir na súa intención. Para a realización da análise da situación actual, organizouse a información atendendo ós seguintes elementos:

- **MEDIO FÍSICO:** clima, calidade do aire, topografía e xeoloxía, hidroloxía e calidade da auga, vexetación e usos do solo, fauna, hábitats e espazos naturais e paisaxe.

Na análise do medio físico, destacan os seguintes aspectos:

- A distribución de pendentes existente no ámbito.
 - A partir do mapa de cuncas hidrográficas estímase que as verteduras accidentais drenarían á rede hidrolóxica do río Zamáns que, a súa vez, é a principal vía de subministración da auga de abastecemento ó Polígono de A Pasaxe.
 - O mal estado de conservación do río Zamáns, coa súa consecuenta erosión e arrastre de sólidos.
 - Os usos actuais do solo son o industrial, comercial, de servizos, forestal (piñeiros e eucaliptos), prados e cultivos.
- **MEDIO SOCIOECONÓMICO:** análise demográfica, estrutura económica e demanda de solo.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
Planeamento - Xestión

ASUNTO: Informe Proxecto sectorial Polígono industrial A Pasaxe (Gondomar - Vigo).
EXPEDIENTES REF. Nº: 1295/411 e 11719/411.
DESTINATARIO: Consello Xerencia XMU.

- **INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS:** infraestruturas viarias, portos e aeroportos; transporte e mobilidade; infraestruturas de servizos.

Relaciónanse os plans e proxectos que poden afectar ou verse afectados polo Proxecto Sectorial e que teñen incidencia dentro do ámbito do mesmo.

Sen embargo, non se identifican os elementos estratéxicos do territorio, considerados claves para o estudo do territorio, en función de cada variable de sustentabilidade, de tal forma que o planeamento non poderá ir encamiñado a protexelos, minimizalos ou corrixilos, entre outras cousas. E, consecuentemente, tampouco caracterízase a funcionalidade dos mesmos.

2. Definición de obxectivos:

Compila os obxectivos xerais de ordenación.

Os obxectivos específicos definidos neste ISA correspóndense cos criterios de sustentabilidade establecidos no Documento de Referencia, aplicables a cada variable para acadar unha planificación sustentable. Polo tanto, considérase necesario redefinir uns obxectivos específicos claros e concretos para a súa cuantificación e seguimento, tanto para a globalidade da planificación como para cada unha das variables de sustentabilidade, xustificando como foron consideradas as variables na selección destes obxectivos, tal como se solicita desde o Documento de Referencia.

Recóllese a normativa legal que da amparo ó Proxecto Sectorial, onde se incorpora normativa derogada.

3. Análise de alternativas:

As alternativas valoradas son as que se presentan a continuación:

- Alternativa 0. Non desenvolver o Proxecto Sectorial.
- Alternativa 1. Desenvolver o Proxecto Sectorial.

Xustifícase a necesidade de desenvolver o Proxecto comparando a alternativa 0 coa alternativa 1. Estas alternativas propostas valoráronse en base á integración dos criterios de sustentabilidade establecidos no Documento de Referencia, aínda que volvendo a incidir na consideración errónea de que os obxectivos específicos son os criterios de sustentabilidade.

Bótase en falta a definición de alternativas de planeamento que se consideren viables, coa precisión necesaria para permitir a súa valoración e elixir a opción máis axeitada en canto, por exemplo, ó tamaño e ordenación das instalacións do polígono, ubicación das zonas verdes, etc. Non se xustifica nin se describe a ordenación finalmente proposta no Proxecto Sectorial.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
Planeamento - Xestión

ASUNTO: Informe Proxecto sectorial Polígono industrial A Pasaxe (Gondomar - Vigo).
EXPEDIENTES REF. Nº: 1295/411 e 11719/411.
DESTINATARIO: Consello Xerencia XMU.

4. Identificación e caracterización dos efectos sobre o medio:

Identifícanse e valóranse os posibles efectos que terá a execución do Proxecto Sectorial sobre cada unha das variables de sustentabilidade que se establecen no Documento de Referencia (paisaxe, natureza, patrimonio, sociedade e economía, medio industrial, mobilidade, enerxía, atmosfera, ciclo hídrico, ciclo de materiais e solo).

Na táboa incorporada para a identificación dos xacementos arqueolóxicos detéctase un erro na localización da Mámoa da Gándara e do Petroglifo da Gándara, cuxa localización real dos mesmos é a parroquia de Valadares no T.M. de Vigo.

5. Deseño de medidas:

Calquera actuación sobre o contorno terá efectos que foron identificados e caracterizados no epígrafe anterior en función da alternativa seleccionada sobre cada unha das variables de sustentabilidade, e é sobre eses efectos sobre os que se establecen medidas preventivas, correctoras ou mitigadoras.

Con todo, considérase necesario realizar un estudo acústico e outro electromagnético de tal forma que, en función dos resultados obtidos nos mesmos, se establezan as medidas necesarias para reducir ó mínimo os efectos producidos sobre o medio tanto da contaminación acústica como da electromagnética.

6. Establecemento do Plan de seguimento:

Este apartado debería recoller os indicadores e métodos de seguimento para coñecer a evolución das variables de sustentabilidade para, por unha banda, controlar os efectos producidos sobre ditas variables e, por outra, comprobar o cumprimento dos obxectivos xerais e específicos propostos para cada variable.

O seguimento debería permitir comparar ditos efectos previsibles no Proxecto Sectorial cos que realmente se producen logo da súa implementación e desenvolvemento.

O Plan de Seguimento da Sustentabilidade deste ISA conta cun sistema de indicadores das variables que, na súa maioría, non permiten a medición da evolución do planeamento cara o cumprimento dos obxectivos da proposta do Proxecto Sectorial xa que non están relacionados con estes, non reflicten a evolución temporal de xeito que podan analizarse para previr ou corrixir tendencias negativas, etc. En definitiva, os indicadores non cumpren cunha serie de características básicas que permitan avaliar a sustentabilidade do planeamento.

7. Informe sobre a viabilidade económica:



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
Planeamento - Xestión

ASUNTO: Informe Proxecto sectorial Polígono industrial A Pasaxe (Gondomar – Vigo).
EXPEDIENTES REF. Nº: 1295/411 e 11719/411.
DESTINATARIO: Consello Xerencia XMU.

Realízase unha análise da viabilidade económica da proposta pero non se inclúe o informe da viabilidade económica das medidas dirixidas a fomentar os efectos positivos, minimizar os negativos e de establecer o Plan de seguimento da sustentabilidade do Proxecto Sectorial, tal como se solicita desde o Documento de Referencia.

8. Análise da coherencia:

Análzase a coherencia entre a alternativa seleccionada (desenvolver o Proxecto Sectorial) e os obxectivos establecidos para o Proxecto Sectorial, pero non se analiza a coherencia e relación entre todos e cada un dos pasos decisivos deste proceso de planificación estratéxica, atendendo tanto á súa coherencia externa, é dicir, a súa compatibilidade externa como interna.

IV. CONCLUSIÓNS

PRIMEIRA: Desde o punto de vista urbanístico, a incidencia para o Concello de Vigo do «PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE, NOS CONCELLOS DE GONDOMAR E VIGO», promovido polo IGVS – CMATI da Xunta de Galicia, é ben reducida. Con todo, os promotores desta actuación deberían ter en conta que, colindante co ámbito deste Proxecto Sectorial, o PXOM de Vigo delimitou o Sector de solo urbanizable delimitado «S-67-I GARRIDA» de uso industrial, de iniciativa pública (sistema de expropiación) e programado no primeiro cuatrienio, co obxectivo –precisamente- de crear un Parque empresarial á beira dos colindantes no Concello de Gondomar e para o desenvolvemento do cal asinou no ano 2001 un convenio co IGVS; iniciativa que, unha vez aprobado e en vigor o novo PXOM desta cidade, entendemos que debería retomarse.

SEGUNDA: Deberán terse en conta as observacións da xefatura dos Servizos técnicos da Xerencia de Urbanismo en relación coa incidencia do Proxecto Sectorial sobre os sistemas xerais de infraestruturas; en especial, no que se refire ó trazado do Túnel da Garrida, que cruza os terreos do actual Polígono de A Pasaxe e da súa ampliación, adoptándose as debidas precaucións á hora de realizar as obras de urbanización e construción das naves industriais para non afectar a esta instalación. Lémbrese, ademais, que calquera utilización de auga bruta do encoro de Zamáns precisará da autorización previa do Concello de Vigo.

TERCEIRA: Deberán ser tamén obxecto de especial consideración os reparos e recomendacións que sobre o patrimonio arqueolóxico (elemento catalogado X_072 no PXOM; clave GA36057072 – PETROGLIFOS DA GÁNDARA) se detallan no informe da arqueóloga municipal así como as observacións que en relación co ISA do Proxecto sectorial se conteñen no informe da técnico de Medio Ambiente da Xerencia de Urbanismo. A maiores, súllñase a necesidade de ter en conta na avaliación ambiental do Proxecto Sectorial en trámite a colindancia e efectos



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
Planeamento - Xestión

ASUNTO: Informe Proxecto sectorial Polígono industrial A Pasaxe (Gondomar – Vigo).
EXPEDIENTES REF. Nº: 1295/411 e 11719/411.
DESTINATARIO: Consello Xerencia XMU.


sinérxicos co planeamento de desenvolvemento no T.M. de Vigo dáquel Sector de solo urbanizable delimitado de uso industrial «S-67-I GARRIDA», especialmente no tocante á ordenación, ó tráfico e mobilidade e ás conexións de infraestruturas.

É competente a XMU, dentro das súas funcións instrumentais de planeamento e xestión, para informar de todo tipo de instrumentos de ordenación do territorio que incidan sobre o planeamento municipal (Art. 2.4.A).3 Estatutos XMU), correspondéndolle ó seu Consello de Xerencia (Art. 10.2.f) Estatutos XMU) a emisión de informes e ditames en relación coas actuacións doutras Administracións en materias propias da Xerencia.

Vigo, 24 de novembro de 2010

O ARQUITECTO MUNICIPAL,
DIRECTOR DA ÁREA DE PLANEAMENTO-XESTIÓN,

Asdo.: Antonio Alonso Fernández



O TÉCNICO DE ADMÓN. XERAL,

Asdo.: Gustavo Rodríguez Bartol

CONFORME:
A XERENTE DE URBANISMO,

Asdo.: Julia Chamosa Martín

CONFORME:

Remítase urxentemente este informe ó IGVS – CMATI e dease conta do mesmo ó Consello de Xerencia da XMU.

O DELEGADO DA ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA,

Asdo.: José Manuel Marfíño Mendoza



XUNTA DE GALICIA

ACORDO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO PARA A CREACIÓN DUN PARQUE EMPRESARIAL NA GARRIDA.

Vigo, a 2 de agosto de 2001

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D José Cuiña Crespo, Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

E outra parte, o Ilmo. Sr. D. Lois Pérez Castrillo, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

Ambalas dúas partes na representación que ostentan formalizan o seguinte documento e ó efecto:

EXPOÑEN

PRIMEIRO: O Concello de Vigo, (no sucesivo "o Concello"), ó que corresponde no seu Municipio a xestión urbanística en xeral e que en dito ámbito ten as competencias que lle recoñece a Lei do 13 de abril, sobre Réxime do Solo e Valoracións, así como a Lei 1/1997, do Solo de Galicia e demais normas que as complementan e desenvolven, decidíu promover unha actuación urbanística para dotar ó Municipio de solo de uso industrial debidamente urbanizado, que poida poñerse a disposición dos potenciais destinatarios a prezo razoable, a marxe de calquera idea de especulación.

3
12





XUNTA DE GALICIA

SEGUNDO: O Concello consciente do obxectivo proposto solicita a actuación pública polo escaso incentivo que a promoción de solo industrial ten actualmente para a iniciativa privada, como consecuencia da contía dos investimentos que require, e os riscos que comporta este tipo de actuacións, ante a actual coxuntura económica. Como o Concello tampouco conta, no momento presente, con dotación presupostaria para acometer esta empresa, requiríu a cooperación do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS), Organismo Autónomo de carácter comercial e financeiro, adscrito á Consellería de Ordenación do Territorio, Obras Públicas e Vivenda, ó que a Lei 3/1988, do 27 de abril pola que se crea, asígnalle a realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia e, en concreto, a elaboración, a proposta da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda dos plans e programas en materia de solo.

O IGVS está facultado para acepta-la cooperación requirida dado que, de conformidade co disposto no artigo 4º da dita Lei, entre as súas funcións atópase a redacción e xestión de plans e proxectos técnicos urbanísticos que se desenvolven directamente polo IGVS ou coa súa cooperación, mediante calquera dos sistemas previstos na lexislación sobre urbanismo aplicable en Galicia.

Esta actividade urbanística poderá comprender tanto a promoción de solo e a renovación ou remodelación urbana como a realización de obras de infraestrutura e de dotación de servizos. Para o adecuado exercicio destas funcións, e segundo o establecido no artigo 5º poderá "suscribir convenios de promoción e xestión con outros organismos e entidades, en especial coas Corporacións Locais."

3
12





XUNTA DE GALICIA

4
82

TERCEIRO: Postos en contacto o Concello e o IGVS, realizáronse os oportunos estudos previos, chegando en base ós mesmos, as seguintes conclusións:

- A actuación comprenderá unha superficie aproximada de 183.726 m2.
- O solo acotado está clasificado no PXOU como Urbanizable Non Programado.
- O aproveitamento útil será o máximo permitido pola normativa vixente.
- A execución deberá realizarse por polígonos (ou dividirse en etapas), atendendo á demanda real das parcelas urbanizadas.



CUARTO: Con estas bases, o Concello e o IGVS chegaron ó acordo que se desenvolve nas seguintes:

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA: O IGVS promoverá e xestionará, como Administración actuante, unha actuación urbanística para a preparación de solo industrial, nos terreos sitos no lugar de A Garrida que están clasificados como solo urbanizable Non Programado e que teñen unha superficie aproximada de 183.726 m2.



XUNTA DE GALICIA

5
82

SEGUNDA: O IGVS en virtude da potestade expropiatoria que lle confire a Lei da súa creación, adquirirá mediante o sistema de expropiación forzosa, por sí ou a través de Xestur-Pontevedra, os terreos nos que se realizará a actuación, e ós demais necesarios para a execución das obras e accesos, para asegura-lo valor e o rendemento daqueles.

Con anterioridade, e sen prexuízo da tramitación do expediente expropiatorio, o IGVS intentará chegar a unha avenencia cos propietarios e titulares dos dereitos afectados.



TERCEIRA: O IGVS redactará e presentará ó Concello para a súa tramitación o Plan Parcial, de conformidade coa lexislación urbanística vixente.

Asimesmo o IGVS redactará e presentará ó Concello para a súa tramitación e aprobación o Proxecto de Urbanización.

Na redacción destes proxectos teranse en conta, sempre que sexan legalmente procedentes e técnicamente posibles e convenientes, os criterios do Concello; este, pola súa parte, favorecerá que o aproveitamento útil sexa o máximo autorizado, respetando, en todo caso, no solo urbanizable, os módulos mínimos de reserva para dotacións en Plans Parciais que desenvolvan solos industriais, segundo as determinacións do Anexo do Regulamento do Planeamento Urbanístico.

Cederanse ó Concello, libres de cargas, os viales e servizos previstos no proxecto de urbanización, os parques e xardíns públicos, a zona deportiva pública, os aparcamentos públicos e os terreos precisos para a instalación e funcionamento dos restantes servizos públicos necesarios, sempre que estean determinados no Plan Parcial de Ordenación e queden afectados ós respectivos



XUNTA DE GALICIA

fins, así como o 10% do aproveitamento medio do sector obxecto do Convenio. Así mesmo o Concello contribuirá economicamente co 10% dos custos da obra de urbanización.

Os terreos que, segundo o Plan, sexan susceptibles de propiedade privada e estean destinados por elo ó tráfico xurídico, serán propiedade do IGVS, quen poderá enaxenalos libremente para resarcirse das inversións que realice.


CUARTA:

A execución do Plan Parcial poderá realizarse por polígonos ou unidades de actuación, conforme ó previsto naquel. Se o Plan non contivera esta división, ou interesara modifica-las súas previsións, o IGVS redactará o correspondente proxecto e presentaráo ó Concello para á súa tramitación e aprobación.

O IGVS executará pola súa conta exclusiva, directamente ou a través da empresa pública por él participada na provincia, XESTUR-PONTEVEDRA, S.A., as obras de urbanización previstas nos correspondentes proxectos legalmente aprobados. A contratación e pagamento das obras realizaranse de conformidade co previsto na lexislación que lle sexa aplicable.

O Concello, poderá recabar en todo momento, calquera información sobre a marcha das obras, e concurrir as inspeccións das mesmas por medio dos técnicos municipais, en colaboración cos técnicos designados polo IGVS.

Os servizos exteriores do Polígono, necesarios para o normal funcionamento do mesmo, executaranse polo IGVS, incluídos os proxectos técnicos correspondentes. O seu financiamento correrá a cargo do Concello nun 50% e do IGVS noutro 50%.



6



XUNTA DE GALICIA

O Concello facilitará, en canto sexa necesario, a conexión dos servizos do polígono cos xerais.


O Concello comprométese a que, no momento en que rematen as obras de urbanización do Parque, exista suficiente caudal de abastecemento de augas, así como a debida evacuación de augas pluviais e residuais, nos puntos de conexión ás infraestructuras municipais, establecidos no proxecto de urbanización.

QUINTA:

O IGVS convocará coa antelación necesaria ó Concello para que este, por medio dos seus representantes e técnicos, poida concurrir e presta-la súa conformidade ós actos de recepción das obras de urbanización.

A conformidade dos representantes municipais coa obra realizada dará paso á recepción por parte do órgano competente do Concello, dos viais, servizos e terreos da cesión ó seu favor, que se estipula na cláusula terceira, parágrafo 4º.

De conformidade co establecido nos artigos 68 e 69 do Regulamento de Xestión, os propietarios do Parque haberán de integrarse nunha entidade de conservación para o mantemento daqueles servizos e instalacións que non sexan asumidas polo Concello. Na constitución desa entidade de conservación fixaranse os criterios de participación nos custos que xeren ditas obrigas para os propietarios do Parque. Establécese unha limitación temporal desta obriga de conservación de 1 ano, a partir da recepción das obras de urbanización, transcorrido dito prazo, a devandita obriga será asumida pola entidade de conservación ou polo Concello en aquilo que corresponda a cada un deles.



7



XUNTA DE GALICIA

Dende que sexan recibida-las obras definitivamente, e ata que allee a derradeira parcela, o IGVS contribuirá economicamente ó mantemento do Parque, en proporción ó número de parcelas que manteña en propiedade, dende o momento que se constituía a entidade de conservación do mesmo.

SEXTA:

O IGVS como propietario dos solares resultantes da actuación, determinará os prezos e condicións de venda dos mesmos con suxección ós seus propios criterios, que tenden á recuperación, en pesetas do valor corrente, das cantidades investidas na actuación máis a parte proporcional dos gastos xerais e correntes imputables. Estos prezos poderán ser minorados como medio de promoción ou aumentados para compensar anteriores rebaixas, de xeito que a recuperación final resulte equilibrada.

O Concello poderá recabar información, en calquera momento, sobre os prezos de venda das parcelas que o IGVS fixe inicialmente, e de calquera alteración posterior dos mesmos.

SÉTIMA:

O Concello apoiará, con tódolos medios ó seu alcance e incluso coa súa intervención directa, a xestión de venda das parcelas polo IGVS, en especial:

- Facilitará a obtención da licenza de obras polos compradores de parcelas, aínda antes de rematarse as obras de urbanización, de conformidade co establecido nos artigos 42 e 43 do Regulamento de Xestión Urbanística.
- Manterá con rigor a prohibición legal de establecer instalacións industriais en solo non calificado urbanisticamente para este fin.



8



XUNTA DE GALICIA

- Esixirá o estricto cumprimento dos prazos de edificación establecidos na licenza, de conformidade co disposto na Lexislación vixente.

OITAVA:

Para o desenvolvemento eficaz deste Protocolo, o IGVS comprométese a asinar con Xestur-Pontevedra os seguintes Convenios:

- No ano 2001: Convenio entre o IGVS e Xestur-Pontevedra para a realización dos Traballos Técnicos precisos para a creación do Parque Empresarial de A Garrida-Vigo.
- No ano 2002: Convenio entre o IGVS e Xestur-Pontevedra para a adquisición dos terreos necesarios para a creación do Parque Empresarial de A Garrida-Vigo.
- No ano 2002: Convenio entre o IGVS e Xestur-Pontevedra para a urbanización do Parque Empresarial da Garrida-Vigo; Convenio que será plurianual desenvolvéndose nos anos 2002 e 2003.

NOVENA:

Este acordo entenderase consumado cando o IGVS, enaxene tódolos terreos ou parcelas resultantes da actuación.

DÉCIMA:

A eficacia deste acordo condiciónase ó cumprimento por parte do IGVS da normativa vixente en materia de autorización da contía e carácter do gasto unha vez o mesmo se determine; así como a aprobación do presente texto polo Pleno do Concello.

9





XUNTA DE GALICIA

10
22

En sinal de conformidade coas estipulacións do presente Acordo asinan ámbolos comparecentes en triplicado exemplar, no lugar e data indicados.

Polo Concello,
O ALCALDE

Polo IGVS,
O CONSELLEIRO DE POLÍTICA
TERRITORIAL OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA



Asunto: Proxecto Sectorial do parque empresarial da Pasaxe, Gondomar e Vigo

Trámite: Informe previo á aprobación definitiva

O Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) por medio das notas interiores de datas 15/04/2011, aínda que por erro figura 15/02/2011(R.E.:18/04/2011) e 19/04/2011(R.E.: 19/04/2011, remite documentación atendendo ao requirimento desta Dirección Xeral do 15/04/2011, todo elo en relación coa solicitude de informe previsto no artigo 13.3 do Decreto 80/2000, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais, correspondente ao "Proxecto Sectorial do Parque Empresarial de A Pasaxe", nos concellos de Gondomar e Vigo.

O Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, establece no seu Artigo 16º que a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe exercerá as competencias e funcións en materia de paisaxe e de promoción do desenvolvemento sustentable da sociedade galega e, así mesmo, exercerá as correspondentes competencias e funcións inherentes a dirección, planificación e xestión da ordenación do territorio que ten atribuídas a consellería.

En virtude desta competencia, o director xeral de Sostibilidade e Paisaxe emite o seguinte informe con carácter preceptivo e non vinculante:

1. ANTECEDENTES E OBXECTO DO PROXECTO

Con data do 13/09/2010 foi emitido por esta Dirección Xeral informe relativo á incidencia supramunicipal do proxecto de referencia, segundo o disposto no artigo 13.1 do Decreto 80/2000 polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais.

Con data de 05/10/2010 publícase no DOGA o anuncio polo que se fai pública a declaración de supramunicipalidade do proxecto sectorial do Polígono Industrial da Pasaxe, e se somete a información pública e consultas o proxecto sectorial e o informe de sustentabilidade ambiental.

Por medio de escrito do 29/03/2011 (R.E.: 30/03/2011), o Instituto Galego da Vivenda e Solo remite documentación relativa ao "Proxecto Sectorial do Parque Empresarial da Pasaxe", nos concellos de Gondomar e Vigo, e solicita o informe previsto no artigo 13.3 do Decreto 80/2000.

Con data 15/04/2011 remítiuse requirimento de documentación aos efectos do establecido no citado artigo 13.3, polo que o órgano tramitador debe remitir o expediente completo para a emisión do informe previo a aprobación definitiva do proxecto sectorial.

Con datas do 15/04/2011, 19/04/2011, 26/04/2011 e 27/04/2011, mediante as respectivas notas interiores, achegouse diversa información complementaria relativa ao requirimento efectuado por esta Dirección Xeral así como á xustificación do cumprimento das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) e sistema de actuación a empregar.

O proxecto, promovido por XESTUR Pontevedra, S.A., empresa pública da comunidade autónoma galega, ten por obxecto regular a implantación territorial dun

polígono industrial. Este polígono, segundo consta na documentación achegada, constitúe unha área industrial xa existente de concentración de actividades produtivas disposta sobre un ámbito territorial dunhas 60 Ha., situado entre os concellos de Vigo e Gondomar.

Na actualidade xa están implantadas na zona arredor de 80 empresas que carecen das infraestruturas precisas para o correcto desenvolvemento das actividades que nelas se realizan. O proxecto sectorial contempla tanto a mellora das condicións da urbanización existente como a implantación de novos viais e infraestruturas de urbanización que sirvan de soporte ao crecemento do tecido industrial existente.

VISTA ANTERIOR Y POSTERIOR



PLANTA DE TAPA
VISTA ANTERIOR Y POSTERIOR



SEMI SECCION B-B
ESCALA:1/2



SEMI SECCION A-A
ESCALA:1/2

NOTA: TODAS LAS PIEZAS LLEVARAN IDENTIFICACION POR ESTAMPILLADO DE LA MANERA INDICADA EN EL CUADRO

ARILLO CODIGO SGA: 213576
ARILLO PESO APROX.: 32Kg
TAPA CODIGO SGA: 830280
TAPA PESO APROX.: 39Kg

Fabricante:
Tipo de herraje: *
Fecha

* COD. 213576 (AR-2)
COD. 830280 (TR-2)

1	TAPA REGISTRO	2	HIERRO FUNDIDO			
1	ARILLO REGISTRO	1	HIERRO FUNDIDO			
Nº de Piezas	Denominacion	Marca	Material	Nº de Nomenclator	Nº de Norma	Nº de Plano



distribución

	FECHA	NOMBRE
Proyectado	MARZO - 2010	UNION FENOSA
Dibujado	MARZO - 2010	AREAL
Comprobado	MARZO - 2010	DANIEL ALTES

ESCALAS:

1:2
1:5

L.M.T.S. CONDICIONADO PASAXE
(Ayto. de Vigo) (PONTEVEDRA)

TAPA REDONDA PARA P.A.R.


EL INGENIERO TEC. INDUSTRIAL AUTOR DEL PROYECTO:
DANIEL ALTES ALTES (Col. 3120)

S.G.D.-NºPLANO

2 4 8 1 0 9 0 4 0 0 3 0 - 4 . 2



**2 INFORME CONSELLERÍA DE MEDIOAMBIENTE, TERRITORIO E
INFRAESTRUCTURAS RELATIVO A AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL**



INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO - IGVS
Área Central. Fontiñas
15707 Santiago

REGISTRO
ENTRADA N.º
SAIDA N.º
DATA 1-3-10

ASUNTO: REMISIÓN DE DECISIÓN SOBRE A NECESIDADE OU NON DE AVALIACIÓN IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO: "PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE".

EMPRAZAMENTO: CONCELLOS DE GONDOMAR E VIGO, (PONTEVEDRA).

PROMOTOR: INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO


CLAVE: 2008/0285.

En resposta á súa solicitude de informe relativo ó proxecto citado no asunto, que tivo entrada no rexistro da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o 5 de decembro de 2008 (rexistro de entrada nº 27.768), achégase, ós efectos oportunos, copia compulsada da Resolución do 9 de febreiro de 2010, desta Secretaría Xeral, na que se determina que non é necesario someter o referido proxecto ó tramite de avaliación ambiental.


Nota: Poderán consultar a Decisión na dirección electrónica (<http://medioambiente.xunta.es/viewExpPdf.do?id=2008/0285>).

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2010

SUBDIRECTOR XERAL DE AVALIACIÓN AMBIENTAL



Carlos Calzadilla Bouzón



RESOLUCIÓN DO 9 DE FEBREIRO DE 2010 DA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL, SOBRE A NECESIDADE OU NON DE SOMETER A AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL O PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE, NOS CONCELLOS DE GONDOMAR E VIGO (PONTEVEDRA), PROMOVIDO POLO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO, (CLAVE: 2008/0285).

O Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos, recolle no seu artigo 3.2.a) que: "os proxectos, públicos ou privados, consistentes na realización das obras, instalacións ou calquera outra actividade comprendida no anexo II, só deberán someterse a unha avaliación de impacto ambiental na forma prevista nesa Lei, cando así o decida o órgano ambiental en cada caso, téndose que axustar a dita decisión ós criterios que figuran no anexo III".

O proxecto obxecto da presente decisión non se atopa comprendido no anexo II, grupo 7, apartado a, polo que procede segundo o establecido no seu artigo 3.2.a), tomar unha decisión acerca do sometemento do mesmo ó tramite de avaliación de impacto ambiental.

Os principais elementos de análise ambiental do proxecto son os seguintes:

1. Obxecto. Descrición e localización do proxecto. Promotor e órgano substantivo.

1.1 Obxecto.

A presente actuación ten como obxecto a definición do Parque Industrial de A Pasaxe.

1.2 Descrición e localización.

O Polígono Industrial de A Pasaxe (PIP), sitúase na provincia de Pontevedra, entre os Concellos de Gondomar e Vigo. O ámbito está delimitado polo río Amial, por un afluente deste, pola estrada PO-331 e polo actual PI de A Pasaxe. A actuación proxectada posúe unha superficie aproximada total de 63 ha.

A realización do presente proxecto sectorial obedece á ampla demanda de solo industrial na área Metropolitana de Vigo así como á necesidade de ordenar e racionalizar os asentamentos industriais.

1.3 Promotor e órgano substantivo.

O promotor e o órgano substantivo do proxecto é o Instituto de Galego da Vivenda e Solo.

2. Tramitación de consultas

Con data 5 de decembro de 2008 (rexistro nº 27.768), a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental recibe a documentación ambiental do proxecto: "Solicitude para a determinación de sometemento ou non á avaliación de impacto ambiental do Proxecto Sectorial do Polígono Industrial de A Pasaxe", co obxecto de determinar a necesidade do seu sometemento ao procedemento de avaliación de impacto ambiental. De acordo co artigo 16.1 do citado Real Decreto Lexislativo.

En data 2 de febreiro de 2009 iníciase as consultas aos organismos envidados. No cadro seguinte móstranse os organismos que foron consultados, marcándose a cunha de calibres e dilixencia. Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta de seu orixinal

Santiago, 15 FEB. 2010

RESOLUCIÓN SOBRE A NECESIDADE OU NON DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE, NOS CONCELLOS DE GONDOMAR E VIGO (PONTEVEDRA), PROMOVIDO POLO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO, (CLAVE: 2008/0285).

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido

Consultados	Respostas
Dirección Xeral de Conservación da Natureza	-
Dirección Xeral de Infraestruturas	-
Concello de Vigo	X
Concello de Gondomar	-
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural	X
Deputación Provincial de Pontevedra	X
Augas de Galicia	X
Demarcación de estradas del Estado	X
Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación	X
Greenpeace España	-
Federación Ecoloxista Galega (FEG)	-
Sociedade de Ornitoloxía (SGO)	-
Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN)	-

O contido das contestacións recibidas son as seguintes:

En data 10 de xullo de 2009 (nº de rexistro 13.212) Augas de Galicia informa que:

No caso de someterse o citado proxecto ao procedemento de avaliación ambiental, establécense unha serie de condicións a ter en conta:

- Normativa aplicable con relación á planificación e á xestión dos recursos hídricos.
- Rede Hidrolóxica.
- Aspectos específicos a considerar sobre o abastecemento e saneamento.
- Incidencia da actuación no réxime de correntes.
- Outros aspectos a considerar como criterios de deseño ou ambientais de deseño.

En data 13 de marzo de 2009 (nº de rexistro 5.298) a Deputación Provincial de Pontevedra comunica o seguinte:

O proxecto de referencia sitúase nas proximidades da autopista AG-57, nos límites dos Concellos de Gondomar e Vigo, informase que no referido ao parque empresarial, este non afecta nin directa, nin indirectamente a estradas de titularidade provincial.

Dado que o emprazamento do polígono, sitúase nas proximidades do río Zamáns (que verte as augas ao Miñor), considérase que o promotor debería analizar todos e cada un dos efectos que a implantación poda ocasionar no referido entorno fluvial. Así mesmo deberían implementarse as medidas correctoras necesarias para evitar calquera efecto negativo (canalización dos vertidos de forma que os mesmos non se efectuasen directamente ao leito público, execución de pretratamento para evitar que os vertidos industriais colapsen a EDAR urbana de Gondomar).

En data 20 de marzo de 2009 (nº de rexistro 5.784) o Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación informa que:

Considera que no proxecto referido, as medidas protectoras que o promotor debería adoptar, recollidas no documento presentado, no caso de impactos ambientais significativos son adecuadas, polo que non considera necesario engadir ningunha actuación adicional. Para facer constar que a presente fotocopia deba ser considerada polo promotor na elaboración deste estudo de reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

Santiago, 15 FEB. 2010

RESOLUCIÓN SOBRE A NECESIDADE OU NON DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE, NOS CONCELLOS DE GONDOMAR E VIGO (PONTEVEDRA), PROMOVIDO POLO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO, (CLAVE: 2008/0285).

En data 5 de marzo de 2009 (nº de rexistro 4.645) a Dirección Xeral de Estradas expón que:

Informa que as obras incluídas no proxecto sectorial do Polígono Industrial de A Pasaxe non afectaran a Rede de Estradas do Estado.

En data 20 de marzo de 2009 (nº de rexistro 5.738) o Concello de Vigo comunica que:

O obxectivo do proxecto sectorial, segundo consta na documentación, é buscar unha solución ó polígono industrial xa existente no ámbito que naceu á marxe do planeamento e que carece das infraestruturas precisas para o correcto desenvolvemento das actividades que se realizan.

O proxecto afecta ós concellos de Vigo e Gondomar, e polo que respecta ao concello de Vigo afecta a unha superficie duns 12.000 m² a ambos lados da estrada de Zamáns, aínda que colindante con este, o Plan Xeral de Ordenación Municipal prevé o sector de solo urbanizable delimitado Garrida de uso industrial, como complemento do polígono industrial da Pasaxe, polo tanto deberan terse en conta os efectos sinérxicos no relativo a ordenación, o tráfico, ás conexións de infraestruturas e a superficie total obxecto de uso industrial.

Polo que se refire ó proxecto de urbanización do polígono industrial o principal impacto na fase de obras se producirá sobre a orografía do terreo o que xerará grandes cambios no relevo cos conseguintes sobrantes de terras, que requirirán unha axeitada xestión; tanto durante as obras para impedir que poidan chegar a afectar á calidade das augas do entorno, como no seu depósito definitivo. É preciso, polo tanto, detallar con exactitude as medidas protectoras a adoptar así como os lugares exactos dispoñibles para o depósito definitivo. Tamén o sistema xeral de abastecemento a Vigo Cruza terreos do polígono de A Pasaxe, a través do túnel da Garrida, polo que haberá de terse en conta para que non se vexa afectado polas obras.

Polo que se refire ó caudal para abastecer o polígono industrial, o concello de Vigo ten cedido ó concello de Gondomar 0,5 l/s para varios establecementos do polígono da Pasaxe, que resultaría insuficiente. Respecto ó sistema Xeral de saneamento de augas residuais, procedería a instalación dunha rede separativa de pluviais con vertido final ó río Vilaza.

Respecto a afección ó patrimonio a documentación non aporta un plano de detalle, aínda que nesa área localizáronse os xacementos arqueolóxicos de Petroglifos da Gándara (GA36057072) e "Mámoa da Gándara" (GA36057072), bens incluídos no catálogo de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia e no planeamento vixente.

No PXOM, o petroglifo da Gándara ten o grado de protección G-I e conta coa declaración xenérica de Ben de Interese Cultural (máximo grao de protección que outorga a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia), mentres que a Mámoa ten o grado de protección G-II.

Para o Grao I o PXOM establece dous niveis de protección: GI-I (área de protección integral) e GI-II (área que conforma o contorno do BIC). O proxecto afecta ós ámbitos de protección integral e da área do contorno dos Petroglifos da Gándara.

Para o Grao II establece dous niveis de protección: GII-I (área de protección integral) e GII-II (área de respecto). O proxecto afecta ó ámbito de respecto da mámoa aínda que, ó dispor dun plano adecuado co ámbito do proxecto podería afectar tamén a área de protección integral.

As medidas recollidas na documentación son máis ben preventivas, non entrando en consideración das correctoras necesarias para paliar o impacto das obras sobre os bens culturais existentes.

Sería preciso que a prospección intensiva previa contemple non só os aspectos arqueolóxicos, senón tamén aqueles elementos de carácter etnográfico e artístico que poidan aparecer, cos resultados da prospección terán que avaliarse os posibles impactos das obras e as súas medidas correctoras. Terase en conta non só as obras localizadas propiamente no ámbito,

RESOLUCIÓN SOBRE A NECESIDADE OU NON DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE, NOS CONCELLOS DE GONDOMAR E VIGO (PONTEVEDRA), PROMOVIDO POLO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO, (CLAVE: 2008/0285).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



XACOBEO 2010
Galicia

senón todas aquelas precisas para o seu funcionamento (abastecemento, saneamento, accesos, instalacións eléctricas, etc.) o igual que a circulación do tráfico pesado.

O impacto na fase de funcionamento vai depender do tipo de empresas que se vaian a asentár no polígono industrial e da axeitada planificación do funcionamento xa desde a fase de aprobación do proxecto sectorial, que se establece os usos pormenorizados e os criterios ambientais de operación, execución e modificación dos usos, xa que todo isto pode influír na redución na produción de residuos, verquidos e emisións á atmosfera.

En data 20 de marzo de 2009 (nº de rexistro 5.738) a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural comunica que:

No entorno próximo ó polígono, localízanse os xacementos arqueolóxicos: Petroglifos de A Gándara (GA36057072), que de acordo co establecido no artigo 40.2 da lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español (BOE nº 155, de 29 de xuño) en Disposición Adicional Primeira da Lei 8/1995, ten a consideración de BIC e Mámoa de A Gándara (GA36057073). Estes dous xacementos arqueolóxicos están incorporados ó Catálogo do PXOM de Vigo, e delimitados as súas áreas de protección (nomeadas protección integral e área de respecto) nos planos de ordenación. O ámbito delimitado para este proxecto sectorial, afecta parcialmente ás áreas de respecto de ambós xacementos. Tendo en conta que estes bens forman parte do Inventario Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia (artigo 22 e Disposición Adicional Segunda da Lei 8/1995), o seu réxime de protección e conservación se corresponde co establecido no Título II da Lei 8/1995.

Na documentación remitida non consta ningún plano no que se plasme a ordenación proposta para este polígono industrial. O ámbito sinalado para este polígono, afecta ás áreas de respecto dos bens que forman parte do Inventario Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia. Polo tanto, seguindo o guión dado no escrito da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, é preciso advertir que a ordenación que se propoña dentro das áreas de respecto dos xacementos arqueolóxicos Petroglifos de A Gándara (GA36057072), Mámoa de A Gándara (GA36057073), quedará subordinada a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa conservación, debendo dedicarse preferentemente estas zonas, como zonas verdes ou libres.

É necesario ter en conta a natureza do rexistro arqueolóxico galego, moitas veces enmascarado por unha tupida vexetación, ou cuberto por procesos sedimentarios, polo que non se debe descartar a existencia de xacementos arqueolóxicos non detectados ate o de agora, e que poderían verse afectados polo proxecto.

En consecuencia, é posible que o proxecto ocasione impactos significativos sobre o Patrimonio Cultural, polo que, no caso de que a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, decida someter o proxecto de referencia a avaliación de impacto ambiental, o promotor, deberá incluír no citado estudo unha avaliación de impacto sobre o Patrimonio Cultural. Esta avaliación deberá conter un catálogo de bens do Patrimonio Cultural, confeccionando en base a unha serie de estudos, incluíndo traballos de campo, realizados por técnicos competentes na materia. Do mesmo xeito, se deberá cualificar o impacto que o proxecto podería ocasionar sobre estes bens, propoñendo, un programa de medidas protectoras e correctoras que garantan unha axeitada conservación dos elementos incluídos nese catálogo.

Sen prexuízo do anterior, cómpre adiantar que no caso de se chegar a emitir un informe favorable acerca do proxecto, todas as obras no ámbito do mesmo, conlevarán a realización de obras, controis e seguimentos arqueolóxicos das remocións de terras e infraestruturas preventivo dos bens. Estes controis serán especialmente intensivos nas áreas de respecto dos bens culturais.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal

Santiago, 15 FEB. 2010

RESOLUCIÓN SOBRE A NECESIDADE OU NON DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE, NOS CONCELLOS DE GONDOMAR E VIGO (PONTEVEDRA), PROMOVIDO POLO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO, (CLAVE: 2008/0285).

Asdo.: *Alberto Rodríguez Garrido*



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



XACOBEO 2010
Galicia

3. Análise segundo os criterios do anexo III.

Unha vez analizada a documentación que obra no expediente, e considerando as respostas recibidas ás consultas practicadas, realízase a seguinte análise para determinar a necesidade de sometemento do proxecto a avaliación de impacto ambiental, segundo os criterios do anexo III do Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos.

Ademais considerouse que a presente actuación conta con memoria ambiental correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica. Polo que, para a elaboración da presente Resolución tivéronse en conta todos os informes sectoriais e alegacións recollidos durante o citado procedemento.

3.1 Características do proxecto.

O Polígono Industrial de A Pasaxe (PIP), localízase na provincia de Pontevedra, entre os Concellos de Gondomar e Vigo. O ámbito está delimitado polo río Amial, por un afluente deste, pola estrada PO-331 e polo actual PI de A Pasaxe. A actuación proxectada posúe unha superficie aproximada total de 63 ha.

3.2 Localización do proxecto. Sensibilidade medioambiental das áreas xeográficas.

Na actualidade xa existe un polígono industrial dentro do ámbito, o Polígono Industrial de A Pasaxe. Este Polígono naceu á marxe do planeamento e carece das infraestruturas precisas para o correcto desenvolvemento das actividades que nel se realizan.

Nas proximidades do ámbito existen as seguintes infraestruturas:

Autoestrada AG-57 (Puxeiros - Valmiñor). Esta vía transcorre próxima ó límite inferior do ámbito. No interior do propio ámbito atópase o enlace de Vincios, no que, a través da PO-331, permítese a realización de tódolos movementos entre as dúas vías, quedando así garantido o acceso á rede de alta capacidade de Galicia.

PO-330. Enlaza a PO-331 (a altura do Polígono) con Vigo. Ó longo desta estrada creceron as edificacións do polígono funcionando na actualidade como parte do viario interior deste.

PO-331. Esta vía serve de enlace con Porriño e Gondomar. Ó igual que a PO-330 o seu paso polo Polígono as edificacións son frecuentes, converténdose en parte do viario interior deste. Desde esta vía accedese ó enlace de Vincios da AG-57.

Na documentación avaliada non se observan afeccións a áreas de especial protección designadas en aplicación das Directivas 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979, e 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, ou a húmidas incluídos na lista do convenio Ramsar.

No entorno do ámbito localízanse varios elementos patrimoniais:

- Petroglifos de A Gándara (GA36057072).
- Mámoa de A Gándara (GA36057073).

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal

Santiago, 15 FEB. 2010

Asdo.: *Alberto Rodríguez Garrido*

RESOLUCIÓN SOBRE A NECESIDADE OU NON DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE, NOS CONCELLOS DE GONDOMAR E VIGO (PONTEVEDRA), PROMOVIDO POLO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO, (CLAVE: 2008/0285).

3.3 Características do potencial impacto.

Afeccións potenciais sobre o solo

Os efectos debidos á erosión son producidos polas escavacións e movementos de terra a executar.

Afeccións potenciais sobre atmosfera

Na fase de construción pódense presentar impactos por cambios na calidade do aire debido á emisión de gases procedentes da maquinaria empregada, así como un incremento das partículas en suspensión (po) e un aumento dos niveis sonoros, derivada das distintas accións de obra.

Afeccións potenciais sobre a hidroloxía

Os impactos considerados sobre a hidroloxía son os referentes a: alteracións e modificacións das liñas de drenaxe, risco de incorporación de sólidos en suspensión a canles fluviais, alteracións cuantitativas e cualitativas da calidade da auga, erosións e sedimentacións nas marxes e leitos das canles fluviais e alteración ou diminución da calidade das augas subterráneas.

Afeccións potenciais sobre a vexetación e hábitats

Os impactos considerados sobre a vexetación son os referentes a: eliminación da vexetación, degradación da vexetación, incremento do risco de incendios e perda de hábitats naturais.

Afeccións potenciais sobre a fauna

Os potenciais impactos sobre a fauna terrestre pódense producir tanto na fase de obras como de explotación, xa que esta implica unha perda de solo útil e a destrución do hábitat por alteración e desaparición da cuberta vexetal á que está asociada a fauna.


Afeccións potenciais sobre o sistema territorial

Os impactos que se poden producir sobre o sistema territorial son os relativos a afeccións sobre o planeamento urbanístico, afeccións sobre os espazos naturais, e afeccións sobre explotacións mineiras.

Afeccións sobre a paisaxe:

Neste caso, os principais impactos negativos que sobre a paisaxe e os elementos que a conforman se producirán, como consecuencia da urbanización da ampliación do parque, serán:

- Simplificación da estrutura da paisaxe.
- Intensificación dos usos do solo.
- Modificación de compoñentes conformadores da paisaxe tan importantes como a vexetación, o relevo e a fauna.
- Introducción de novos elementos artificiais polas obras de urbanización, cambios de servizos, aparcadoiros, zonas de equipamento.

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
DILIXENCIA - Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta de seu orixinal

Santiago, 15 FEB. 2010

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido

RESOLUCIÓN SOBRE A NECESIDADE OU NON DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE, NOS CONCELLOS DE GONDOMAR E VIGO (PONTEVEDRA), PROMOVIDO POLO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO, (CLAVE: 2008/0285).

A vista do antedito, sempre que se cumpran as condicións que figuran no anexo da presente Resolución e no resumen dos informes presentados polos distintos organismos e entidades (apartado 2), esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, en virtude do artigo 3.2.a) do Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, tendo en conta que da realización do proxecto non se prevén efectos adversos significativos sobre o medio ambiente, decide que **non é necesario someter ó trámite de avaliación de impacto ambiental o Proxecto do Polígono Industrial de A Pasaxe**, obxecto da presente Resolución.


Indicarlle que para dar resposta as condicións expostas, deberá presentar a oportuna documentación xustificativa dentro do procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

Exponse o anterior sen detrimento das autorizacións, permisos ou informes pertinentes para a realización do proxecto, así como do contido dos mesmos, en particular, deberán contar coas autorizacións da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e Augas de Galicia, órganos que deberán consultar antes da realización da obra.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2010

SECRETARIO XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL


Justo Benito Basanta.

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
DILIXENCIA - Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta de seu orixinal

Santiago, 15 FEB. 2010

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido

RESOLUCIÓN SOBRE A NECESIDADE OU NON DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE, NOS CONCELLOS DE GONDOMAR E VIGO (PONTEVEDRA), PROMOVIDO POLO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO, (CLAVE: 2008/0285).



ANEXO

Contaminación das augas:

En cumprimento das prescricións establecidas no texto refundido da Lei de augas e no Regulamento do dominio público hidráulico deberanse respectar, como unha situación de mínimos, nas marxes dos ríos e leitos que discorren pola zona en toda a súa extensión lonxitudinal, a zona de servidume de 5 m de ancho e a zona de policía de 100m, considerándose as limitacións e autorizacións ou permisos necesarios para a execución das obras ou outro tipo de actuacións.

Deberase presentar un plano onde se definan as zonas de servidume e policía dos regos afectados.

Lémbrese a necesidade de obter o permiso correspondente de Augas de Galicia na realización de calquera obra que vaia executarse nas zonas de protección do dominio público hidráulico.

Abastecemento

Na documentación achegada non se especifica como se resolverá o abastecemento do polígono, polo que se deberá xustificar:

- A orixe da auga coa que se vai abastecer o incremento do consumo previsto, indicando os datos de caudal, punto de toma e sistema de captación.
- Volume do incremento do consumo previsto, baseándose nun estudo das necesidades en función do destino do novo consumo (abastecemento industrial).

No caso de que o abastecemento se realice por conexión coa rede municipal de abastecemento, deberase xuntar un informe do concello ou da empresa explotadora do abastecemento, no que se certifique que o sistema te capacidade suficiente para satisfacer o incremento de demanda previsto par a nova zona industrial.

Saneamento

Deberase indicar o sistema de saneamento que se propón, o tratamento do vertido con indicación, no seu caso, da proposta da localización das instalacións necesarias e a reserva de solo ao efecto. Indicarase o destino do vertido das augas residuais, e a posible afección do vertido sobre a calidade das augas do medio receptor.

Lembrar a prohibición expresa de realizar calquera vertido, directo ou indirecto, fora da rede de saneamento municipal (no caso de que exista) agás autorización expresa da administración hidráulica.

Incidencia da actuación no réxime de correntes.

Deberase considerar a incidencia espacial dos efectos inducidos pola alteración do réxime hidrolóxico e da calidade da auga.

No desenvolvemento do Proxecto Sectorial, deberase xustificar a non incidencia da actuación no réxime de correntes, así como a non afección a terceiros como consecuencia da alteración das escorrentas que comportaría o cambio de uso proposto, identificando as zonas con potencial risco de asolagamento.

XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
 SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
 DILIXENCIA - Para facer constar que a presente é unha copia fiel e exacta do seu orixinal
 15 FEB. 2010
 Santiago,

Asdo.: *Alberto Rodríguez Garrido*

RESOLUCIÓN SOBRE A NECESIDADE OU NON DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE, NOS CONCELLOS DE GONDOMAR E VIGO (PONTEVEDRA), PROMOVIDO POLO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO, (CLAVE: 2008/0285).



Nas proximidades do ámbito da actuación atópase próximo a zona asolagable "Ría de Vigo - río Miñor", con risco de asolagamento medio. Compre sinalar que Augas de Galicia está procedendo na actualidade á revisión e á homoxeneización dos estudos existentes de zonas asolagables así como á ampliación do número e dos treitos estudados. Neste conxunto de traballos atópanse os ríos Zamáns e Miñor, nos arredores da confluencia destes, esperando ter rematados os estudos a finais do 2009.

Criterios ambientais

Seguindo as indicacións do PHGC sobre os estudos ambientais, deberanse incluír en canto as afeccións sobre o medio, unha relación detallada das accións proxectadas que serán susceptibles de producir un efecto sobre o medio, tanto na fase de construción coma de explotación, establécendose unha serie de medidas protectoras e correctoras, así como un programa de seguimento e vixilancia ambiental.

Evitarase en todo momento vertidos á rede fluvial (superficial ou subterránea), e propugnaranse medidas de protección das augas como barreiras de retención de sedimentos durante a fase das obras e balsas de decantación para a fase de explotación.

Para a avaliación da incidencia das obras na calidade das augas, tomaranse mostras de auga en situación preoperacional. Deste xeito marcarase a calidade mínima esixible tras a finalización das obras e durante a fase de explotación, na busca duns niveis óptimos de calidade.

En todo caso, solicitaranse obrigatoriamente as autorizacións oportunas si existise a necesidade xustificada da corta de vexetación da ribeira ou realización de vertidos á rede fluvial.

No caso de seren necesarias captacións de auga con carácter temporal ou permanente, desvíos de ríos ou se, por algunha causa, se interrompese algún sistema de abastecemento dos concellos afectados entendese, en aplicación da lexislación vixente en materia de augas, a necesidade de tramitación dos permisos correspondentes ante o Organismo de Conca.

Sinalar que estas condicións se elaboran baseándose nos datos achegados e no exercicio de competencias da planificación hidrolóxica, sen atender a consideracións sobre avaliación técnica da documentación enviada ou de incompatibilidade con outras concesións ou obras respecto ás que os órganos competentes informarán.

Contaminación acústica

En fase de obras:

Estableceranse as premisas necesarias para a minimiza-lo incremento dos niveis sonoros producidos pola maquinaria utilizada, de forma que se cumpra o establecido no RD 524/2006, de 28 de abril, polo que se modifica o RD. 212/2002, de 22 de febreiro, polo que se regulan as emisións sonoras no entorno debidas a determinadas máquinas de uso o aire libre.

Os niveis de presión sonora que resulten da execución das obras non deberán exceder en ningún caso, os límites establecidos no Plan Xeral de Ordenación Municipal dos Concellos afectados, nos períodos do día establecidos. Así mesmo, as actividades que se desenvolvan dentro do parque deberán estar suxeitas ó establecido en materia de ruidos na lexislación vixente.

Contaminación lumínica

O deseño do alumeadado público deberá ser tal, que garanta a minimización da contaminación lumínica, e permita un mellor uso da enerxía. Dito deseño, deberá optimizalo aproveitamento

RESOLUCIÓN SOBRE A NECESIDADE OU NON DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE, NOS CONCELLOS DE GONDOMAR E VIGO (PONTEVEDRA), PROMOVIDO POLO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO, (CLAVE: 2008/0285).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



XACOBEO 2010
Galicia

da luz, evitando a dispersión en zonas onde poida ocasionar afección, fundamentalmente nas proximidades dos núcleos rurais.

Así, utilizarase o sistema de alumeado máis axeitado segundo cal sexa o seu uso: viario, beirarrúas, zonas verdes, etc.

O sistema de alumeado deberá contar con controis automáticos que garantan que non permaneza acendido durante as horas de luz natural.

Solo

En fase de obras:

Co fin de reducir ó máximo a superficie que puidera verse afectada pola execución do parque, estableceranse medidas encamiñadas a minimizar a afección do solo como o balizado da zona de obra e a redución o máximo das superficies habilitadas para amoreamento de materiais, mantemento de maquinaria e vehículos de obra, etc.

Intentarán compensarse ó máximo os movementos de terra entre as zonas de escavación e recheo para evitar os sobrantes de terras.

Procederase á retirada e conservación en boas condicións, da capa de solo fértil que poida xerarse nas zonas de movementos de terra, co fin de que poida ser empregada posteriormente nas labores de restauración.

A maquinaria que vaia a ser empregada durante a execución das obras será revisada para evitar perdas accidentais de lubricantes, combustibles, etc.

Evitaranse no posible as prácticas que poidan supoñer un risco de vertidos. Así non se poderán realizar na zona de obras ou área anexas cambios de aceites, reparacións, lavados de maquinaria e actuacións semellantes.

Xestión de residuos

En relación á xestión de residuos, os residuos xerados tanto durante a execución das obras coma durante a explotación, xestionaranse conforme a lexislación vixente en materia de residuos, Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia.

Por outra banda a xestión de residuos perigosos cumprirá as seguintes normas:

Disporanse contedores para a lo menos os seguintes tipos de residuos perigosos:

- Envases baleiros de aceite, graxa ou pintura.
- Materiais impregnados (trapos, papel ou outros) con graxa, aceite, combustible ou pintura.
- Sacas (big-bags) para terras contaminadas con graxas, aceite ou combustible.
- Bidóns pechados para aceite de maquinaria (orixinado en posibles fugas ou reparacións realizadas in situ).

Recollida: a recollida de aceites usados e outros residuos perigosos debe realizarse de tal forma que se evite a mestura con outro tipo de residuo (perigoso ou non perigoso).

Envasado: os envases que conteñan aceites usados deben evitarse para evitar perdas e escapes de produto. Os envases deben estar ben tapados e etiquetados, sendo resistentes ós golpes producidos durante as operacións de transporte e almacenamento.

Etiquetado: as etiquetas de identificación deben conter o tipo de residuo, nome do produto, código de identificación, as datas de envasado e un pictograma que indique as súas características de perigo.

RESOLUCIÓN SOBRE A NECESIDADE OU NON DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE, NOS CONCELLOS DE GONDOMAR E VIGO (PONTEVEDRA), PROMOVIDO POLO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO, (CLAVE: 2008/0285).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



XACOBEO 2010
Galicia

características físico - químicas (explosivo, inflamable, comburente), toxicolóxicas (tóxico, nocivo, corrosivo, irritante sensibilizante) e efectos específicos sobre a saúde humana (carcinóxénico, mutaxénico, teratoxénico) e medio ambiente (perigosos para o medio ambiente).

Amoreamento: Habilitarase un espazo, correctamente sinalizado, para o almacenamento dos aceites usados e outros residuos perigosos, que poidan xerarse na obra, ata a súa recollida por parte dun xestor autorizado. O almacenamento dos residuos realizarase en compartimentos estancos impermeabilizados, provistos de elementos de retención en el caso de fuga ou vertidos.

Almacenamento dos residuos nunha zona acondicionada para tal fin: o tempo máximo de almacenamento non será superior a seis meses. O almacenamento de materiais inflamables localizarase fora da zona de estacionamento da maquinaria.

Recollida por parte do xestor autorizado.

Para a xestión de residuos non perigosos tomaranse as seguintes medidas:

- Habilitarase un espazo, correctamente sinalizado, para o almacenamento dos residuos non perigosos que poidan xerarse na obra, ata o seu destino final, sempre lonxe dos cursos fluviais e zonas habitadas.
- Para os residuos que temporalmente vaian permanecer na obra, habilitarase un lugar no que se disporá de contedores diferenciados segundo a natureza de cada residuo.
- O destino final dos residuos será diferente segundo a súa caracterización; así:
 - Terras e sobrantes de escavación: reutilización noutra obra ou vertedoiro autorizado.
 - Plásticos, madeira e metais: xestor final autorizado.

A xestión de residuos sólidos urbanos e asimilables a urbanos aplicaranse as seguintes medidas:

- Entregaranse ó concello ou empresa adjudicataria da xestión dos residuos municipais nas condicións fixadas nas ordenanzas. No caso de que a entidade local obrigue á xestión dalgún tipo de residuo desta natureza ás empresas, estas os xestionarán a través dos xestores autorizados de residuos sólidos urbanos.
- Aplicaranse criterios de minimización, reutilización e cando sexa posible reciclaxe dos materiais, reducindo así o volume dos residuos xerados.
- Instalaranse contedores, correctamente sinalizados, para a recollida de residuos sólidos urbanos xerados na obra (restos de comida, latas, plásticos, vidro, papel, cartón, etc.).
- Destinarase unha parcela de servizos para a instalación dun punto limpo, denominada parcela de servizos PS1 (3.813,49 m2), ó que se accederá polo novo viario 5 e polos viarios do actual Parque Tecnolóxico.
- Por último no caso de que se produza o abandono dalgún tipo de empresa implantada nesta área, procederase ó desmonte e retirada de calquera elemento susceptible de contaminación, xestionado de acordo coa lexislación vixente en materia de residuos xerados.

Santiago,

15 FEB. 2010

RESOLUCIÓN SOBRE A NECESIDADE OU NON DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE, NOS CONCELLOS DE GONDOMAR E VIGO (PONTEVEDRA), PROMOVIDO POLO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO, (CLAVE: 2008/0285).



Vexetación

Procederase ó balizado da zona de actuación a fin de delimitar a mesma e evitar a afección a superficies non previstas.

O tránsito de maquinaria realizarase exclusivamente polos viarios xa existentes.

Unha vez finalizadas as obras procederase ó axardinamento e integración paisaxística das superficies afectadas. Estas medidas de restauración estarán definidas no proxecto de urbanización e recollidas no capítulo correspondente do seu orzamento.

Medio socioeconómico

Durante a fase de obras:

Sinalarase axeitadamente a obra.

Procederase ó reforzo da sinalización das infraestruturas viarias afectadas ou utilizadas.

Restituírse o seu estado previo as infraestruturas que poidan resultar afectadas durante a fase de obras.

Procurarase que os transporte por estrada se realicen nas horas de menor intensidade de tráfico habitual.

Deberán extremarse as precaucións citadas en relación coa atmosfera, en canto á emisión de gases contaminantes e po, así como á emisión de ruído.

Planificaranse os percursos alternativos para evitar a afección da mobilidade da poboación.

Patrimonio

Consulta dos catálogos das figuras de planeamento en vigor do concello afectado polo proxecto e dos arquivos existentes na Dirección Xeral do Patrimonio.

Prospección arqueolóxica de todo o ámbito do proxecto, incluíndo os accesos e a liña, realizada por técnicos competentes autorizados por esta Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, tal e como se establece na Lei 8/1195, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia e no Decreto 1999/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Nº 150, do 6 de agosto).

Dende o punto de vista do Patrimonio Arquitectónico e Etnográfico, é necesaria a prospección exhaustiva da zona para a identificación e localización dos bens recollidos en inventarios, sexan susceptibles de protección por configuraren a paisaxe galega e caracterizar culturalmente o territorio.

En base ós resultados das actuacións arqueolóxicas, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer as medidas de protección.

XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
 SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
 DILIXENCIA. Para facer constar que este presente fotocopia
 é reprodución fiel e exacta do seu orixinal

Santiago, 15 FEB. 2010

Asdo.: *Alberto Rodríguez Garrido*



3 ESTUDIO DE IMPACTO SOBRE PATRIMONIO



**Memoria do Proxecto de Estudio de Impacto sobre o Patrimonio Cultural
(Prospección Arqueolóxica Intensiva)
da área afectada polas obras do Polígono Industrial de A Pasaxe.
Concellos de Gondomar e Vigo. Pontevedra**



**Memoria do Proxecto De Estudio De Impacto
Sobre o Patrimonio Cultural
(Prospección Arqueolóxica Intensiva)
Da Área Afectada Polas obras
do Polígono Industrial
De A Pasaxe.
Gondomar- Vigo (Pontevedra)
Código: CD 102 A 2009/049-0**

ENXEÑERÍA: Enxeñeiros e Arquitectos IDOM S.A.

EXECUCIÓN: MANUELA P. MATO.

DIRECCIÓN: MANUELA P. MATO.

1. FICHA TÉCNICA.

NOME DO PROXECTO: Polígono Industrial de A Pasaxe. Gondomar-Vigo (Pontevedra)

ENXEÑERÍA: Enxeñeiros e Arquitectos IDOM S.A.

ENDEREZO: Av. de Lugo 151-153 Baixo, Santiago de Compostela (A Coruña).

PROMOTOR: XESTUR PONTEVEDRA.

LOCALIZACIÓN DAS OBRAS: Concellos de Gondomar e Vigo (Pontevedra).

ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA: Prospección Superficial e Intensiva de Avaliación de Impacto sobre o Patrimonio Cultural.

ARQUEÓLOGA DIRECTORA: Manuela Pérez Mato.

EQUIPO TÉCNICO: Lola Gil Agra.

EXECUCIÓN DOS TRABALLOS: Manuela Pérez Mato.

DURACIÓN DO TRABALLO DE CAMPO: 9 e 10 de abril de 2009.

ORZAMENTO: 1.990 € (IVE non incl.)

2. OBXECTO.

O obxectivo do presente traballo é presentar os resultados do estudio e posterior avaliación do risco de impacto sobre o patrimonio arqueolóxico e outros elementos do patrimonio histórico-cultural na área afectada polas obras necesarias para a ordenación do Parque Empresarial de A Pasaxe, concellos de Gondomar e Vigo, provincia de Pontevedra. Tendo en conta a alteración da paisaxe que supón a execución das infraestructuras requiridas para o desenrolo deste traballo, foi imprescindible realizar tarefas específicas de prospección arqueolóxica para a detección e catalogación dos distintos elementos do Patrimonio Histórico-Cultural presentes na área afectada polas obras, labor esta de protección e divulgación social amparada polo Decreto 199/1997 do 10 de xullo que regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Co fin de obter a autorización para a realización da prospección efectuada foi presentado no rexistro xeral da Xunta de Galicia, con data de 20 de xaneiro de 2009, por parte do promotor do Proxecto Sectorial do Polígono Industrial de A Pasaxe (concellos de Gondomar e Vigo) Xestur Pontevedra o Proxecto de Estudio de Impacto sobre o patrimonio cultural (prospección arqueolóxica intensiva) da área afectada polas obras do citado proxecto, asinado pola arqueóloga que subscribe o presente documento. Unha vez obtida a preceptiva autorización (código: CD 102 A 2009/049-0), con data de rexistro de saída da Xunta de Galicia de 6 de marzo de 2009, o traballo de campo foi efectuado durante as xornadas do 9 e 10 de abril de 2009.

3. PROXECTO DE OBRA.

1. MOVIMIENTO DE TIERRAS

Para os taludes tomouse un valor de 3H:2V, tanto en terraplén y 1H:1V para o caso de desmontes, valores que teñen que ser ratificados polo correspondente estudio xeotécnico a incluír no proxecto de urbanización.

Os volumes de Movemento de Terras nos primeiros cálculos realizados roldarían os: **440.000 m³ de terraplén e 460.000 de m³ de desmonte**. Os taludes máximos de terraplén roldarían os **12 m** e os de desmonte os **10 m** de altura.

2. ORDENACIÓN

O acceso principal a nivel local e rexional se realizará mediante o enlace existente da Autovía AG-57 coa PO-331.

A traveso da PO-331 e a PO-330 terá acceso a nivel local.

A partir do viario existente e tendo en conta a preexistencia de empresas se trazarán unha serie de vías formando aneles que permitan a creación dunha nova superficie industrial.

Os cursos de auga existentes na zona serían o Río Zamáns que limita o borde sur do polígono e un afluente do mesmo que limita o borde Oeste do Polígono. Ambos leitos serán respectados así coma un regato de menor entidade.

A continuación móstrase un cadro resume de superficies (provisionais):

	SUPERFICIES (M2)	%
SUPERFICIE INDUSTRIAL DE EMPRESAS EXISTENTES	196484,50	33,09
SUPERFICIE INDUSTRIAL DE NOVA IMPLANTACIÓN	175693,68	29,59
TOTAL SUPEFICIE EMPRESARIAL E INDUSTRIAL	372178,18	62,67
SUPERFICIE EQUIPAMENTOS	11900	2,00
SUPERFICIE ZONA VERDE	89074,425	15,00
SUPERFICE TOTAL ÁMBITO	593829,5	100

3. INFRAESTRUCTURAS DE SERVICIOS

O Polígono dotarase coas seguintes infraestructuras de servicios:

- REDE DE DRENAXE DE AUGUAS PLUVIAIS E SANEAMENTO DE AUGUAS RESIDUAIS
- REDE DE ABASTECIMENTO E CONTRAINCENDIOS
- REDE DE ELECTRICIDADE E ALUMEADO
- INFRAESTRUCTURA DE TELECOMUNICACIÓNS
- REDE DE GAS

4. ANÁLISE DO ÁMBITO XEOGRÁFICO.

4.1. CONCELLO DE GONDOMAR:

Municipio pertencente á provincia de Pontevedra, á diocese de Tui-Vigo e á comarca metropolitana de Vigo. Intégrase, xunto cos concellos de Baiona e Nigrán, na comarca natural do Val Miñor e limita ó norte co termo de Vigo, ó leste co de Porriño, ó sur cos de Tui e Tomiño e ó oeste cos de Baiona e Nigrán. Ten unha extensión de 75 quilómetros cadrados e a súa poboación comprende 11.987 habitantes distribuídos nas parroquias de Borreiros (San Martiño), Chaín (Santa María), Couso (San Cristovo), Donas (Santa Baia), Gondomar (San Bieito), Mañufe (San Vicente), Morgadáns (Santiago), Peitieiros (San Miguel), Vilaza (Santa María) e Vincios (Santa Mariña).

Relevo:

A situación no fondo do Val Miñor confírelle certa variedade de formas; por unha banda, participa da chaira pola que discorre o leito do río Miñor e, pola outra, da paisaxe montañosa, principalmente ó leste e ó sur, constituída pola serra do Galiñeiro e a plataforma amesetada entre esta e a serra da Groba, as cales encerran o val, que queda aberto ó oeste. A erosión diferencial e varios sistemas de fracturas son os principais factores que determinaron os trazos do relevo. O granito é a roca predominante sobre a que estes perfís se modelaron, se ben hai que distinguir dous tipos, que debido ás características da súa intrusión e ás transformacións que sufriron, teñen unha composición e un comportamento distintos. O granito de dúas micas sintectónico, contemporáneo da segunda fase do pregamento herciniano, conformado por grandes cristais de feldespato branco, microclina e plaxioclasa ácida, cuarzo e mica moscovita e biotita, que non presenta ningunha orientación, configura a masa máis importante da serra do Galiñeiro; polo resto, salvo ó oeste, onde aparece unha franxa de xistos metamórficos, esténdese un granito de dúas micas cunha certa orientación nos seus elementos e de gran máis fino có anterior, que non presentou tanta resistencia á erosión.

A maior parte dos montes do Galiñeiro, de orientación nor-nordeste/sur sureste, esténdese entre os 300 e os 600 metros de altitude e sería a prolongación occidental da superficie de erosión fundamental que se formou a finais do terciario e quedou illada do resto por unha serie de fracturas, das que a máis importante é a fosa de afundimento Padrón –Tui. Os seus puntos culminantes representan núcleos de resistencia a xeito de monte illa, atribuíbles á distinta composición de roca, xa que onde se alcanza a máxima altitude predomina unha roca moi ácida, como é o gneis de riebeckita. O contacto entre os dous tipos de granito delimita a serra, o que se observa claramente na súa parte occidental, onde á altura de Morgadáns a liña de contacto entre as dúas formacións guía o desnivel.

Entre as serras do Galiñeiro e da Groba esténdese a superficie amesetada de Chan do Cereixo (Donas) e Pinzas (concello de Tomiño), de 300 a 400 metros de altitude, de formas suaves e pendente escasa debido á intensa descomposición superficial das rochas. Queda enmarcada por dúas fracturas: unha ó leste, de dirección nor-noroeste/sur sureste, aproveitada polo curso superior do río da Groba, que cambia logo a súa dirección cara ó oeste servindo de límite entre os municipios de Gondomar e Baiona.

O centro do val forma unha planicie de 4 quilómetros de anchura, cuberta por materiais aluviais a base de grava e area de alta permeabilidade e pouco escorregadizos. Os solos predominantes son os podzólicos e as terras pardas ácidas e localízanse no centro do concello, na parte máis chá das parroquias de Gondomar, Vilaza, Chaín, Vincios, norte de Mañufe, Morgadáns, Peitieiros e Donas. Son os incluídos nos tipos Xove e Carballo, que se caracterizan por ter un dos graos de acidez máis baixos e desenvólvense sobre granito; os outros dous solos que ocupan maior extensión dentro do municipio son o tipo Samarugo e o Sargadelos, de maior acidez có anterior. O Sargadelos atópase en toda a vertente occidental do Galiñeiro ata chegar ó fondo do val.

Clima:

Presenta características similares ó das restantes Rías Baixas, se ben hai que destacar unha menor cantidade de precipitación anual, diminución que lle afecta sobre todo á época estival e que, unida á suavidade das temperaturas invernais, lle presta un matiz mediterráneo. Tanto dende o punto de vista das chuvias coma das temperaturas sucédense ó longo do ano dúas estacións contrastadas, o verán e o inverno, mentres que a primavera e o outono son as épocas de transición cara a unha e a outra, respectivamente. A media anual é de 14,5°C dende o seu valor mínimo en xaneiro (8,4°C) ascende gradualmente ata alcanza-los máximos nos meses de xullo e agosto (20,6°C e 20,2° C, respectivamente). O total da precipitación anual sitúase entre os 1.000 e os 1.100 mm. repartidos de forma bastante regular de outubro a maio, cun máximo en decembro-xaneiro e outro en marzo. Durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro o descenso é notable, polo que resulta un verán seco con menos de 100 mm.

O tempo fresco e chuvioso que caracteriza o inverno obedece á presenza da fronte polar e ás borrascas que traen os ventos do oeste, cargados de humidade despois de atravesar as masas oceánicas que penetran polo sudoeste. No inverno, cando o anticiclón continental europeo se prolonga ata a península asociado á aparición dunha borrasca no Atlántico norte con ventos do noroeste, prodúcense temperaturas baixas e chuvias que, como algo extraordinario, poden ser de neve nas zonas máis elevadas do Galiñeiro. A influencia deste anticiclón con tempo frío e en calma, xunto á irradiación nocturna e á humidade, é tamén causante das néboas, frecuentes no núcleo de Gondomar pola súa situación no fondo do val.

O tempo seco e cálido do verán é provocado pola existencia constante da área de altas presións dos Azores, que impide a penetración das borrascas nortatlánticas, aínda que é raro que non deixen nota-la súa presenza acompañadas de chuvias. As débiles precipitacións nos meses do verán e a elevación da temperatura favorecen a aparición de árbores tipicamente mediterráneas como o limoeiro e a laranxeira.

Hidrografía:

A arteria fluvial do concello constitúea o río Miñor, formado a partir da confluencia do Morgadáns e do río da Rasa, que descenden da vertente sudoccidental do Galiñeiro. En Gondomar úneselle pola dereita o seu principal afluente, o Zamáns, que descende do norte do monte Galiñeiro. O río Miñor ten 16 quilómetros de percorrido e é de réxime atlántico, cunha chea invernal de acordo coa época de maior pluviosidade. Aínda que non verte as súas augas ó Miñor, dentro da súa mesma cunca pódese incluí-lo río da Groba, que descende da serra do mesmo nome e desemboca na praia de Sabarís (Santa Cristina da Ramallosa, Baiona) cunha ruta de 8 quilómetros de curso encaixado e de pendente superior á do Miñor.

Vexetación:

A flora que tapiza o territorio municipal na actualidade é o resultado da acción antropóxena. O bosque clímax de carballos (*Quercus robur*) diminuíu coa introducción do castiñeiro e do piñeiro, de forma que hoxe é moi raro encontralo nesta zona formando bosques; aparecen exemplares soltos, nas beiras dos camiños e dos ríos, así como nas zonas onde mingua o coidado do piñeiral. O castiñeiro, un elemento importante noutras épocas na economía agraria, estaba xa en retroceso no concello a mediados do século XVIII, debido á extensión da área cultivada e á introducción do millo, e acelerouse a súa regresión no XIX ó ser atacados pola enfermidade da tinta. O piñeiro penetrou como variedade repoboadora a mediados do XVIII coa súa implantación nas devesas reais de Vincios, Chaín, Mañufe e Borreiros, ata chegar a converterse na actualidade na especie arbórea dominante. A eso contribuíu o seu rápido crecemento, as características da súa madeira e a súa utilización para replantalos montes comunais dende principios do século XX. Xunto ó piñeiro aparece o eucalipto (*eucalyptus globulus*) introducido máis tardiamente, e non alcanza aínda a extensión de aquel. A presenza destas dúas árbores transformou a matogueira e empobreceuna en especies, o que lle afectou á evolución dos solos producindo unha diminución do humus ó te-las súas follas unhas substancias que paralizan o metabolismo microbiano e empeoran os horizontes superficiais. No monte baixo as formacións vexetais dominantes son a agrupación das ericáceas, principalmente o breixo, que aparece moi limitada en especies, así como herbas de pequeno tamaño.

4.2. CONCELLO DE VIGO

Comarca metropolitana da provincia de Pontevedra, situada no sudoeste da comunidade galega. Limita ó norte coa bisbarra de Pontevedra, ó sur coa do Baixo Miño, ó oeste coa ría do mesmo nome, que a separa da comarca do Morrazo, e ó leste coas bisbarras pontevedresas da Paradanta e o Condado e a ourensá do Ribeiro. Intégrana os concellos de Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Soutomaior e Vigo, que en total ocupan unha extensión de 613,4 quilómetros cadrados. A cidade de Vigo, capital comarcal, é o referente laboral, comercial e administrativo por excelencia para toda a área; as vilas de Baiona, Redondela e o Porriño son subcentros económicos ós que se adscriben os termos máis próximos. Nigrán depende directamente de Vigo e Soutomaior resolve en Pontevedra os asuntos máis especializados.

Aspectos físicos:

A grande influencia que exerce a cidade de Vigo sobre unha considerable parte da provincia de Pontevedra fai que se adscriban a esta bisbarra municipios que polas súas características físicas son ben distintos e que, dende o punto de vista topográfico, pertencerían máis ben a outras comarcas. Así, Mos e O Porriño presentan trazos propios do Baixo Miño e forman parte da bisbarra natural da Louriña, xunto con Salceda de Caselas e Tui; mentres tanto Fornelos de Montes e Pazos de Borbén (dous dos termos máis montañosos desta grande área metropolitana) aseméllanse a concellos como A Lama, Cerceda ou Forcarei, que aínda que pertencen a distintas demarcacións administrativas, se poderían englobar nunha denominada Terra de Montes. Así mesmo, os termos de Baiona, Nigrán e Gondomar conforman a comarca natural do Val Miñor, con caracteres individualizados dentro da área viguesa. Do exposto infírese que a variedade paisaxística, pois mestúranse zonas litorais e prelitorais con amplos vales e zonas de montaña, é a nota predominante da bisbarra viguesa. Maila esta diversidade, non se producen grandes contrastes na morfoloxía, xa que a sucesión de relevos é bastante gradual. Dende a costa caro ó leste deste territorio vai aumentando a altura, previo paso por extensos vales que configuran as mencionadas comarcas naturais individualizadas. No extremo nororiental da bisbarra,

marcando o límite coa provincia ourensá, encóntrase a serra do Suído, que forma parte da dorsal meridiana e acada no termo de Fornelos de Montes alturas que roldan os 1.000 metros. Así mesmo, as serras do Galleiro e do Galiñeiro, que supoñen un considerable arqueo cara ó oeste respecto á do Suído e non superan os 750 metros, forman parte tamén dos lindes naturais da bisbarra; mentres tanto, ó sur aparece delimitada pola serra da Groba, que entre Baiona e Oia alcanza os 663 metros, a súa maior elevación. Esta serie de montañas acouta a zona de influencia da ría de Vigo, outra das grandes unidades xeomorfolóxicas desta área, que baña os termos de Soutomaior, Redondela, Vigo, Nigrán e Baiona. Na súa parte máis interna, a enseada de San Simón, que é Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, ademais de formar parte de Rede Natura 2000 como Lugar de Importancia Comunitaria (LIC), vén a ser en realidade un treito afundido da fosa meridiana que vai dende Carballo ata Tui. Antes de chegar a esta última localidade esta depresión atravesa Redondela, Mos e O Porriño, onde inclúe a zona pantanosa das Gándaras de Budiño, LIC e zona de interese arqueolóxico, pois trátase do xacemento emblemático do paleolítico en Galicia. Así mesmo, é a terraza aluvial máis representativa desta depresión que se completou no neoxeno cuaternario, etapa na que tamén se definiu a dirección da ría de Vigo. Resultado das fracturas que configuraron este accidente xeográfico son as distintas illas que alberga, algunhas tan destacadas como as Cíes, que forman parte do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas. Froito tamén da acción tectónica desta etapa son diferentes alturas residuais, que adoitan situarse entre os 300 e 500 metros. Ó lado destas encóntranse outros relevos residuais máis antigos, por exemplo o do Galiñeiro, que remite á era primaria e reflicte un longo proceso de erosión diferencial sobre o seu cume.

A variedade litolóxica débese tamén á acción exercida nos diferentes períodos xeolóxicos. Así, encóntranse materiais aluviais do cuaternario na enseada de San Simón, etapa na que tamén se produciu un proceso de acumulación entre Gondomar e Baiona, do cal derivou, despois dunha alteración química, a colmataxe da enseada baionesa. Preto desta, as marismas da Ramallosa, LIC dende o ano 2001, presentan un terreo de carácter lamacento, que na súa parte máis baixa está normalmente anegado polas mareas. Tamén pantanoso é o LIC das Gándaras de Budiño, onde os depósitos arxilosos e de area son predominantes. Contrastando con estes materiais encóntranse nun amplo espazo do centro da comarca gneises e diferentes tipos de

granito, dos cales o máis coñecido e explotado é o que comunmente se denomina granito rosa do Porriño, que se atopa ó longo de todo o val de Louro.

Rede Hidrográfica:

A ampla rede hidrográfica da bisbarra débese, igual que a heteroxeneidade do terreo, ó carácter movido do relevo. Son, pois, numerosos os cursos fluviais que regan esta zona, moitos deles de escasa entidade. Soutomaior e Fornelos de Montes, os dous termos que se sitúan máis ó norte, teñen como principais arterias fluviais os ríos Oitavén e Verdugo, que se unen en Soutomaior para desembocar xuntos na ría de Vigo, que máis ó sur recibe as augas doutros leitos da comarca. Ó seu paso por Fornelos de Montes o Oitavén é retido no encoro de Eiras, encargado de subministrarlle auga á cidade de Vigo, xunto coa presa de Zamáns e os mananciais de Beade-Bembrive. Outros ríos destacados dentro desta demarcación son o Louro, o Miñor, o da Groba, o Borbén, o Caselas ou o Lagares, así como o Miño, aínda que este só bañe directamente o extremo sur de Salceda de Caselas; non obstante, conta con tributarios como o Caselas e o Louro, que debido á súa drenaxe insuficiente, permite a formación de gándaras como as de Budiño. O grado de contaminación deste último é excesivo, debido a que recibe as augas residuais de diversas empresas e núcleos de poboación, e o seu curso viuse alterado polo trazado da A-52. Outro leito afectado polos vertidos contaminantes é o Lagares, a partir do cal se estende o val de Fragoso, outra das áreas naturais independentes dentro da bisbarra, por onde medrou a cidade de Vigo nos anos 60. Fóra dos límites municipais vigueses, outra zona de expansión de expansión residencial desta urbe, que ó mesmo tempo presenta unhas características físicas únicas, é que se articula en torno ó río Miñor, que no seu primeiro treito recibe o nome de Zamáns e discorre polo termo de Gondomar ata desembocar na praia de Sabarís (Baiona) establecendo antes o límite entre Gondomar e Nigrán.

Clima:

Debido á súa situación meridional dentro de Galicia, por un lado, e na área de influencia das Rías Baixas, polo outro, o clima vigués pódese cualificar de benigno. En xeral, toda a comarca se encadra dentro do dominio climático oceánico húmido, matizado por certo compoñente mediterráneo, dato que explica que na maior parte dos concellos se rexistre déficit hídrico no verán. Non obstante, nas áreas máis inmediatas ás diferentes serras que pechan a bisbarra polo leste as chuvias son máis abundantes e as temperaturas máis extremas. Isto nótase sobre todo en Fornelos de Montes, debido ó seu afastamento do mar e ás alturas acadadas na serra do Suído; de feito, esta xa se pode considerar unha zona de transición cara ó dominio climático oceánico de montaña. Maila isto, en casos extraordinarios tamén se pode ver neve noutro cumes destacados, como se pode ver noutros cumes destacados, como pode se-lo do Galiñeiro. A temperatura media anual dos concellos está en torno ós 14-15°C; tan só a de Fornelos de Montes se sitúa nos 12°C. Unha característica común ós vales que se forman na Louríña son as néboas.

Vexetación:

En consonancia con este clima de temperaturas amornadas polo mar, cultívanse en determinadas partes da zona, produtos de horta e árbores, como o limoeiro ou a laranxeira, máis propios do Mediterráneo. Pola contra, as especies arbóreas forestais autóctonas, que actualmente apenas teñen representación, foron substituídas sobre todo polo piñeiro e o eucalipto, agás nas ribeiras fluviais e nas gándaras, onde se encontran exemplares de ameneiros, bidueiros e outros de especies propias das fragas de ribeira; no espazo das Gándaras de Budiño atópanse xunto cunha vexetación de tipo acuático e de turbeira. Tamén a flora arbustiva da familia das ericáceas, común nos solos ácidos do Val Miñor, sufriu os efectos da reforestación. Nas áreas litorais destacan as formacións dunares en praias como a de Samil (Vigo) ou a América (Nigrán), as superficies lamacento-areentas cubertas por olgas na enseada de San Simón, as marismas da Ramallosa ou a conservación dos fondos mariños das illas Cíes e Estelas. A importancia vexetal e fáunica da maior parte destes lugares levou á súa inclusión en diferentes espazos protexidos.

5. PROXECTO DE INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA.

5.1. INVESTIGACIÓN PRELIMINAR.

5.1.1. Obxectivos:

- Caracterización xeográfica do ámbito no que se desenvolveron os traballos de intervención arqueolóxica.
- Aproximación a súa dinámica histórico-cultural.

5.1.2. Contidos:

- Consulta e revisión das Fichas de Catalogación existentes na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.
- Baleirado bibliográfico orientado a pescuda de referencias sobre calquera tipo de achados arqueolóxicos, así como de outros datos de orixe arqueolóxico histórico que posibilitaran o estudo da dinámica de ocupación do territorio.
- Consulta dos planos dispoñibles a distinta escala da zona de intervención así como das correspondentes fotografías aéreas.

5.2. TRABALLO DE CAMPO.

Una vez realizada a caracterización xeográfica e cultural do ámbito da intervención, o traballo de campo consistiu no **rastreo intensivo e superficial** da superficie de ampliación do parque empresarial, prestando especial atención a:

- Presencia en superficie de estruturas arqueolóxicas.
- Recoñecemento dos afloramentos pétreos existentes no ámbito de estudio á busca de posibles gravuras rupestres.
- Exame de perfís ou remocións no terreo que permitiran a detección de algún tipo de achado arqueolóxico.

5.2.1. Obxectivos:

- Detección, localización e catalogación dos xacementos arqueolóxicos e elementos de interese etnocultural afectados polas obras.
- Caracterización cronolóxico cultural dos elementos detectados.
- Análise das súas características estruturais para conseguir unha descrición que permita un rexistro axeitado e unha efectiva caracterización dos mesmos.
- Avaliación de impacto sobre os xacementos arqueolóxicos e elementos do patrimonio etnocultural e establecemento de medidas correctoras de impacto.

5.2.2. Contidos e metodoloxía:

- Prospección **superficial e intensiva** (rastreo intensivo) do ámbito de ampliación do parque empresarial (593.829,5 m²).
- Enquisa etnográfica.
- Estudio toponímico.
- Localización dos elementos atopados sobre a cartografía base do Proxecto de Obra.
- Avaliación e descrición do impacto das obras proxectadas sobre os xacementos arqueolóxicos e elementos do patrimonio etnográfico localizados no decurso dos traballos así como o establecemento de medidas correctoras sobre aqueles elementos que se vexan afectados polas obras.
- Rexistro fotográfico de tódolos elementos documentados.

6. RESULTADOS.

A metodoloxía descrita no capítulo 5 do presente documento, permitiu a detección e rexistro de 3 xacementos arqueolóxicos e 4 elementos do patrimonio cultural dentro do perímetro do novo parque e nos seus arredores.

Xacementos Arqueolóxicos:

GA 36057073: Mámoa de Gándara (Valadares, Vigo)

GA 36057072: Petroglifos de Gándara (Valadares, Vigo)

XA-3: Petroglifo de A Fervenza (Vincios, Gondomar)

Elementos do patrimonio cultural:

M1 Muíño da Fervenza 1 (Vincios, Gondomar)

M2 Muíño da Fervenza 2 (Vincios, Gondomar)

M3 Muíño da Fervenza 3 (Vincios, Gondomar)

P1 Pontella da Fervenza (Vincios, Gondomar)

Tal e coma se pode observar nos planos adxuntos e foto aérea presentados o polígono atópase na actualidade en gran parte urbanizado existindo parcelas espalladas dentro do seu perímetro baleiras adicadas a monte en estado de seme abandono, cubertas por unha densa vexetación e monte baixo moi mesto polo que a prospección en moitas destas parcelas tivo un carácter obrigatoriamente moi limitado, feito que consideramos importante destacar á vista dos xacementos arqueolóxicos documentados ó redor dos límites do polígono, asunto que será retomado no seguinte capítulo da presente memoria.

A continuación desenvolveremos unha ficha de catálogo na que se incluírán os datos necesarios para unha correcta identificación de cada un dos elementos considerados, a descrición das súas características etnohistóricas máis destacables e o impacto das obras proxectadas. A información organízase do seguinte xeito:

1. IDENTIFICACIÓN DO XACEMENTO.

Código de identificación: nome dado no traballo ó elemento para a súa correcta identificación no plano de emprazamento dos xacementos e código co que figuran os elementos arqueolóxicos no Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Xunta de Galicia.

Denominación:

Rango de protección: Indica o grado de protección do elemento, unha vez catalogado, segundo a lei 8/1995, do 30 de outubro do Patrimonio Cultural de Galicia. Art. 1.3; Cap. I, Art. 8 y Cap.II Art. 17

2. LOCALIZACIÓN.

Lugar, parroquia, concello e provincia: nos que se empraza o elemento considerado.

Coordenadas U.T.M.

Asentamento fisiográfica: descrición xeomorfolóxica do entorno inmediato do elemento considerado.

3. DESCRICIÓN.

Adscrición cultural: Define cronoculturalmente o xacemento arqueolóxico.

Adscrición tipolóxica: Especifica as súas características configurativas.

Descrición do xacemento: Relación pormenorizada das estruturas apreciadas en superficie.

Estado de conservación: Establece o estado actual do xacemento, describindo as alteracións sufridas.

4. IDENTIFICACIÓN DE IMPACTO.


Estructura proxectada causante do impacto: Fai referencia ó sector da obra que incide de algún xeito sobre os elementos arqueolóxicos.

Distancia do elemento catalogado ó trazado de impacto: Aparece reflectido en metros medidos a partires das estruturas máis externas do Ben catalogado.

Tipo de impacto. Define o impacto previsto segundo o Real Decreto 111/1988, de 30 de setembro, de *Avaliación de Impacto Ambiental*, en *crítico*, *severo*, *moderado* e *compatible*.

5. REFERENCIA GRÁFICA

Estudio de Impacto sobre o Patrimonio Cultural Polígono Industrial de A Pasaxe. Vigo-Gondomar (Pontevedra)

FICHA CATALOGO	ELEMENTO: XA 1	ELEMENTO ARQUEOLÓXICO	CÓDIGO: GA 36057073
<p>Denominación elemento Mámoa de Gándara</p> <p>Tipoloxía Túmulo</p> <p>Adscripción cultural Neolítico</p> <p>Lugar As Gándaras</p> <p>Parroquia/Concello/Provincia Valadares/ Vigo/ Pontevedra</p>			
<p>Características</p> <p>Túmulo bastante alterado debido a actividades de repoblación sobre todo no sector leste. Ten unhas medidas de 18 m (eixo N-S) por 18 m. (eixo E-W), unha altura de 0,80 m. e presenta un amplo burato de violación (5 m. de diámetro aprox.)</p>			
<p>Situación e estado de conservación</p> <p>Chaira sobre o rego Zamáns</p> <p>Coordenadas UTM: 523308 4667590</p> <p>Estado de conservación: malo.</p>			
<p>Figura de Protección</p> <p>PXOM Vigo</p>			
<p>Calificación de Impacto</p> <p>Elemento causante da afección: Parcelas P1.35 e P1.39</p> <p>Distancia ó elemento documentado: 26 m.-25 m.</p> <p>Tipo de impacto: moderado.</p>			
			

FICHA CATALOGO **ELEMENTO: XA 2** **ELEMENTO ARQUEOLÓXICO** **CÓDIGO: GA 36057072**

Denominación elemento	Petroglifos de Gándara
Tipoloxía	Representación gráfica ó aire libre
Adscripción cultural	Idade do Bronce/Idade Media
Lugar	As Gándaras
Parroquia/Concello/Provincia	Valadares/ Vigo/ Pontevedra



Características	Trátase dun conxunto de rochas (algúns autores citan 9 grupos) localizadas na cume dun outeiro, nas que poden observarse os seguintes motivos: coviñas de distintos tamaños, figuras cuadrangulares de esquinas redondeadas (naalgúns casos con coviñas no seu interior), círculos simples e combinacións de círculos concéntricos con coviña central, cruciformes e diversos motivos de complicada lectura.
------------------------	--

Situación e estado de conservación	Cume dun outeiro Coordenadas UTM: 523075 4667770 Estado de conservación: regular.
---	---

Figura de Protección	PXOM Vigo
-----------------------------	-----------

Calificación de Impacto	Elemento causante da afección: camiño norte Distancia ó elemento documentado: 30 m. Tipo de impacto: compatible.
--------------------------------	--

FICHA CATALOGO **ELEMENTO: XA 3** **ELEMENTO ARQUEOLÓXICO** **CÓDIGO: XA-3**

Denominación elemento	Petroglifo de A Fervenza
Tipoloxía	Representación gráfica ó aire libre
Adscripción cultural	Indeterminado
Lugar	A Fervenza
Parroquia/Concello/Provincia	Vincios/ Gondomar/Pontevedra





Características	Nun afloramento granítico de 2 x 1,60 m. e un alto de 0,70 m. aparecen a lo menos 8 sulcos en U con diferentes orientacións.
------------------------	--


Situación e estado de conservación	Chaira ó este do río Zamáns. Coordenadas UTM: 522578 / 4667053 Estado de conservación: regular
---	--


Figura de Protección	
-----------------------------	--

Calificación de Impacto	Elemento causante da afección: Parcela P2.3 Distancia ó elemento documentado: 53 m. Tipo de impacto: moderado.
--------------------------------	--

FICHA CATALOGO	ELEMENTO: M 1	ELEMENTO ETNOGRÁFICO	CÓDIGO: M-1
			
Denominación elemento	Muiño 1 da Fervenza		
Tipoloxía	Muiño		
Adscripción cultural	Contemporánea		
Lugar	A Fervenza		
Parroquia/Concello/Provincia	Vincios/ Gondomar/Pontevedra		
Características	Muiño de planta rectangular con muros formados principalmente por cachote granítico de bo tamaño. Tellado a unha auga sen cuberta.		
Situación e estado de conservación	Beira este do río Zamáns. Coordenadas UTM: 522737 / 4667024 Estado de conservación: malo		
Figura de Protección			
Calificación de Impacto	Elemento causante da afección: Parcela P 21 Distancia ó elemento documentado: 42 m. Tipo de impacto: compatible.		

FICHA CATALOGO	ELEMENTO: M 2	ELEMENTO ETNOGRÁFICO	CÓDIGO: M-2
			
Denominación elemento	Muiño 2 da Fervenza		
Tipoloxía	Muiño		
Adscripción cultural	Contemporánea		
Lugar	A Fervenza		
Parroquia/Concello/Provincia	Vincios/ Gondomar/Pontevedra		
Características	Muiño de planta rectangular con muros formados principalmente por cachote granítico de bo tamaño. Tellado a dúas augas sen cuberta.		
Situación	Beira noroeste do río Zamáns Coordenadas UTM: 522733 / 4666995 Estado de conservación: malo		
Figura de Protección			
Calificación de Impacto	Elemento causante da afección: Parcela P21 Distancia ó elemento documentado: 42 m. Tipo de impacto: compatible.		

FICHA CATÁLOGO	ELEMENTO: M 3	ELEMENTO ETNOGRÁFICO	CÓDIGO: M-3
			
Denominación elemento Muiño 3 da Fervenza			
Tipoloxía Muiño			
Adscrición cultural Contemporánea			
Lugar A Fervenza			
Parroquia/Concello/Provincia Vincios/ Gondomar/Pontevedra			
Características			
Muiño de planta rectangular con muros formados principalmente por cachote granítico de bo tamaño. Tellado a unha auga sen cuberta.			
Situación e estado de conservación			
Beira norte do río Zamáns			
Coordenadas UTM: 522700/ 4666980			
Estado de conservación: malo			
Figura de Protección			
Calificación de Impacto			
Elemento causante da afección: Parcela P21			
Distancia ó elemento documentado: 33 m.			
Tipo de impacto: compatible.			

FICHA CATÁLOGO	ELEMENTO: ETN-1	ELEMENTO ETNOGRÁFICO	CÓDIGO: ETN-1
			
Denominación elemento Pontella da Fervenza			
Tipoloxía pontella			
Adscrición cultural indeterminada			
Lugar A Fervenza			
Parroquia/Concello/Provincia Vincios/ Gondomar/Pontevedra			
Características			
Pontella formada por bloques de granito de factura rectangular con unhas dimensións de 5 x 2 metros.			
Situación e estado de conservación			
Río Zamáns.			
Coordenadas UTM: 522832/4667162			
Estado de conservación: bo.			
Figura de Protección			
Calificación de Impacto			
Elemento causante da afección: Parcelas P24 e P2.6			
Distancia ó elemento documentado: 28 m.			
Tipo de impacto: moderado.			

7. RESULTADOS.

7.1. Investigación preliminar:

Formando parte do traballo previo de documentación, ademais da bibliografía xenérica e específica, foron consultados os arquivos existentes na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia (Inventario de Xacementos Arqueolóxicos) así como as Normas de planeamento dos concellos afectados.

Concello de Vigo: PXOM (16/05/2008)

Concello de Gondomar: PXOM (11/09/1997)

7.2. Proposta de Medidas Correctoras Xenéricas e programa de actuación arqueolóxica.

Previamente ó inicio das obras, será necesario deseñar un programa específico de actuación arqueolóxica que se elaborará segundo o especificado no Decreto 62/1989, do 31 de marzo polo que regúlase a actividade arqueolóxica na comunidade autónoma de Galicia e que será debidamente autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Este proxecto debe contemplar as seguintes actuacións para todos os elementos documentados no ámbito do novo parque empresarial:

- Os elementos arqueolóxicos e do patrimonio cultural deberán ser recollidos no plano de obra.
- Previamente ó inicio das obras, e sempre que sexa posible, se sinalizarán e balizarán os elementos de tal xeito que súas estruturas aparezan delimitadas con suficiente claridade co obxecto de impedir a súa destrución por un movemento incontrolado da maquinaria. A sinalización se realizará con materiais duradeiros pero o suficientemente flexibles como para permitir o retorno ás condicións anteriores, evitando calquera agresión directa sobre os elementos.

Esta sinalización supón a prohibición de realizar na superficie acoutada ningunha actividade relacionada coa obra (instalacións de calquera tipo, acopios ou depósitos de terras ...).

O balizado e sinalización dos elementos será executado baixo a dirección dun arqueólogo convenientemente autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

- Aplicación das medidas correctoras específicas deseñadas para os elementos detectados no presente estudio de impacto. ver na presente memoria apart. 7.3. cualificación de impacto e proposta de medidas correctoras específicas.

- Previamente ó inicio das obras o equipo arqueolóxico encargado dos traballos de seguimento e control arqueolóxico das obras manterá unha reunión con Xefe de Obra co fin de informar da localización exacta dos elementos así como das medidas correctoras establecidas.
- Seguimento e control arqueolóxico dos traballos de desbroce e primeira limpeza dos terreos. O seu obxectivo é o de facilitar a detección de elementos que non puideron ser localizados durante o traballo de campo previo á presente memoria, para así proceder a redactar novas medidas correctoras que garanten a súa conservación. Esta medida é de singular importancia xa que coma dixemos no capítulo anterior no interior do perímetro do polígono existen parcelas espalladas baleiras adicadas a monte en estado de semente abandono, cubertas por unha densa vexetación e monte baixo moi mesto, polo que a prospección en moitas destas parcelas tivo un carácter obrigatoriamente moi limitado e polo tanto no intre da limpeza poden aparecer novos restos arqueolóxicos non detectados na fase previa de prospección.
- Seguimento e control arqueolóxico discontinuo dos desmontes e remocións previstas.
- Si durante a execución dos traballos, ou durante a fase previa de limpeza e desbroce, fosen detectados novos elementos arqueolóxicos ou do patrimonio cultural, pararanse as obras no sector afectado e será necesario proceder a definir estratexias técnicas e arqueolóxicas que garantan a salvagarda dos bens e que deberán ser aprobadas pola Dirección Xeral de Patrimonio.
- Os traballos de control e seguimento arqueolóxico serán realizados por parte de un equipo de arqueólogos debidamente autorizados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Asemade do programa xenérico de corrección de impacto teranse en conta as Normas de Planeamento Municipal dos concellos afectados.

7.3. Cualificación de Impacto e Medidas Correctoras Específicas:

Impacto moderado:

As obras deseñadas teñen un impacto moderado sobre dos elementos arqueolóxicos e un elemento etnográfico:

ELEMENTOS ARQUEOLÓXICOS:

XA-3: PETROGLIFO DE A FERVENZA (VINCICIOS, GONDOMAR)

Estrutura mais preto do elemento: Parcela P2.3.

Distancia ó elemento: 53 m.

Medidas correctoras:

Considerase un impacto moderado ó atoparse o petroglifo fora do perímetro do parque, existindo entre a chaira onde se localiza o Ben e as naves do Polígono unha diferenza de cota de +45 m. Así mesmo a parcela máis próxima ó mesmo, trátase dunha parcela existente con unha nave industrial en explotación, onde segundo fomos informados polo equipo redactor do proxecto de ordenación non está previsto ningún movemento de terras. De tódolos xeitos considerase imprescindible que durante a execución das obras o petroglifo se atope correctamente balizado e sinalizado, aplicándose o programa xenérico de corrección de impacto.

GA 36057073: MÁMOA DE GÁNDARA (VALADARES, VIGO)

Estrutura mais preto do elemento: Parcelas P 1.35 e P1.39

Distancia ó elemento: 26-25 m.

Aínda que a distancia entre o túmulo e as parcelas é moi reducida considerase un impacto moderado por varios motivos:

O túmulo atópase fora do perímetro do parque.

A parcela P1.39 (25 m.) atópase fora do ámbito de protección do túmulo segundo se recolle do PXOM en vigor no concello de Vigo.

A parcela P1.35 (26 m.) xa existe na actualidade.

O túmulo atópase nun entorno totalmente urbanizado, entre un cruce de estradas, discorrendo a 12 m. ó oeste do mesmo unha delas e outra a 19 m. polo norte e unha rotodonda de recente construción a 27 m. ó norte.

Medidas correctoras:

De tódolos xeitos será necesario un control e seguimento arqueolóxico continuo e presencial das obras de urbanización que sexan efectuadas na parcela P1.35 (viais, gabias, etc.) e no sector norte da parcela P.1.34 ó atoparse ambas dentro do perímetro de protección do túmulo segundo se recolle no PXOM en vigor no concello de Vigo (grafiado en plano adxunto anexo 3)

O túmulo estará perfectamente balizado durante a execución das obras.

ELEMENTO ETNOGRÁFICO:

P1 PONTELLA DA FERVENZA (VINCICIOS, GONDOMAR)

Estrutura mais preto do elemento: Parcelas P 24 e P 2.6

Distancia ó elemento: 28 m.

Aínda que a distancia entre a parcela e o elemento é moi pequena, considerase un impacto moderado ó existir na parcela P2.6 xa unha nave que se atopa a 35 m. do elemento, é dicir atópase nun entorno urbanizado e bastante degradado.

Medidas correctoras:

A pontella deberá estar perfectamente balizada durante a execución das obras que se leven a cabo para a ampliación e urbanización das parcelas causantes da afección.

Impacto compatible:

As obras deseñadas teñen un impacto compatible sobre 1 elemento arqueolóxico 3 elementos etnográficos e para todos eles será de aplicación o programa xenérico de corrección de impacto deseñado no apartado 7.2 do presente documento:

ELEMENTO ARQUEOLÓXICO:

GA 36057072: PETROGLIFOS DE GÁNDARA (VALADARES, VIGO)

Estrutura mais preto do elemento: Camiño norte

Distancia ó elemento: 30 m.

Aínda que a distancia entre a estación rupestre e as obras é moi reducida considerase un impacto compatible dado que esta atópase fora do perímetro do parque e tódalas obras deseñadas en relación ó polígono serán efectuadas fora do seu ámbito de protección establecido no PXOM en vigor no concello de Vigo (grafiado en plano anexo 3).

ELEMENTOS ETNOGRÁFICOS:

M1 MUÍÑO DA FERVENZA 1 (VINCOS, GONDOMAR)

Estrutura mais preto do elemento: Parcela P 21

Distancia ó elemento: 42 m.

M2 MUÍÑO DA FERVENZA 2 (VINCOS, GONDOMAR)

Estrutura mais preto do elemento: Parcela P 21

Distancia ó elemento: 42 m.

M3 MUÍÑO DA FERVENZA 3 (VINCOS, GONDOMAR)

Estrutura mais preto do elemento: Parcela P 21

Distancia ó elemento: 33 m.

Considerase un impacto compatible dado que, aínda que a parcela P21 se sitúa no ámbito de protección dos muíños (50 m.) trátase dunha parcela existente que neste sector non será ampliada. Así mesmo os muíños localízanse no espacio dedicado a zona verde do parque empresarial.

Porto do Son, abril de 2009.



Asdo.: *Manuela Pérez Mato.*

8. ANEXOS

Anexo 1:

Plano: Situación e área de prospección arqueolóxica.

Anexo 2:

Plano ordenación.

Anexo 3:

Plano de situación dos elementos arqueolóxicos e do patrimonio cultural.

Anexo 4:

Plano topográfico.

Anexo 5:


Foto aérea.

Anexo 6:


Documentación:

Anexo 1:

Plano 1: Situación e área de prospección arqueolóxica.



Anexo 2:
[Plano ordenación.](#)




	Ordenanza 1
	Ordenanza 2
	Ordenanza 3
	Equipamentos
	Parcelas aparcadoiro
	Parcelas aparcadoiro

REV.	DATA	OBXECTO REVISION	REALIZADO	COMPROBADO
PROMOTOR: XESTUR PONTEVEDRA S.A.				
PROXECTO: PROXECTO SECTORIAL DO POLIGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE (GONDOMAR)				
CONSULTOR:		AUTORES DO PROXECTO:		
TITULO DO PLANO: ORDENACIÓN PROPOSTA. BORRADOR 1		ESCALA: A1 1:2.000 A3 1:4.000	DATA: DECEMBRO 2.008	
		Nº PLANO:	FOLLA <u>1</u> DE <u>1</u>	


Anexo 3:

[Plano de situación dos elementos arqueolóxicos e do patrimonio cultural.](#)



- MUIÑO
- PONTELLA
- ✱ PETROGLIFO
- TÚMULO
- AREAS DE PROTECCIÓN ENÉRICA
- AREA DE PROTECCIÓN P. OM VIGO
- ONA 1.1 E. ISTENTE ALTA DENSIDADE
- ONA 1.1 E. ISTENTE BAI. A DENSIDADE
- ONA 1.3 NOVA IMPLANTACIÓN
- ONA 1.4 NOVA IMPLANTACIÓN ALTA DENSIDADE
- EQUIPAMENTO
- ONA VERDE
- ONA VERDE NON COMPUTABLE
- RESERVA INFRAESTRUTURAS
- APARCAMENTO
- VIARIO PÚBLICO
- SISTEMA LOCAL VIARIO
- DELIMITACIÓN DO ÁMBITO








petroglifo inédito

- MUIÑO
- PONTELLA
- ✱ PETROGLIFO
- TÚMULO
- AREAS DE PROTECCIÓN ENÉRICA
- AREA DE PROTECCIÓN P. OM VIGO
- ONA 11 E ISTENTE ALTA DENSIDADE
- ONA 1 E ISTENTE BAI A DENSIDADE
- ONA 13 NOVA IMPLANTACIÓN
- ONA 14 NOVA IMPLANTACIÓN ALTA DENSIDADE
- E UIPAMENTO
- ONA VERDE
- ONA VERDE NON COMPUTABLE
- RESERVA INFRAESTRUTURAS
- APARCAMENTO
- VIARIO PÚBLICO
- SISTEMA ERAL VIARIO
- DELIMITACIÓN DO ÁMBITO










Anexo 4:
Plano topográfico.



Anexo 5:
[Foto aérea.](#)



Anexo 6:
Documentación

Intervención Arqueolóxica: Prospección Arqueolóxica Intensiva

Enderezo: Polígono Industrial de A Pasaxe Gondomar-Vigo (Pontevedra)

Código: CD 102A 2009/049-0

Manuela Pérez Mato, en calidade de arqueóloga directora do **Estudio de Impacto sobre o Patrimonio Cultural (Prospección Arqueolóxica Intensiva)** da área afectada polas obras do Polígono Industrial de A Pasaxe Gondomar-Vigo (Pontevedra)

INFORMA:

Que durante a prospección non foi detectado material arqueolóxico.

Porto do Son, maio de 2009.



Asdo: *Manuela Pérez Mato.*